- A extensión da rede pública de escolas infantís e que supuxo que desde 2009 se duplicasen as prazas de 0 a 3 anos, ata situarse hoxe nas 25.000 prazas;
- A aprobación da gratuidade na educación infantil para os segundos fillos e sucesivos;
- Ou a elaboración da primeira Estratexia Retorna do país, que logrou o regreso de 20.000 galegos á comunidade nos últimos tres anos.

Pola súa banda a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade informa que a Axencia Galega de Infraestruturas é o órgano administrativo da Xunta de Galicia encargado de xestionar integramente toda a infraestrutura viaria da Rede de Estradas da Comunidade Autónoma Galega (Raega), tanto coa construción de novas estradas coma con actividades de conservación, mellora e seguridade viaria das xa existentes.

Todas estas actuacións en materia de estradas axudan a vertebrar o territorio, a manter a súa cohesión así coma a dar maiores oportunidades ás persoas que o habitan.

En concreto, para as zonas rurais son especialmente importantes as obras e proxectos de acondicionamento de estradas que está a promover a AXI, como poden ser, nestes momentos, o acondicionamento da estrada LU-651 ou a LU-540 en Lugo; da PO-230, PO-235 ou PO-234 en Pontevedra; da OU-540 en Ourense, ou da AC-862 ou AC-566 na Coruña.

Por outra banda, as vías de alta capacidade achegan á maior parte da poboación á rede principal de transportes, coas conseguíntes oportunidades económicas que disto se derivan. Para as zonas rurais, destacar nos últimos tempos o desenvolvemento e impulso de actuacións como a autovía Carballo – Baio e a súa prolongación, a autovía de Celanova ou a VAP Costa Norte na que se sigue a traballar.

Para a vertebración e mellora da competitividade do territorio é necesario que tamén o Goberno español se comprometa no avance de eixes de comunicación fundamentais para o rural galego como a A-54 Santiago – Lugo, a A-56 Lugo – Ourense ou a A-76 Ourense – Ponferrada.

Ademais, a posta en marcha do Plan de Transporte Público de Galicia, que a Xunta vén de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:54:45
Nº Rexistro: 17827
Data envío: 02/07/2021 13:54:45.278

culminar, permite mellorar as prestacións do transporte público e, polo tanto, facilita e mellora a mobilidade de todos os galegos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:54:45
Nº Rexistro: 17827
Data envío: 02/07/2021 13:54:45.278

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:54:41

CSV: BOPGDSPGAAyINpVWn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 12:17:51
Nº Rexistro: 17772

Data envío: 01/07/2021 12:17:51.564

Data 01/07/2021 12:17

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 692**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios seguidos pola Axencia Turismo de Galicia para o asinamento de convenios de colaboración con determinados concellos galegos durante a X lexislatura”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental do sector público autonómico creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago. Entre as súas funcións e competencias á Axencia correspóndelle executar as actuacións de desenvolvemento, potenciación e promoción do turismo na nosa Comunidade Autónoma, o que se engloba no seu programa de gasto 761A ‘potenciación e promoción do turismo’.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 12:17:51
Nº Rexistro: 17772
Data envío: 01/07/2021 12:17:51.564

O Consello da Xunta, na súa reunión do 23 de marzo de 2017 aprobou o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020, contando co informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020, tendo en conta as necesidades dos axentes de distintos ámbitos da cadea de valor do sector turístico galego.

Partindo dos retos e liñas estratéxicas e obxectivos marcados na Estratexia do Turismo 2020 e tendo en conta o ámbito competencial desta Axencia Turismo de Galicia, defínense os criterios para o outorgamento directo de subvencións, a través da subscripción de convenios de colaboración, por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, e outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Entidade do recurso turístico sobre o que se vai a actuar: afluencia, etc
 - Localización do recurso turístico: si está en municipios declarados de interese turístico.
 - A localización do recurso turístico nas rutas do Camiño de Santiago, ou en concellos limítrofes.
 - O número de habitantes do Concello, con prioridade a concellos máis pequenos.
 - Repercusión do orzamento do proxecto concello con respecto aos orzamentos municipais.
 - Impulso da creación do produto en torno as festas de interese turístico.
 - Conservación e mantemento dos Camiños de Santiago e mellora de recursos turísticos de cara a excelencia do servizo ao peregrino.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 12:17:51
Nº Rexistro: 17772
Data envío: 01/07/2021 12:17:51.564

- Impulso a ordenación territorial turística de Galicia.Xeodestinos
- Vertebración e potenciación do movemento asociativo como fortalecemento da cadea de valor do sector turístico de Galicia.
- Fortalecemento da cidade de Santiago como meta da ruta Xacobeas.

Baixo estas liñas estratéxicas e criterios definidos para levalas a cabo, establécense os convenios asinados con Colectivos do sector do turismo de Galicia, Concellos, ca USC, asociacións encargadas do desenvolvemento de festas declaradas de interese turístico, Xeodestinos, etc.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 12:17:51
Nº Rexistro: 17772
Data envío: 01/07/2021 12:17:51.564

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/07/2021 12:17:47

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:55:01
Nº Rexistro: 17829

Data envío: 02/07/2021 13:55:01.481

Data 02/07/2021 13:34

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 1976**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020”**, (publicada no BOPG número 20 do 23 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A loita contra o reto demográfico ocupa un lugar prioritario na axenda do Goberno galego, tal e como demostra a recente aprobación da primeira Lei de Impulso Demográfico de España.

Unha normativa feita para perdurar, que recolle medidas transversais para abordar o reto demográfico desde os distintos ámbitos. E para a que se prevé un investimento anual de 800 millóns de euros.

A Lei de Impulso Demográfico actúa en todos os ámbitos nos que ten impacto a demografía, tales como o apoio ás familias e á xuventude, o impulso do emprego e o coidado e promoción do medio rural.

Coa Lei dáse amparo legal a novas medidas demográficas e blíndanse todos os avances acadados en Galicia. Melloras que se concretan en iniciativas como:

- A chegada da Tarxeta Benvida a preto de 67.000 fogares para axudalos na crianza das súas fillas e fillos;



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:55:01
Nº Rexistro: 17829
Data envío: 02/07/2021 13:55:01.481

- A posta en marcha neste 2021 dun centenar das casas niño en municipios do rural para facilitar a conciliación;
- Ou as casas do maior, pequenos centros de día para os nosos maiores no rural;
- A extensión da rede pública de escolas infantís e que supuxo que desde 2009 se duplicasen as prazas de 0 a 3 anos, ata situarse hoxe nas 25.000 prazas;
- A aprobación da gratuidade na educación infantil para os segundos fillos e sucesivos;
- Ou a elaboración da primeira Estratexia Retorna do país, que logrou o regreso de 20.000 galegos á comunidade nos últimos tres anos.

Pola súa banda a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade informa que a Axencia Galega de Infraestruturas é o órgano administrativo da Xunta de Galicia encargado de xestionar integramente toda a infraestrutura viaria da Rede de Estradas da Comunidade Autónoma Galega (Raega), tanto coa construción de novas estradas coma con actividades de conservación, mellora e seguridade viaria das xa existentes.

Todas estas actuacións en materia de estradas axudan a vertebrar o territorio, a manter a súa cohesión así coma a dar maiores oportunidades ás persoas que o habitan.

En concreto, para as zonas rurais son especialmente importantes as obras e proxectos de acondicionamento de estradas que está a promover a AXI, como poden ser, nestes momentos, o acondicionamento da estrada LU-651 ou a LU-540 en Lugo; da PO-230, PO-235 ou PO-234 en Pontevedra; da OU-540 en Ourense, ou da AC-862 ou AC-566 na Coruña.

Por outra banda, as vías de alta capacidade achegan á maior parte da poboación á rede principal de transportes, coas conseguíntes oportunidades económicas que disto se derivan. Para as zonas rurais, destacar nos últimos tempos o desenvolvemento e impulso de actuacións como a autovía Carballo – Baio e a súa prolongación, a autovía de Celanova ou a VAP Costa Norte na que se sigue a traballar.

Para a vertebración e mellora da competitividade do territorio é necesario que tamén o Goberno español se comprometa no avance de eixes de comunicación fundamentais para o rural galego como a A-54 Santiago – Lugo, a A-56 Lugo – Ourense ou a A-76 Ourense – Ponferrada.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:55:01
Nº Rexistro: 17829
Data envío: 02/07/2021 13:55:01.481

Ademais, a posta en marcha do Plan de Transporte Público de Galicia, que a Xunta vén de culminar, permite mellorar as prestacións do transporte público e, polo tanto, facilita e mellora a mobilidade de todos os galegos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:55:01
Nº Rexistro: 17829
Data envío: 02/07/2021 13:55:01.481

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:54:57

CSV: BOPGDSPGAaYINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1522**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao Concello de Cerdedo-Cotobade no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura”**, (publicada no BOPG número 16 do 17 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Rexistro de Convenios regúlase polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo (DOG núm. 149, do 3 de agosto) e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), e pretende ser un elemento de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Administración autonómica galega.

Nesta páxina <https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/convenios/rexistro> ponse a disposición da cidadanía a posibilidade de consultar a base de datos dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, tanto da presente lexislatura como de lexislaturas anteriores, motivo polo que se poden efectuar buscas dos convenios polos nomes das actuais consellerías ou polos de anteriores estruturas organizativas.

Ademais o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Diario Oficial de Galicia núm. 30, do 15 de febreiro) impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios subscritos no cuadrimestre anterior, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio y setembro de cada ano.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17841

Data envío: 02/07/2021 14:02:52.044

A publicación dos convenios dos últimos 2 cuadrimestres están publicadas no DOG mediante as seguintes resolucións:

- RESOLUCIÓN do 19 de maio de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o primeiro cuadrimestre do ano 2020 (DOG Núm. 203 Mércores, 7 de outubro de 2020 Páx. 38636)

- RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería durante o segundo cuadrimestre do ano 2020 (DOG Núm. 203 Mércores, 7 de outubro de 2020 Páx. 38636)

A próxima publicación dos convenios subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2020 farase entre o 1 e 10 de xaneiro de 2021”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17841
Data envío: 02/07/2021 14:02:52.044

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 14:02:48

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:54:53
Nº Rexistro: 17828

Data envío: 02/07/2021 13:54:53.325

Data 02/07/2021 13:54

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1977**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, e a execución orzamentaria de cada unha das catro estratexias definidas nese obxectivo, así como dos principios horizontais”**, (publicada no BOPG número 19 do 22 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A loita contra o reto demográfico ocupa un lugar prioritario na axenda do Goberno galego, tal e como demostra a recente aprobación da primeira Lei de Impulso Demográfico de España.

Unha normativa feita para perdurar, que recolle medidas transversais para abordar o reto demográfico desde os distintos ámbitos. E para a que se prevé un investimento anual de 800 millóns de euros.

A Lei de Impulso Demográfico actúa en todos os ámbitos nos que ten impacto a demografía, tales como o apoio ás familias e á xuventude, o impulso do emprego e o coidado e promoción do medio rural.

Coa Lei dáse amparo legal a novas medidas demográficas e blíndanse todos os avances acadados en Galicia. Melloras que se concretan en iniciativas como:

- A chegada da Tarxeta Benvida a preto de 67.000 fogares para axudalos na crianza das súas fillas e fillos;



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:54:53
Nº Rexistro: 17828
Data envío: 02/07/2021 13:54:53.325

- A posta en marcha neste 2021 dun centenar das casas niño en municipios do rural para facilitar a conciliación;
- Ou as casas do maior, pequenos centros de día para os nosos maiores no rural;
- A extensión da rede pública de escolas infantís e que supuxo que desde 2009 se duplicasen as prazas de 0 a 3 anos, ata situarse hoxe nas 25.000 prazas;
- A aprobación da gratuidade na educación infantil para os segundos fillos e sucesivos;
- Ou a elaboración da primeira Estratexia Retorna do país, que logrou o regreso de 20.000 galegos á comunidade nos últimos tres anos.

Pola súa banda a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade informa que a Axencia Galega de Infraestruturas é o órgano administrativo da Xunta de Galicia encargado de xestionar integramente toda a infraestrutura viaria da Rede de Estradas da Comunidade Autónoma Galega (Raega), tanto coa construción de novas estradas coma con actividades de conservación, mellora e seguridade viaria das xa existentes.

Todas estas actuacións en materia de estradas axudan a vertebrar o territorio, a manter a súa cohesión así coma a dar maiores oportunidades ás persoas que o habitan.

En concreto, para as zonas rurais son especialmente importantes as obras e proxectos de acondicionamento de estradas que está a promover a AXI, como poden ser, nestes momentos, o acondicionamento da estrada LU-651 ou a LU-540 en Lugo; da PO-230, PO-235 ou PO-234 en Pontevedra; da OU-540 en Ourense, ou da AC-862 ou AC-566 na Coruña.

Por outra banda, as vías de alta capacidade achegan á maior parte da poboación á rede principal de transportes, coas conseguíntes oportunidades económicas que disto se derivan. Para as zonas rurais, destacar nos últimos tempos o desenvolvemento e impulso de actuacións como a autovía Carballo – Baio e a súa prolongación, a autovía de Celanova ou a VAP Costa Norte na que se sigue a traballar.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:54:53
Nº Rexistro: 17828
Data envío: 02/07/2021 13:54:53.325

Para a vertebración e mellora da competitividade do territorio é necesario que tamén o Goberno español se comprometa no avance de eixes de comunicación fundamentais para o rural galego como a A-54 Santiago – Lugo, a A-56 Lugo – Ourense ou a A-76 Ourense – Ponferrada.

Ademais, a posta en marcha do Plan de Transporte Público de Galicia, que a Xunta vén de culminar, permite mellorar as prestacións do transporte público e, polo tanto, facilita e mellora a mobilidade de todos os galegos.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:54:53
Nº Rexistro: 17828
Data envío: 02/07/2021 13:54:53.325

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:54:50

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:56:16
Nº Rexistro: 17830

Data envío: 02/07/2021 13:56:16.778

Data 02/07/2021 13:56

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 7544**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a convocatoria dos contratos posdoutorais para 2021 e as modificacións previstas, que empeoran as condicións laborais e salariais respecto de anos anteriores”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con número 2216, 2392 e 5994, todas elas publicadas no BOPG número 106 , de data 04/03/2021; ás que nos remitimos.

E, como complemento, podemos indicar que as resolucións das convocatorias para 2021 foron publicadas en varias datas no DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210406/AnuncioG0598-250321-0004_gl.html

RESOLUCIÓN do 22 de marzo de 2021, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se adjudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

E tamén en:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210628/AnuncioG0598-170621-0003_gl.html



CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:56:16
Nº Rexistro: 17830
Data envío: 02/07/2021 13:56:16.778

RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2021, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).

A resolución destas convocatorias de 2021 implica que un total de 126 investigadores contan con axudas da Xunta de Galicia nas etapas predoutoral e posdoutoral.

En concreto, 24 científicos obtiveron contratos posdoutorais para que consoliden a súa carreira investigadora en Galicia mediante a apertura de liñas propias de investigación e un total de 102 investigadores logran contratos predoutorais para levar a cabo o seu labor científico nas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i, con contratos de tres anos que inclúen estadias de tres meses no estranxeiro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:56:16
Nº Rexistro: 17830
Data envío: 02/07/2021 13:56:16.778

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:56:11

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:56:56
Nº Rexistro: 17831

Data envío: 02/07/2021 13:56:56.325

Data 02/07/2021 13:56

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 7577**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“a convocatoria de contratos predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2021 e posibles agravios comparativos na mesma”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con número 2216, 2392 e 5994, todas elas publicadas no BOPG número 106 , de data 04/03/2021; ás que nos remitimos.

E, como complemento, podemos indicar que as resolucións das convocatorias para 2021 foron publicadas en varias datas no DOG:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210406/AnuncioG0598-250321-0004_gl.html

RESOLUCIÓN do 22 de marzo de 2021, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se adjudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021

E tamén en:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210628/AnuncioG0598-170621-0003_gl.html

RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2021, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:56:56
Nº Rexistro: 17831
Data envío: 02/07/2021 13:56:56.325

Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).

A resolución destas convocatorias de 2021 implica que un total de 126 investigadores contan con axudas da Xunta de Galicia nas etapas predoutoral e posdoutoral.

En concreto, 24 científicos obtiveron contratos posdoutorais para que consoliden a súa carreira investigadora en Galicia mediante a apertura de liñas propias de investigación e un total de 102 investigadores logran contratos predoutorais para levar a cabo o seu labor científico nas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i, con contratos de tres anos que inclúen estadias de tres meses no estranxeiro

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:56:56
Nº Rexistro: 17831
Data envío: 02/07/2021 13:56:56.325

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:56:50

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8693**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“o resultado da avaliación dos indicadores asociados con respecto á Medida 1. Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“Resultado da avaliación dos indicadores:

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados con respecto á Medida 1.

Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á con respecto á Medida 2.

Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados con respecto á Medida 3.

Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 4.

Realizar publicacións divulgativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa, prevista no





I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 5.

Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade , prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 6.

Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 7.

Crear un espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 8.

Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 9.

Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do novo persoal funcionario docente, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 10.

Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos





centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 11.

Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 12.

Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade Medida, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 13.

Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade e de oportunidades, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 14.

Constituír un encontro anual para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 15.

Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 16.

Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da muller, prevista no I Plan de actuacións para





a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 17.

Identificar e difundir as boas prácticas e materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 18.

Ofertar unha materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 19.

Impulsar un ciclo formativo superior para incluír a perspectiva de xénero na FP.18, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 20.

Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 21, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 22, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 23, prevista no I Plan de





actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado e intervencións sociosanitarias

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 24, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 25, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular, que poña en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 26, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de realizar talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 27, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

Estas 27 preguntas foron formuladas polo Grupo Parlamentario do PSdeG e a contestación que pode aportar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é a seguinte:

'A Xunta de Galicia, a través dos departamentos autonómicos competentes en Educación e en Igualdade, deseñaron o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, cun enfoque ambicioso e que marcaba como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de





discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

Baixo este plan, o Goberno galego impulsou diferentes medidas e alentou o traballo dos propios centros educativos de Galicia para avanzar en cuestións tan importantes como: o modelo de coeducación e a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas; a eliminación de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións; a integración da perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e a garantía de que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...); a educación desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva; a visualización dos mecanismos que sustentan a violencia de xénero para combatelos e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade; e a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Do seguimento periódico sobre este plan, extráese a conclusión de que acadáronse certos avances, se ben non é posible unha cuantificación numérica senón unha consideración cualitativa positiva. Durante os anos de aplicación deste plan houbo un desenvolvemento inicial centrado en medidas concretas que, froito do seguimento das mesmas, derivou nun enfoque orientado a unha execución transversal do plan; asemade foi necesario adaptarse en cada momento á diferentes circunstancias.

Como é coñecedor o autor da pregunta por anteriores respostas parlamentarias (orais e por escrito), no ecuador da vixencia do plan a consellería competente en Educación decidiu relacionar o seu compromiso no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade e os esforzos para a consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

A Xunta de Galicia entende que houbo un razoable cumprimento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, xa que houbo unha realización equilibrada





das medidas, de xeito individual e transversal.

Así, como resposta ao interese mostrado polo autor das preguntas sobre as medidas recollidas no devandito plan, desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade queremos destacar, entre outras cuestións, que no curso 2019/20 editouse a publicación 'Prácticas para a igualdade de xénero na FP', un volume onde se recollen propostas de traballo para introducir a promoción da igualdade de xénero na formación profesional.

Editáronse 3.000 exemplares e completouse a súa difusión por internet (<http://www.edu.xunta.gal/fp/album-presentacion-guia-practicas-igualdade-xenero-fp> e http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8564) . Xunto á publicación 'Prácticas para a igualdade de xénero na FP', tamén está avanzado o traballo da 'Guía de linguaxe inclusiva e igualitaria'.

Outra acción importante, que reforzou o feito desde o curso 2016-2017 e, loxicamente, tivo maior impacto no curso escolar 2019/20 foi a publicación da Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios.

Con esta acción logrouse que todos os centros públicos e concertados que imparten educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional realicen o seu plan de igualdade e o incorporen ao Proxecto Educativo de Centro. Conseguiuse que estes centros incorporasen de xeito explícito ao seu proxecto as accións relacionadas coa promoción da igualdade entre homes e mulleres, coa prevención da violencia de xénero e coa diversidade afectivo-sexual.

Tamén hai que destacar que no curso 2017/18 abriuse un espazo web dentro do portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>) co fin de visibilizar as actividades coeducativas que se están a desenvolver e que puidesen ser de interese para a comunidade educativa. A través deste espazo web recóllense publicacións, estudos e investigacións, efemérides e eventos, concursos, recursos didácticos... e tamén as boas prácticas dos centros galegos co fin de poñer en valor e dar difusión ás accións que parten da propia práctica dos centros. Por último, recóllense referencias bibliográficas actualizadas de interese para aprofundar nas temáticas que maior atención





reciben desde os centros de ensino.

A formación do profesorado recibiu un importante impulso en 2019/20 grazas en boa parte ao investimento chegado a través do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Todos os centros de formación e recursos multiplicaron as accións formativas, diversificando os temas abordados e ampliando as opcións formativas co fin de favorecer a conciliación.

Para completar a acción descrita nas devanditas medidas, a Consellería está a darlle un impulso á formación en materia de igualdade a través dos cursos sobre materiais coeducativos, reforzando a importante oferta educativa de que dispón o profesorado a través da propia Consellería. Con esta actividade formativa quérese poñer ao día o coñecemento dos materiais didácticos máis aconsellados para o traballo de aula, así como tamén dar a coñecer os criterios que pode seguir o profesorado para identificar e desbotar os materiais en función da súa calidade coeducativa.

Atendendo ao Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tamén se afrontou a formación inicial do novo persoal funcionario docente.

En concreto, activouse o curso denominado Formación inicial en igualdade (20 h de formación en rede), que se realiza cada curso escolar tras as realización de procesos selectivos co fin de dotar da formación requirida en materia de igualdade ao novo persoal funcionario do corpo docente. Así pois, todas as persoas que superaron o proceso selectivo para acceder á función pública en Educación deben realizar este curso durante os seis primeiros meses do ano de prácticas.

Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade , prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 6.

Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 7.

Crear un espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 8.

Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 9.

Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do novo persoal funcionario docente, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 10.

Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos





centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 11.

Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 12.

Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade Medida, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 13.

Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade e de oportunidades, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 14.

Constituír un encontro anual para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 15.

Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 16.

Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da muller, prevista no I Plan de actuacións para





a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 17.

Identificar e difundir as boas prácticas e materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 18.

Ofertar unha materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 19.

Impulsar un ciclo formativo superior para incluír a perspectiva de xénero na FP.18, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados respecto á Medida 20.

Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 21, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 22, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 23, prevista no I Plan de





actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado e intervencións sociosanitarias

- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 24, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual
- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 25, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular, que poña en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino
- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 26, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de realizar talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero
- Ao resultado da avaliación dos indicadores asociados á Medida 27, prevista no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, co fin de promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

Estas 27 preguntas foron formuladas polo Grupo Parlamentario do PSdeG e a contestación que pode aportar a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é a seguinte:

'A Xunta de Galicia, a través dos departamentos autonómicos competentes en Educación e en Igualdade, deseñaron o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, cun enfoque ambicioso e que marcaba como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de





discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

Baixo este plan, o Goberno galego impulsou diferentes medidas e alentou o traballo dos propios centros educativos de Galicia para avanzar en cuestións tan importantes como: o modelo de coeducación e a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas; a eliminación de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións; a integración da perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e a garantía de que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...); a educación desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva; a visualización dos mecanismos que sustentan a violencia de xénero para combatelos e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade; e a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Do seguimento periódico sobre este plan, extráese a conclusión de que acadáronse certos avances, se ben non é posible unha cuantificación numérica senón unha consideración cualitativa positiva. Durante os anos de aplicación deste plan houbo un desenvolvemento inicial centrado en medidas concretas que, froito do seguimento das mesmas, derivou nun enfoque orientado a unha execución transversal do plan; asemade foi necesario adaptarse en cada momento á diferentes circunstancias.

Como é coñecedor o autor da pregunta por anteriores respostas parlamentarias (orais e por escrito), no ecuador da vixencia do plan a consellería competente en Educación decidiu relacionar o seu compromiso no traballo a prol da igualdade e na prevención da violencia machista no conxunto da sociedade e os esforzos para a consecución dunha boa convivencia nos centros educativos, para o que en Galicia está activa a Estratexia Galega da Convivencia-Educonvives.

A Xunta de Galicia entende que houbo un razoable cumprimento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, xa que houbo unha realización equilibrada





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17843
Data envío: 02/07/2021 14:04:20.465

das medidas, de xeito individual e transversal.

Así, como resposta ao interese mostrado polo autor das preguntas sobre as medidas recollidas no devandito plan, desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade queremos destacar, entre outras cuestións, que no curso 2019/20 editouse a publicación 'Prácticas para a igualdade de xénero na FP', un volume onde se recollen propostas de traballo para introducir a promoción da igualdade de xénero na formación profesional.

Editáronse 3.000 exemplares e completouse a súa difusión por internet (<http://www.edu.xunta.gal/fp/album-presentacion-guia-practicas-igualdade-xenero-fp> e http://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8564) . Xunto á publicación 'Prácticas para a igualdade de xénero na FP', tamén está avanzado o traballo da 'Guía de linguaxe inclusiva e igualitaria'.

Outra acción importante, que reforzou o feito desde o curso 2016-2017 e, loxicamente, tivo maior impacto no curso escolar 2019/20 foi a publicación da Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios.

Con esta acción logrouse que todos os centros públicos e concertados que imparten educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional realicen o seu plan de igualdade e o incorporen ao Proxecto Educativo de Centro. Conseguiuse que estes centros incorporasen de xeito explícito ao seu proxecto as accións relacionadas coa promoción da igualdade entre homes e mulleres, coa prevención da violencia de xénero e coa diversidade afectivo-sexual.

Tamén hai que destacar que no curso 2017/18 abriuse un espazo web dentro do portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/igualdade>) co fin de visibilizar as actividades coeducativas que se están a desenvolver e que puidesen ser de interese para a comunidade educativa. A través deste espazo web recóllense publicacións, estudos e investigacións, efemérides e eventos, concursos, recursos didácticos... e tamén as boas prácticas dos centros galegos co fin de poñer en valor e dar difusión ás accións que parten da propia práctica dos centros. Por último, recóllense referencias bibliográficas actualizadas de interese para aprofundar nas temáticas que maior atención





reciben desde os centros de ensino.

A formación do profesorado recibiu un importante impulso en 2019/20 grazas en boa parte ao investimento chegado a través do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Todos os centros de formación e recursos multiplicaron as accións formativas, diversificando os temas abordados e ampliando as opcións formativas co fin de favorecer a conciliación.

Para completar a acción descrita nas devanditas medidas, a Consellería está a darlle un impulso á formación en materia de igualdade a través dos cursos sobre materiais coeducativos, reforzando a importante oferta educativa de que dispón o profesorado a través da propia Consellería. Con esta actividade formativa quérese poñer ao día o coñecemento dos materiais didácticos máis aconsellados para o traballo de aula, así como tamén dar a coñecer os criterios que pode seguir o profesorado para identificar e desbotar os materiais en función da súa calidade coeducativa.

Atendendo ao Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, tamén se afrontou a formación inicial do novo persoal funcionario docente.

En concreto, activouse o curso denominado Formación inicial en igualdade (20 h de formación en rede), que se realiza cada curso escolar tras as realización de procesos selectivos co fin de dotar da formación requirida en materia de igualdade ao novo persoal funcionario do corpo docente. Así pois, todas as persoas que superaron o proceso selectivo para acceder á función pública en Educación deben realizar este curso durante os seis primeiros meses do ano de prácticas.

Xa se mencionou o impulso da formación en materia de igualdade a través dos curso sobre materiais coeducativos, ao que tamén hai que engadir que na actualidade todas as actividades de formación en centros contan cun módulo de formación específica en inclusión, convivencia e igualdade (módulo ICI) que versa sobre os contidos recollidos nos protocolos e documentación pertencentes á Estratexia Galega de Convivencia Escolar [educonvives.gal](http://www.edu.xunta.gal) (<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>) na que se atopa o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020. Este módulo é de 8 horas de formación do profesorado. O curso 'Módulo 0, Igualdade convivencia e inclusión' inclúe 20 h de formación,





das cales 1/3 son de igualdade. No curso 2017/2018, a través das estruturas de formación do profesorado da Consellería, ofertase a actividade formativa A educación a debate a toda comunidade educativa con á redor de 220 prazas destinadas a profesorado, familias, entidades, etc. Os temas a tratar son iniciativas a prol da inclusión, coeducación, igualdade, entre outros. Esta iniciativa está vinculada á idea de lograr unha maior implicación dos pais, nais ou representantes legais no proceso educativo.

Dentro das accións máis destacables queremos salientar os programas de innovación educativa, cuxo fin é fomentar a participación do alumnado e do profesorado en proxectos de centro. Estes programas teñen a vocación de chegar a unha parte moi importante do centro que os desenvolve e mais procuran traballar en liñas consideradas estratéxicas dentro do proxecto educativo.

Un deles, Contratos-programa, ten unha liña específica para traballar en igualdade. Esta liña estaba en orixe funcionada con convivencia, acción inclúe todas aquelas accións que repercuten e interveñen na mellora do clima escolar e das relacións entre os membros da comunidade educativa. Faise fincapé en aspectos relevantes tales como a atención á diversidade, as actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, as actuacións de acollida, a mellora das habilidades sociais, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos, o rexistro de condutas contrarias á convivencia, a mellora da intelixencia emocional, o desenvolvemento de dinámicas de grupo e traballo colaborativo, o traballo en coeducación e o impulso de escolas de nais e pais, entre outros.

Dentro do Plan Proxecta (iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración con diferentes departamentos autonómicos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores), ofrécese desde hai tempo programas educativos relacionados co ámbito da igualdade, nos que participan de xeito voluntario centros, alumnado e profesorado:

- Donas de si: visibilizar e poñer en valor a participación e produción das mulleres na sociedade galega contemporánea.
- Por 365 días de respecto e igualdade: previr a violencia de xénero no ámbito educativo.





- Rapazas emprendedoras nas TIC: fomentar o emprendemento das rapazas de secundaria a través das TIC.
- +Comunidade: promover proxectos participativos e contextualizacións que promovan a cultura da sustentabilidade, da cooperación e dos coidados.
- Galicons-net: promove hábitos de consumo saudables en atención ás características do alumnado de secundaria.
- Quérote+: promove unha educación afectivo-sexual con perspectiva de xénero.
- De Ítaca a Ávalon: promover o exercicio dunha cidadanía galega crítica, responsábel e comprometida coa erradicación das desigualdades sociais e especialmente coa promoción de sociedades libres de violencias machistas.

Outras accións vinculadas á formación no ámbito da igualdade é o Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos, impulsado desde Delegación do Goberno en Galicia e a Alta Inspección de Educación, ofrece aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/ formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).

Mencionar tamén que houbo iniciativas puntuais como o foro de alumnado, que estivo moderado por profesorado, que se desenvolveu na actividade relacionada co 25 de novembro e coa Prevención da violencia de xénero desde a escola-Curso 2019-20; que serviu para debater arredor de cuestións relacionadas coa promoción da igualdade e coa prevención da violencia de xénero.

Nesta relación das medidas máis destacadas do plan ten especial relevancia o feito de que No curso 2016/17 publicouse o currículo dunha nova materia de libre configuración Igualdade de xénero (en 1º e 2º da ESO) para dotar de oportunidades de tratamento curricular as cuestións de igualdade. Con esta materia os centros galegos poden realizar unha aposta de maior calado para traballar a fondo o principio de igualdade. Está estruturada en catro bloques nos que se abordan os conceptos principais sobre xénero e igualdade, as relacións de convivencia e afectividade, a





historia da discriminación das mulleres en todos os ámbitos e a violencia machista como consecuencia da discriminación, entre outros.

Trátase dunha ferramenta educativa máis coa que se busca concienciar aos rapaces e ás rapazas sobre a importancia da igualdade nas relacións persoais e sociais e, deste xeito, contribuír a evitar condutas violentas. Galicia convértese así na segunda comunidade autónoma en incluír no currículo educativo unha materia sobre igualdade de xénero.

Co fin de completar o obxectivo desta materia, a Consellería publicou tamén o currículo da materia Coeducación para o Século XXI (para 1º de bacharelato), que se ofrece como libre configuración autonómica con 2 h de dedicación semanal. Preténdese dotar de maior forza o traballo en igualdade desenvolvido polos centros e mais a prevención da violencia de xénero co fin de atallar os problemas identificados nas estatísticas de maltrato contra as mulleres. A materia comezouse a impartir n curso 2018/19 e continúa ata a actualidade.

Cómpre ter en conta que ademais das materias de libre configuración autonómica ofertadas pola Consellería, os centros teñen a opción de ofertar materiais propias.

Neste punto, tamén como cuestión a destacar, hai que lembrar a publicación do Decreto 80/2018, do 21 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero (DOG do 13 de agosto, con corrección de erros no DOG do 14 de agosto).

Entre as medidas previstas tamén se realizou un documento de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero, a cargo dun grupo de traballo constituído no seo do Observatorio Galego de Violencia de Xénero da Xunta de Galicia. Trátase dun protocolo de actuación denominado "Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito Educativo", que foi aprobado polo plenario do Observatorio en 2019 e que se presentou o pasado 10 de novembro de 2020. Esta Guía constitúe un fito na loita contra o violencia de xénero porque avanza unhas pautas de detección precoz e actuación específicas adaptadas ás necesidades deste tipo de situacións no ámbito escolar.

Este material foi difundido no portal de igualdade (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/32427>), no portal Educonvives





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17843
Data envío: 02/07/2021 14:04:20.465

(<https://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>) e no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/32425>) . Ademais enviouse un correo masivo a todos os centros públicos e concertados de Galicia para completar a súa difusión.

Completamos alusión das medidas coa referencia á iniciativa posta en marcha baixo a denominación de Maletas da Igualdade. Trátase dun recurso bibliográfico formado por libros de lectura para o alumnado (de infantil, primaria e secundaria). A súa finalidade é fornecer os centros dun recurso que poida contribuír a traballar sobre a corresponsabilidade, a diversidade, o empoderamento, os estereotipos, o feminismo, a historia das mulleres, a identidade, as relacións de parella, a violencia de xénero... A maleta para infantil e primaria contén 43 títulos (a práctica totalidade, álbum ilustrado). A maleta para secundaria contén 42 títulos (obras de narrativa, poesía, teatro, banda deseñada, ensaio, divulgación). Pódense solicitar en préstamo nos 7 centros de formación e recursos da rede de formación de Galicia. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade agradece a acollida das medidas por parte da comunidade educativa e, por suposto, a súa participación voluntaria e de carácter complementario á realización doutras actividades a prol da igualdade que os centros desenvolven no exercicio da autonomía que teñen recoñecida.

Por último, merece a pena unha reflexión no sentido de que a educación é un factor fundamental para a igualdade, pero a educación ten que ser unha responsabilidade compartida por todos, polos centros educativos, pero tamén polos medios de comunicación, polos representantes políticos, polas empresas, polas familias, etc. A educación en igualdade supera ao sistema educativo e implica ao conxunto da sociedade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17843
Data envío: 02/07/2021 14:04:20.465

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 14:04:16

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 11:48:30
Nº Rexistro: 17770

Data envío: 01/07/2021 11:48:30.126

Data 01/07/2021 11:48

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 10896**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“os datos e as razóns que xustifican o asinamento polo Instituto Galego da Vivenda e Solo dun convenio co Consello da Avogacía Galega para o asesoramento xurídico ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dunha vivenda ocupada de xeito ilegal”**, (publicada no BOPG número 101 do 24 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 1ª do pasado 16 de xuño de 2021 polo director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), en resposta á pregunta oral 10897.

Na súa resposta, o director xeral explicou as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia ante a ocupación de vivendas e sobre o convenio asinado co Consello da Avogacía Galega e os seus obxectivos”.

Enlace ao vídeo da Comisión 1ª do pasado 16 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-16?part=e62e0f6a-d000-4b8f-aac2-cd8a95e1cb93&start=1435>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 11:48:30
Nº Rexistro: 17770
Data envío: 01/07/2021 11:48:30.126

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/07/2021 11:48:19

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17838

Data envío: 02/07/2021 14:00:48.387

Data 02/07/2021 14:00

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12159**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a xestión do Goberno galego en relación coa convocatoria e tramitación de axudas económicas para empresas con problemas derivados da covid-19**”, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 12158 que tivo lugar na sesión do 4 de xuño de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-04?part=5a4dc5ac-f8a1-476c-8d0a-527e53c2e0fb&start=1670>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17838
Data envío: 02/07/2021 14:00:48.387

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 14:00:38

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:53:36
Nº Rexistro: 17826
Data envío: 02/07/2021 13:53:36.059
Data 02/07/2021 13:53

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13466**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de tramitación de diversos expedientes relacionados coa concesión da explotación mineira A Casalonga nº 6996, no concello de Teo, e as previsións do Goberno galego respecto do inicio dun novo expediente de caducidade da concesión”**, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 13464 que tivo lugar na sesión do 4 de maio de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2021-05-04?part=e6eaa461-5efa-4d8b-9ccd-741088d78ac9&start=1354>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:53:36
Nº Rexistro: 17826
Data envío: 02/07/2021 13:53:36.059

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:53:32

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:52:15
Nº Rexistro: 17825
Data envío: 02/07/2021 13:52:15.434
Data 02/07/2021 13:52

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15459**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os criterios da Xunta de Galicia para designar o novo director ou directora xerente do recinto de Expourense”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Comercio e Consumo, con motivo do debate da pregunta 15458 que tivo lugar na sesión do 4 de xuño de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-04?
part=5a4dc5ac-f8a1-476c-8d0a-527e53c2e0fb&start=140](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-04?part=5a4dc5ac-f8a1-476c-8d0a-527e53c2e0fb&start=140)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:52:15
Nº Rexistro: 17825
Data envío: 02/07/2021 13:52:15.434

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:52:11

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:51:33
Nº Rexistro: 17824

Data envío: 02/07/2021 13:51:33.294
Data 02/07/2021 13:51

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15705**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para para constituír un Consello de administración da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galicia, con presenza equilibrada de mulleres e homes”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da interpelación 15700 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de maio de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=792b621d-95e2-4b18-ba1e-73b49ffbbd83&start=13808>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CSV: BOPGDSPGAAyINpVWn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:51:33
Nº Rexistro: 17824
Data envío: 02/07/2021 13:51:33.294

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:51:29

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:51:10
Nº Rexistro: 17823
Data envío: 02/07/2021 13:51:10.872
Data 02/07/2021 13:51

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15773**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para impulsar un modelo de enerxía eólica sustentable, xusta e galega”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde López, con motivo do debate da interpelación 15774 que tivo lugar na sesión plenaria do 9 de xuño de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-06-09?part=170d5450-1702-49f0-b14c-46de1eea2a9c&start=16345>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:51:10
Nº Rexistro: 17823
Data envío: 02/07/2021 13:51:10.872

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:51:01

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:50:30
Nº Rexistro: 17822
Data envío: 02/07/2021 13:50:153
Data 02/07/2021 13:50

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15828**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **“as previsións do Goberno Galego respecto do modelo de implantación de enerxía eólica en Galicia e da creación dunha oficina de información”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da interpelación 15829 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de maio de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=792b621d-95e2-4b18-ba1e-73b49ffbbd83&start=15768>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:50:30
Nº Rexistro: 17822
Data envío: 02/07/2021 13:50:30.153

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:50:26

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:49:37
Nº Rexistro: 17821
Data envío: 02/07/2021 13:49:37.950
Data 02/07/2021 13:49

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15844**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia con respecto ás convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos Next Generation”**, (publicada no BOPG número 139 do 14 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 15842 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de maio de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=34d57cad-ae3f-4a18-8e13-0ba3cf433507&start=11>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:49:37
Nº Rexistro: 17821
Data envío: 02/07/2021 13:49:37.950

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:49:33

CSV: BOPGDSPGAaYINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:40:19
Nº Rexistro: 17768
Data envío: 01/07/2021 10:40:19.579
Data 01/07/2021 10:40

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16437**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as inspeccións realizadas en materia de servizos sociais a centros de maiores e o seu resultado e consecuencias”**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Inspección de Servizos Sociais de Galicia, no período de referencia e de acordo cos respectivos plans anuais de inspección, realizou un total de 757 visitas de inspección aos centros residenciais concertados e/ou concesionados e autorizados para prestar este servizo no ámbito da comunidade autónoma.

Neste período de tempo incoáronse un total de 38 expedientes sancionadores e impuxéronse 16 sancións firmes. Non se iniciou ningún expediente sancionador por infraccións na xestión e aplicación de fondos públicos.

No que respecta á data da acta de inspección é preciso ter en conta que non existe unha única data de acta de inspección xa que no expediente sancionador hai varias actas correspondentes a distintas visitas.

Por outro lado, cando se apreciou que nun centro non se aplicaban as medidas de acordo cos protocolos establecidos, requiriuse a aplicación dos mesmos e no caso de incumprimento iniciouse o correspondente procedemento sancionador. Ademais, en todos os procesos de licitación de prazas, compróbase que as empresas adxudicatarias non incorran en prohibición para contratar de acordo coa lei de contratos do sector público.

Realizáronse visitas de inspección en horario nocturno, redactándose as correspondentes actas e, en caso de incumprimentos, requiriuse ao centro a emenda dos mesmos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:40:19
Nº Rexistro: 17768
Data envío: 01/07/2021 10:40:19.579

A Inspección de Servizos Sociais de Galicia realizou, nos últimos cinco anos, un total de 445 visitas de inspección aos programas de axuda no fogar privados e autorizados para prestar este servizo no ámbito da comunidade autónoma.

Como consecuencia das inspeccións realizadas tramitáronse con resolución administrativa firme no período 2017-2021 ás empresas que prestan o Servizo de Axuda no Fogar, un total de 24 expedientes sancionadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:40:19
Nº Rexistro: 17768
Data envío: 01/07/2021 10:40:19.579

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/07/2021 10:40:14

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:39:32
Nº Rexistro: 17767

Data envío: 01/07/2021 10:39:32.017

Data 01/07/2021 10:39

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16534**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social en relación co problema da insuficiencia de prazas en educación infantil de 0a 3 anos no concello de Guitiriz”**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é coñecedora da situación que ten o concello de Guitiriz no que atinxe á posibilidade de mellorar a oferta de prazas de educación infantil de 0 a 3 anos, toda vez que o actual Punto de Atención á Infancia municipal non é suficiente ante a demanda existente.

De feito, esta cuestión abordouse en diferentes reunións mantidas polo Executivo autonómico coa alcaldesa desta localidade lucense, á quen se lle trasladou a vontade de colaborar na busca de solucións.

Nestes momentos, estase a analizar a proposta do Concello de construír unha nova escola infantil, que sería de titularidade municipal e que substituiría ao servizo que presta o PAI. A Administración autonómica estuda colaborar no financiamento da construción deste centro a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), unha vez que se concrete a nova definición e reparto dos mesmos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:39:32
Nº Rexistro: 17767
Data envío: 01/07/2021 10:39:32.017

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/07/2021 10:39:28

CSV: BOPGDSPGAaYINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:39:04
Nº Rexistro: 17766

Data envío: 01/07/2021 10:39:04.204

Data 01/07/2021 10:38

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16609**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as listaxes de agarda para as valoracións de discapacidade en Galicia”**, (publicada no BOPG número 148 do 3 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia traballa para seguir a mellorar os procesos de valoración da discapacidade.

Deste xeito, en xuño de 2018 púxose en marcha un Plan de acción no que se activaron un conxunto de medidas para mellorar a valoración da discapacidade e aumentar os tempos de resposta.

Este Plan de acción supuxo un incremento moi importante de persoal de valoración e de creación de novos equipos de valoración, cun incremento do 75% sobre o número de equipos existentes. Un incremento equivalente volveuse a realizar en abril de 2019. E en marzo de 2020 púxose en marcha un Plan especial de reforzo de persoal técnico no procedemento de valoración da discapacidade, cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, a través do cal se crearon 17 novos equipos de valoración da discapacidade. A súa posta en funcionamento viuse condicionada no seu inicio pola crise ocasionada por COVID-19 e a falta de persoal médico para conformar os equipos, polo que non se puido iniciar a contratación do persoal ata finais de xuño de 2020 e non se completaron todos os equipos ata outubro de 2020.

O resultado das medidas de reforzo de persoal está a ser moi positivo, xa que permiten acelerar o número de expedientes de valoración e aumentar o número de expedientes resoltos.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:39:04
Nº Rexistro: 17766
Data envío: 01/07/2021 10:39:04.204

Doutra banda, cabe destacar que froito das melloras do procedemento implantadas e o novo modelo de xestión de citas, constátase un incremento na produtividade de valoración dos técnicos fixos de máis do 10% acumulativo.

En canto ao tempo de resolución de expedientes, é moi variable dependendo do tempo que se tarda en completar os expedientes de valoración e en función do criterio de urxencia aplicado, do tipo de valoración, a sección de valoración así como distintas circunstancias do persoal valorador, como enfermidade, días de permisos, vacacións etc”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:39:04
Nº Rexistro: 17766
Data envío: 01/07/2021 10:39:04.204

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/07/2021 10:39:00

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17863
Data envío: 05/07/2021 14:39:01.266
Data 05/07/2021 14:38



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16749**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“a situación laboral, respecto da subrogación, na que se atopan as auxiliares despedidas pola empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar de Ourense”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é fundamental para que as persoas maiores que deciden permanecer nos seus domicilios poidan contar cunha atención profesional de calidade, ademais de facilitar a conciliación persoal e laboral das súas familias.

O SAF é un eixo estratéxico nas políticas sociais da Xunta. Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión corresponde aos concellos. Neste caso, o titular do servizo é o concello de Ourense e, en consecuencia, esta entidade local é a responsable da súa xestión.

Ao concello de Ourense correspóndelle velar para que se cumpran as condicións recollidas no contrato celebrado coa empresa.

A Consellería de Política Social, a través da Inspección de Servizos Sociais, supervisa que o servizo se estea prestando de xeito adecuado, é dicir, a correcta atención ás persoas usuarias.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17863
Data envío: 05/07/2021 14:39:01.266

galicia

Pola súa banda, a vixilancia do cumprimento da normativa laboral, como en calquera outro sector, é competencia da Inspección de Traballo, dependente da Vicepresidencia Terceira e Ministerio de Traballo e Economía Social do Goberno Central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/07/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 17863
Data envío: 05/07/2021 14:39:01.266

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/07/2021 14:38:52

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:47:58
Nº Rexistro: 17820
Data envío: 02/07/2021 13:47:58.669
Data 02/07/2021 13:47

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 16836**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Martín Seco García e dona María Leticia Gallego Sanromán, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación co plan de viabilidade e o mantemento de emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, con motivo do debate da pregunta 16831 que tivo lugar na sesión do 30 de xuño de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-30?part=6a974a62-e335-4297-9f1a-a89ae24a3eef&start=2821>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2021 13:47:58
Nº Rexistro: 17820
Data envío: 02/07/2021 13:47:58.669

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/07/2021 13:47:54

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:38:36
Nº Rexistro: 17765
Data envío: 01/07/2021 10:38:36.157
Data 01/07/2021 10:38

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17161**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“as previsións do Goberno galego para poñer en marcha un plan de xestión do xabarin e dos danos que produce”**, (publicada no BOPG número 156 do 17 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 24 de xuño de 2021 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 17157.

Na súa intervención, a directora xeral explicou as medidas tomadas pola Xunta nos últimos meses relativas á xestión do xabarin e os investimentos realizados pola Consellería de Medio Ambiente”.

Enlace ao vídeo da Comisión 7ª celebrada o pasado 24 de xuño de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-06-24?part=ab091988-fbc2-4774-a1fd-207f752d9438&start=3258>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2021 10:38:36
Nº Rexistro: 17765
Data envío: 01/07/2021 10:38:36.157

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/07/2021 10:38:27

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES

EXERCICIO 2020



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 189





CSV: BOPGDSPGAaYINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

70448



Cod. Validación: 742JYN3F93CM#E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 189

ÍNDICE

| | |
|--|-----------|
| MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2020..... | 3 |
| MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2020..... | 3 |
| I. INTRODUCCIÓN | 3 |
| II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO | 5 |
| II.1. COMPOSICIÓN | 5 |
| II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS | 6 |
| III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN | 8 |
| III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA | 8 |
| III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2020..... | 9 |
| III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS | 11 |
| IV. ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN..... | 12 |
| IV.1. ACTIVIDADE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN | 12 |
| IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA | 16 |
| IV.3. ACTIVIDADE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN | 17 |
| V. ACTIVIDADE XURISDICIONAL..... | 18 |
| VI. ACTIVIDADE CONSULTIVA..... | 18 |
| VII. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS | 19 |
| VII.1. PERSOAL..... | 19 |
| VII.2. FORMACIÓN | 21 |
| VII.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO | 22 |
| VII.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA | 27 |
| VII.5. GRUPO DE TRABALLO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA..... | 29 |
| VIII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL | 31 |
| IX. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS | 33 |
| IX.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA..... | 33 |
| IX.2. COMISIÓN MIXTA CONSELLO DE CONTAS–INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA..... | 33 |
| X. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 2020 | 34 |



Memoria de Actividades 2020

| | |
|---|-----------|
| X.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS | 34 |
| X.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS | 38 |
| XI. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS EFECTUADAS POLO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA | 39 |
| XI.1. OBXECTIVO E ALCANCE | 39 |
| XI.2. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS ENVIADAS POLOS ÓRGANOS XESTORES | 42 |
| XI.3. RESULTADOS DO SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS NO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO | 44 |
| APÉNDICES | 47 |
| APÉNDICE 1. ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN, PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2020 | |
| APÉNDICE 2. INFORME DE ACTIVIDADES DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN. EJERCICIO 2020 | |
| APÉNDICE 3. INFORME DE ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA. EJERCICIO 2020 | |
| APÉNDICE 4. INFORMACIÓN SOBRE O SEGUIMIENTO DE RECOMENDACIÓNS. EJERCICIOS 2012 A 2018 | |





MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2020

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 50 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non legislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2020, integrada polos seguintes documentos:

| Documentos |
|--|
| <i>Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2020</i> |
| <i>Contas anuais do Consello de Contas de Galicia correspondentes ao exercicio 2020</i> |
| Informes de fiscalización |
| <i>Informe de fiscalización da rendición da conta xeral entidades locais de Galicia. Exercicio 2019 [1702021-01]</i> |
| <i>Informe de fiscalización da conta xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2019 [1702021-02]</i> |
| <i>Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2019 [1602021-01]</i> |
| <i>Informe económico financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2019 [1902021-01]</i> |
| <i>Informe de fiscalización da conta xeral do Sergas. Exercicio 2019 [1802021-03]</i> |
| <i>Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas. Exercicios 2012 a 2017 [1642018-03]</i> |
| <i>Informe de fiscalización dos fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2019 [1502021-02]</i> |
| <i>Informe de fiscalización selectiva do Concello de Verín. Exercicio 2018 [1622019-21]</i> |
| <i>Informe sobre a contratación do sector local de Galicia. Exercicio 2018 [1622020-04]</i> |

Faise constar que o día 5 de xaneiro de 2021 remitiuse ao Parlamento de Galicia o Informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020, sobre o que xa compareceu o conselleiro maior á data de aprobación desta memoria.

Por outra banda, con data 27 de maio foron remitidos ao Parlamento: Informe de fiscalización selectiva do Concello de Padrón, exercicios 2015-2017; Informe de fiscalización do Concello de Vigo, exercicio 2018; Informe de fiscalización da Deputación de Ourense, exercicio 2018 e o Informe de Contratación do Sector Local de Galicia, exercicio 2017, dos que está pendente de comparecer o conselleiro maior.

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES EJERCICIO 2020

I. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financiera do sector público galego, foi creado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985 (en diante LCC), modificada pola Lei 4/1986, do 26 de decembro,



pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, pola Lei 9/2017, do 26 de decembro e pola Lei 7/2019, de 23 de decembro, regula a súa organización e funcionamento.

O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuízamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Cuentas.

Por Acordo do 23 de febreiro de 2017 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia aprobouse o Regulamento de réxime interior da Institución (en diante RRI), ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das actividades do Consello de Contas produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1994, 1995, 1997, 2000, 2003, 2007, 2009, 2013, 2015 e 2016 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

Destaca a reforma da Lei aprobada en 2015, na que se reforzan as competencias do Consello de Contas, atribuíndolle funcións en materia de prevención da corrupción, e potenciando a súa independencia, eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

Pola súa relevancia, cabe facer mención a algúns dos aspectos máis destacables desta reforma:

Atribúenselle ao Consello de Contas as competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma, creando unha nova sección no Consello de Contas, a de Prevención da Corrupción, que estará presidida polo conselleiro ou conselleira maior e asistida por todo o persoal do Consello.

No ámbito da fiscalización, adiantase a data de rendición da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, que queda fixada no 30 de setembro; ademais, o Consello asume a competencia de fiscalizar a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico e refórzase o mecanismo de inicio dos procedementos de fiscalización a través de comunicacións de persoas físicas ou xurídicas.

No ámbito consultivo, ábrese a vía para que o Consello, a petición dos órganos competentes, poida emitir informes facultativos que unifiquen os criterios que permiten levantar os reparos que no ámbito da Administración local e en materia económico-financeira se poidan presentar. Ademais, o Consello pasa a ser a institución asesora da Cámara lexislativa en materia económico-financeira e asume a competencia de responder as consultas que se lle formulen sobre a execución e liquidación dos





orxamentos autonómicos, así como sobre os proxectos normativos que afecten os ingresos e os gastos públicos.

II. COMPOSICIÓN E ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1. COMPOSICIÓN

A composición orgánica do Consello de Contas é a establecida polo artigo 6 da LCC. Segundo o disposto nesa norma, son órganos da Institución de control externo: o Pleno; o conselleiro ou conselleira maior; a Comisión de Goberno; as Seccións de Fiscalización, de Axuizamento, e de Prevención da Corrupción; os conselleiros e conselleiras; e a Secretaría Xeral.

As funcións que corresponden a cada un destes órganos detállanse nos artigos comprendidos entre os números 7 ao 11 do devandito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización, axuizamento e prevención da corrupción, xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento e prevención da corrupción, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno.

Doutra banda, as atribucións do conselleiro maior consisten na representación institucional, convocar e presidir o Pleno, a Comisión de Goberno e a Sección de Prevención da Corrupción, e na xestión interna, exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras. A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio técnico-administrativo dos anteriores.

A 31 de decembro de 2020, a composición dos órganos do Consello era a seguinte:

O Pleno:

Presidente: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
 Vogais: Excm. Sra. dona Ana María Otero López
 Excm. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez
 Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto
 Secretaria: Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz

Durante o exercicio 2020 o Pleno do Consello de Contas reuniuse en 30 sesións.

Comisión de Goberno:

Presidente: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
 Vogais: Excm. Sra. dona Ana María Otero López
 Excm. Sra. dona M^a Begoña Villaverde Gómez
 Secretaria: Sra. dona María Luisa Cardesín Díaz



Durante o exercicio 2020 a Comisión de Goberno reuniuse en 18 sesións .

Sección de Fiscalización

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida pola conselleira excma. sra. dona María Begoña Villaverde Gómez.

Durante o exercicio 2020 a Sección de Fiscalización reuniuse en 10 sesións.

Sección de Axuizamento

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida pola conselleira dona Ana María Otero López.

Sección de Prevención da Corrupción

Está integrada por todos os membros do Consello e presidida polo conselleiro maior Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López.

Durante o exercicio 2020 a Sección de Prevención da Corrupción reuniuse en 4 sesións.

A adscrición dos conselleiros na anualidade 2020 ás diferentes áreas produciuse do seguinte xeito:

- Área de Coordinación Xeral: Excmo. Sr. don José Antonio Redondo López
- Área do Sergas: Excma. Sra. dona Ana María Otero López
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. don Constantino Carreiras Souto
- Área de Corporacións Locais e Área de Institucional: Excma. Sra. dona María Begoña Villaverde Gómez

Como apéndice 1 a esta memoria, xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das Seccións de Fiscalización, Prevención da Corrupción e Axuizamento e outro da Secretaría Xeral.

II.2. ACTIVIDADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

No exercicio 2020, a actividade dos órganos colexiados, en número de sesións celebradas reflíctese no seguinte cadro:

Número de sesións dos órganos colexiados

| Órganos colexiados | Núm. de sesións |
|-------------------------------------|-----------------|
| Pleno | 30 |
| Comisión de Goberno | 18 |
| Sección de Fiscalización | 10 |
| Sección de Prevención da Corrupción | 4 |
| Sección de Axuizamento | 0 |
| Total sesións | 62 |





Pola súa relevancia, desagreganse no seguinte cadro o número de asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno tendo en conta as materias ás que afectan:

Asuntos tratados/acordos adoptados polo Pleno

| Asunto/materia | Núm. de asuntos |
|--|-----------------|
| Aprobación informes de fiscalización | 18 |
| Ditames e opinión | 4 |
| Normas | 3 |
| Medidas orzamentarias | 2 |
| Medidas en materia de Recursos Humanos | 2 |
| Plan de Implantación da Administración Electrónica no Consello de Contas 2019-2022 | 3 |
| Plan anual de traballo | 1 |
| Premio de Investigación "Carlos G. Otero Díaz". | 2 |
| Autorización de convenios | 3 |
| Acordos sobre comunicacións ou denuncias | 15 |
| | |
| Total asuntos | 53 |

II.2.1. NORMATIVA

Acordo do do 24 de setembro de 2020, do Pleno do Consello de Contas de Galicia, polo que se aproban as normas reguladoras do procedemento para a implantación do réxime transitorio e extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

O 24 de setembro de 2020 o Pleno do Consello de Contas acordou aprobar as normas reguladoras do procedemento para a implantación do réxime transitorio e extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa previsto na disposición transitoria cuarta da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.

O dito acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia número 201, do 5 de outubro.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 189



Instrucións

O Pleno do Consello de Contas aprobou unha modificación da "Instrución que regula o formato normalizado da Conta Xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición" tamén aprobou unha "Instrución relativa á remisión de información do exercicio do control interno das entidades locais de Galicia" ambas na sesión de 6 de marzo de 2020.

O 19 de xuño de 2020 o Pleno aprobou a "Instrución pola que se regula a experiencia de teletraballo no Consello de Contas".

II.2.2. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Durante o exercicio 2020 asináronse os seguintes convenios previo acordo do Pleno:

- Convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e o Consello de Contas de Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación (20.02.2020).
- Convenio de colaboración entre o Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo polo que acordan as condicións de utilización, explotación e mantemento das aplicacións informáticas que forman a plataforma e o portal de rendición de contas das Entidades Locais (25.02.2020).
- Convenio de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o uso dos servizos da Rede de telecomunicacións Corporativa da Xunta de Galicia (03.11.2020).

III. ACTIVIDADE DE FISCALIZACIÓN

III.1. A FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a LCC sinala que o sector público galego está composto pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico, as entidades locais e organismos dependentes, as universidades públicas do sistema universitario de Galicia e as súas entidades e empresas dependentes e as corporacións de dereito público.

Como órgano estatutario, que depende do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Cuentas ou do Tribunal de Cuentas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.





A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financieira e contable do sector público de Galicia, e as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten encomendada ademais a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financieira.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse por iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, tendo en conta as súas recomendacións, e, no seu caso, as comunicacións ou denuncias recibidas.

As fiscalizacións poden ser de tres tipos: de cumprimento, financeiras e operativas. Nas fiscalizacións de cumprimento verificase se as actividades cumpren, en todos os aspectos significativos, coa normativa que as regula; nas financeiras, se a información financieira se presenta de conformidade co marco normativo que lle resulte aplicable; e nas operativas, analízase se as entidades fiscalizadas se xestionan de conformidade cos principios de economía, eficiencia e eficacia. Pódese dar o caso de que se combinen os distintos tipos de fiscalización.

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un anteproxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización, que acorda o seu paso como proxecto ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas, e ao Tribunal de Cuentas.

III.2. INFORMES APROBADOS POLO PLENO DO CONSELLO NO ANO 2020

O Programa anual de traballo para o exercicio 2020 foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas na súa sesión do 19 de decembro de 2019 e remitido ao Parlamento de Galicia o día 20 do dito mes.

O Plan anual recolle as fiscalizacións que se realizan en cumprimento dun mandato legal, as solicitadas polo Parlamento, as previstas en colaboración co Tribunal de Cuentas, e as programadas por iniciativa do Consello de Contas.

Tendo en conta que o proceso de execución das fiscalizacións se prolonga máis alá de cada exercicio, cada ano o Pleno aproba informes referidos a distintos plans de traballo. De forma prioritaria aténdese respecto de cada Plan á execución e aprobación dos informes de Conta Xeral (programados en cumprimento dun mandato legal) referidos ás contas rendidas en setembro do exercicio anterior, aos efectos de acadar o obxectivo de achegamento da data dos informes ao ano fiscalizado, seguindo a



recomendación que se ten feito desde a Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas.

Durante o ano 2020 o Pleno do Consello aprobou un total de 16 informes, que se detallan no seguinte cadro:

Informes de fiscalización aprobados en 2020

| Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia aprobados en 2020 | Aprobación polo Pleno | Envío ao Parlamento |
|---|-----------------------|---------------------|
| Informe de fiscalización selectiva das fundacións do Sector Público Autonómico | 06-03-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de seguimento da fiscalización do endebedamento autonómico. Exercicios 2013-2017 | 06-03-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización selectiva do Concello de Carballo. Exercicios 2013-2017 | 06-03-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización selectiva do Concello de Porriño. Exercicios 2017-2018 | 06-03-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización da rendición da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2018 | 04-05-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización da Conta Xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2018 | 04-05-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2018 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización dos Fondos Europeos. Exercicio 2018 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Administración Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2018 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe económico financeiro das entidades instrumentais autonómicas. Exercicio 2018 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización selectiva da entidade local menor de Bembrive. Exercicio 2015 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización dos recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polas entidades locais de Galicia. Exercicio 2018 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017-2018 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de fiscalización da Conta Xeral do Sergas. Exercicio 2018 | 14-10-2020 | 30-10-2020 |
| Informe de seguimento das recomendacións das entidades locais de Galicia. Exercicio 2019 | 28-10-2020 | 30-10-2020 |

Xunto cos informes anteriores, o Consello de Contas presentou ao Parlamento as súas contas anuais e a memoria de actividades correspondentes ao ano 2019.

Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2020 atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso pórse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.





III.3. COMUNICACIÓNS OU DENUNCIAS PRESENTADAS ANTE O CONSELLO DE CONTAS

O artigo 24 da LCC, establece que o procedemento para o exercicio da función fiscalizadora tamén se poderá iniciar de oficio por acordo do Pleno do Consello de Contas, logo da comunicación presentada por persoa física ou xurídica.

Os artigos 65 e 66 do RRI regulan a tramitación das comunicacións ou denuncias e as actuacións complementarias que poden desenvolverse cando o Consello tivese coñecemento da existencia de feitos ou comportamentos que puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable para os efectos de ampliar os feitos e cualificar, con maior coñecemento daqueles, a existencia de indicios desta responsabilidade.

Desde 2017 o Consello dispón dun protocolo de actuacións a seguir para a tramitación de comunicacións e denuncias, establecendo as distintas respostas que se deban dar ás denuncias presentadas, podendo adoptar algunha ou varias das seguintes decisións:

- Arquivo das actuacións, por entender que a denuncia aborda cuestións que non se atopan dentro das competencias da Institución.
- Remisión ao Tribunal de Cuentas para o seu coñecemento en relación á posible esixencia de responsabilidades contables.
- Remisión á Fiscalía no caso de que os feitos denunciados puidesen dar lugar a responsabilidades penais.
- Desenvolvemento de actuacións complementarias para ampliar os feitos e cualificar a posible existencia de responsabilidades.
- Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados.
- Toma en consideración de cara á elaboración dos futuros plans de traballo.

No exercicio 2020 recibíronse 15 denuncias que foron obxecto de resolución polo Pleno. No cadro seguinte ofrécese información ao respecto dos acordos tomados polo Pleno en contestación ás denuncias presentadas:

Acordos adoptados polo Pleno en relación coas denuncias presentadas

| Acordo do Pleno | Núm. de acordos |
|---|-----------------|
| Arquivo das actuacións | 8 |
| Remisión ao Tribunal de Contas | 2 |
| Inclusión nas fiscalizacións dos plans de traballo aprobados | 4 |
| Toma en consideración para a elaboración de futuros plans de traballo | 1 |
| Total acordos | 15 |



Os feitos obxecto das denuncias tomadas en consideración están incluídos nos Plans de Traballo de 2020 e 2021, e correspóndese coas seguintes entidades:

- Concello de Verín (Ourense), no Plan de Traballo de 2020.
- Concello de Catoira (Pontevedra), no Plan de Traballo de 2020.
- Concello de Cangas (Pontevedra), no Plan de Traballo de 2021.
- Concello de Pontearreas (Pontevedra), no Plan de Traballo de 2020.
- Deputación Provincial de Ourense, no Plan de Traballo de 2020, informe enviado ao Parlamento o 27 de maio de 2021.

IV. ACTIVIDADE DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

IV.1. ACTIVIDADE DA SECCIÓN DE PREVENCIÓN

IV.1.1. INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, supuxo o reforzamento institucional do Consello a través da atribución de novas competencias, entre as que destacan as relacionadas coa prevención da corrupción, a fiscalización e control da actividade económico-financiera das subvencións da Comunidade Autónoma que perciban as formacións políticas, no marco establecido na normativa do Estado, e a evolución dos bens patrimoniais das persoas que ocupen altos cargos no sector público autonómico.

Dende o punto de vista organizativo, a aprobación do Regulamento de réxime interior trata de dotar de operatividade ao contido das novas funcións, concretando os elementos de detalle que permiten a definición, no marco establecido pola lei, dun auténtico modelo de realización das novas funcións preventivas en materia de corrupción.

O desenvolvemento da función de prevención da corrupción apóiase na seguinte estrutura organizativa:

- A Sección de Prevención da Corrupción, que exercerá as funcións que o Consello ten atribuídas nesta materia, presidida polo conselleiro maior e integrada polos conselleiros/as que o Pleno designe. A horizontalidade dos traballos desta Sección require para o seu desenvolvemento da participación de tódolos departamentos do Consello de Contas.
- A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción, integrada por cinco auditores designados polos conselleiros/as de cada departamento, que ten encomendadas, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a elaboración de



guías e modelos de plans de prevención da corrupción. Asisten ás súas sesións en calidade de asesores a Letrada maior e o Interventor do Consello.

- A Unidade de Prevención da Corrupción, que dará apoio administrativo á Comisión para garantir a súa operatividade.

Dende o punto de vista estratéxico, definíronse tres eixes fundamentais en torno aos que se desenvolverán as actividades nesta materia: colaboración na implantación dos sistemas de prevención, asesoramento institucional, e sensibilización e concienciación.

A Sección de Prevención da Corrupción, en sesión celebrada o 13 de xullo de 2021, aprobou o informe das actividades desenvolvidas no ano 2020, que segundo o artigo 20.4 da LCC debe incorporarse a esta memoria anual.¹

A continuación relaciónanse as principais actuacións desenvolvidas no exercicio 2020, que se centraron nos eixes 1 e 3 definidos no documento de estratexia.

IV.1.2. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN (EIXE 1)

Neste eixe de actuación, a estratexia a seguir polo Consello de Contas pasa polo establecemento nas entidades públicas dunha política de integridade institucional (normas, procesos e órganos que preveñan as condutas inadecuadas), a identificación das actividades e riscos susceptibles de actos de corrupción, a adopción de medidas para minimizalos e a realización de actividades de control para a súa supervisión. O obxectivo é que todos estes elementos se plasmen nun programa ou plan de prevención da corrupción.

Con esta finalidade, no exercicio 2020 realizáronse os seguintes traballos:

- *Documento nº 6: Plan de prevención de riscos do Consello de Contas*

Ao longo do exercicio 2020 desenvóléronse, coa participación dos interlocutores das diferentes unidades administrativas e departamentos do Consello de Contas, os traballos para a identificación dos riscos e das medidas propostas para reducilos e mellorar a xestión.

Partindo dos resultados obtidos nestes traballos, no exercicio 2020 concluíuse a elaboración do plan de prevención de riscos que, de conformidade co disposto no capítulo IV do título III do regulamento de réxime interior, describe as políticas de integridade do Consello e aborda unha análise de riscos de xestión, incluídos os de corrupción, determinando os factores que os provocan e o nivel de exposición

¹ Apéndice 2



da Institución a eses riscos. Así mesmo, prevé as medidas que permitirán controlalos e reducilos ou, no seu caso, eliminalos.

En coherencia co exposto, o contido do Plan estrutúrase en catro partes:

1. Caracterización do Consello de Contas
2. Compromiso ético da Institución
3. Identificación dos riscos e medidas para a súa prevención
4. Seguimento, avaliación e actualización do Plan.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 16 de decembro de 2020, remitir o borrador do Plan ao conselleiro designado polo Pleno como coordinador dos traballos a efectos da súa presentación perante a Sección de Prevención da Corrupción.

- *Adaptación das Directrices Técnicas para o traballo de avaliación do control interno e xestión de riscos na Administración xeral da Comunidade Autónoma*

No traballo *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia en materia de prevención da corrupción, exercicio 2018*, incluído no plan de traballo anterior, realizouse unha revisión dos sistemas de control interno e políticas de integridade sobre os centros da Administración xeral con competencias horizontais de deseño e regulación desas políticas e sobre tres secretarías xerais técnicas nas que se completou a revisión do control interno co impulso e acompañamento para a realización dunha análise e avaliación de riscos e a elaboración dun plan de prevención de riscos de xestión.

Esta nova actuación ten como obxectivo facer un seguimento das estratexias de prevención e das recomendacións formuladas no informe anterior e dar continuidade aos traballos de revisión dos sistemas de control interno, impulso e acompañamento na análise e avaliación de riscos e na elaboración de plans de prevención de riscos nas restantes secretarías xerais técnicas das consellerías da Xunta.

Así mesmo, preténdese afondar na aplicación práctica das políticas que na revisión anterior se consideraron como implantadas ou en fase de implantación, mediante a avaliación das actividades despregadas con esa finalidade.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 12 de novembro de 2020, remitir as directrices técnicas ao conselleiro da área de conta xeral para a súa elevación á Sección de Prevención da Corrupción.

- *Anteproxecto do informe sobre a Avaliación da Transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma galega.*





Este traballo responde á estratexia en materia de prevención da corrupción aprobada polo Consello de Contas de Galicia que pretende compatibilizar a revisión integral dos sistemas de control interno do Sector Público autonómico con análises específicos en sectores, actividades ou áreas que, pola natureza das operacións e procesos que realizan, son especialmente susceptibles a posibles actos de corrupción, como sucede na contratación pública.

A Comisión acordou, en sesión celebrada o 3 de abril de 2020, remitir o Anteproxecto de informe á Sección de Prevención da Corrupción, e que foi aprobado polo dito órgano o 28 de outubro.

IV.1.3. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN (EIXE 3)

Este eixe de actuación comprende as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.

Neste sentido, os instrumentos de colaboración configúranse como elementos fundamentais para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención; o seguimento dos protocolos vixentes constituíu o núcleo fundamental das actuacións levadas a cabo neste ámbito no exercicio 2020.

Polo que respecta ao *Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia*, a súa Comisión de seguimento reuniuse de xeito presencial en dúas ocasións, a primeira en xullo e a segunda en setembro.

Nas sesións celebradas, os representantes do Consello de Contas expuxeron aos asistentes as actuacións en materia de prevención da corrupción previstas pola institución para o exercicio 2020 e presentaron un borrador de propostas para un plan de formación neste ámbito. Así mesmo, a auditora responsable do *Informe de Avaliación da transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma galega* presentou perante a Comisión o contido deste traballo. Por último, tamén se incluíu entre os asuntos a tratar na orde do día da a presentación do borrador do Programa de integridade institucional da Xunta de Galicia.

No relativo ao *Protocolo de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación e sensibilización en materia de integridade e comportamento ético*, a última sesión da Comisión de seguimento celebrouse en decembro de 2019.

Durante o exercicio 2020 abordouse, de acordo cos criterios adoptados na devandita sesión, a última fase da elaboración das unidades didácticas previstas no Protocolo (aspectos visuais, formato,



maquetación, etc.). A versión final dos documentos inclúe un caderno para o alumnado e outro para o profesorado que poden ser consultado na páxina web do Consello de Contas.

IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA

En cumprimento do previsto na norma décima das Normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias, o 16 de xullo de 2021 o Pleno do Consello acordou a proposta do propio Comité e por unanimidade, a incorporación do Informe de actuacións do Comité de Ética do exercicio 2020 a esta memoria de actividades.²


O comité celebrou durante 2020 dúas reunións, nas que se trataron os seguintes asuntos:

| Data da sesión | Asuntos tratados |
|----------------|--|
| 18.02.2020 | Proposta de pronunciamento do Comité que formula o Secretario sobre a consulta 1/2020 presentada mediante correo electrónico remitido ao Comité de Ética do Consello de Contas |
| 23.06.2020 | Proposta de acordo sobre o alcance da publicidade dos pronunciamentos do Comité sobre as consultas presentadas Presentación do informe de actuacións do Comité de Ética, exercicio 2019 |

No exercicio 2020 non se presentaron queixas ou denuncias sobre posibles incumprimentos dos valores, principios ou condutas recollidos no Código Ético Institucional, polo que non houbo ningún pronunciamento do Comité sobre este tipo de condutas.

Neste exercicio presentouse unha consulta ao Comité de Ética solicitando un pronunciamento sobre a posible existencia de conflito que afecte a independencia e obxectividade en diferentes supostos. Esta consulta deu lugar ao seguinte pronunciamento do Comité:

² Apéndice 3.





| Pronunciamento 1/2020 | |
|--------------------------|--|
| Conduta denunciada | Solicitase un pronunciamento sobre a posible existencia de conflito que afecte á independencia e obxectividade para o desempeño do posto de traballo no Consello de Contas, nos supostos seguintes: - Exercicio do dereito ao sufraxio pasivo per se. - Toma de toma de posesión en cargo representativo en réxime ou non de dedicación exclusiva ou parcial. - Desempeño de posto por designación política que teña a consideración de alto cargo por previsión legal ou regulamentaria. |
| Doutrina aplicada | 1. Código ético Institucional do Consello de Contas. 2. Normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias. 3. Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. 4. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas. 5. Lei 27/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia 6. Norma de auditoría ISSAI-ES 100 |
| LOEOSF | Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira |
| LOFAXGA | Lei de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público de Galicia |
| MCA | Marco comunitario de apoio |
| N/A | Non aplicable |
| OI | Organismo intermedio |
| OOAA | Organismos autónomos |
| P.O. | Programa Operativo |
| POPE | Programa Plurirrexional de España |
| PYME | Pequena e mediana empresa |
| R | Recomendación |
| RUEPSS | Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais |
| SEC-2010 | Sistema europeo de contas 2010 |
| SERGAS | Servicio galego de saúde |
| TRLFOG | Texto refundido la lei financeira e orzamentaria de Galicia |
| UE | Unión Europea |
| XUMCO | Sistema de información de xestión unificada e mecanizada da contabilidade |





CSV: BOPGDSPGAaYINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

70528



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 82 a 189



I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas, por acordo do 22 de decembro de 2020, aprobou o programa anual de traballo para o ano 2021 correspondente á fiscalización do exercicio 2019, no que se contempla a realización do seguimento das recomendacións formuladas como consecuencia das fiscalizacións dos exercicios 2012 ao 2018.

I.1. ASPECTOS LEGAIS

O artigo 51 da Resolución do 27 de febreiro de 2017 pola que se dispón a publicación do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia establece que o Consello propondrá nos seus informes as medidas que estime que deben adoptarse para a mellor xestión económico-administrativa do sector público, así como aquelas outras máis idóneas para lograr un control máis eficaz deste.

Pola súa parte, o artigo 50.1 do mesmo texto xurídico establece que a Memoria anual comprenderá un balance das actuacións practicadas polo Consello de Contas e un resumo da súa actividade e organización, e xuntaráselle a seguinte documentación.

“ ...

i) A información sobre o seguimento das recomendacións realizadas en informes de fiscalización anteriores.

... ”

As recomendacións contidas nos informes de fiscalización pretenden a mellora dos sistemas, operacións, xestións e prácticas levadas a cabo polas entidades obxecto de exame.

As recomendacións son unha consecuencia das fiscalizacións e o Consello de Contas considera que o seu cumprimento por parte das entidades fiscalizadas implica unha mellora da xestión dos recursos públicos. Ademais, ao non ser vinculantes, o seu cumprimento manifesta que a entidade fiscalizada ten unha expresa vontade de mellorar a xestión e un compromiso coa transparencia.

Segundo as normas internacionais de auditoría, o seguimento dos informes de fiscalización constitúe a última fase do ciclo de planificación, execución e seguimento das auditorías de cumprimento.

Na realización deste traballo tívose en conta a metodoloxía que aplica o Tribunal de Contas Europeo, referido a fiscalizacións especiais.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625ZARDY4T | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 83 a 189



II. METODOLOXÍA

II.1. ÁMBITO DO TRABALLO

O traballo a realizar comprende aos informes de fiscalización emitidos polo Consello de Contas de Galicia respecto dos exercicios 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018, do Sector Público autonómico, que son realizados de forma periódica, polo que a verificación do grao de implantación das recomendacións formuladas nos informes de fiscalización dos ditos exercicios levarase a cabo na fiscalización do exercicio inmediato seguinte.

II.2. OBXECTIVOS

O traballo ten como obxectivo principal avaliar o impacto dos informes de fiscalización sobre a mellora das prácticas de xestión da Administración da Comunidade Autónoma e as entidades e organismos dela dependentes a través da avaliación da aplicación das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos seus informes de fiscalización de realización anual.

Este seguimento das recomendacións ten como referencia para a análise as contestacións remitidas polas entidades suxeitas a este control. Non se trata dun informe de fiscalización, senón que xurde como consecuencia das fiscalizacións realizadas en anos anteriores.

II.3. RECOMENDACIÓNS OBXECTO DE SEGUIMENTO

As recomendacións obxecto de seguimento están contidas nos seguintes informes de fiscalización:

INFORMES RECORRENTES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2018
2. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 a 2018
3. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 a 2018.
4. Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde Exercicios 2012 a 2018
5. Informe económico financeiro sobre as Entidades Públicas Instrumentais. Exercicios 2012 a 2018.

INFORMES NON RECORRENTES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

6. Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 a 2016.
7. Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 a 2016.
8. Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017





9. Fiscalización do concerto co hospital POVISA
10. Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes
11. Fiscalización sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Exercicios 2010-2016
12. Fiscalización do endebedamento autonómico. Exercicios 2013-2017.
13. Fiscalización selectiva das Fundacións do sector público autonómico.
14. Fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na administración xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017.
15. Fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017-2018.

II.4. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

A área de Coordinación Xeral é responsable de levar a cabo a coordinación dos traballos, e emitir o correspondente informe.

O traballo foi realizado de xeito transversal, é dicir, cada unha das áreas del Consello é a responsable da emisión dos informes que conteñen as recomendacións formuladas no seu momento, e levou a cabo o seguimento e a avaliación da coherencia das contestacións achegadas polas entidades fiscalizadas para a súa posterior clasificación, sen que forme parte do alcance do traballo realizar as probas de auditoría que foran pertinentes, proporcionando á Area de Coordinación Xeral os resultados das correspondentes avaliacións.

Cos resultados acadados, a Area de Coordinación Xeral elaborou o presente informe.

Para a consecución dos obxectivos formulados desenvolveuse o traballo conforme ás seguintes fases:

1. Listaxe de recomendacións. Elaboración dunha relación das recomendacións que figuran nos correspondentes informes de fiscalización do Consello de Contas. Clasificación das recomendacións por exercicio, tipo de entidade e tipo de recomendación.
2. Traballo de campo. Obtención de información actualizada do seu grao de aceptación e implantación, que se requirirá dos diferentes órganos xestores afectados, a través da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA). Constitución de grupos de traballo integrados polos auditores responsables dos informes e os interlocutores designados polos órganos de xestión, baixo a coordinación das persoas que ostentaron a secretaría da Comisión mixta Consello de Contas-IXCA. Celebración de reunións de traballo para analizar cada unha das recomendacións formuladas nos informes recorrentes e no informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes.



3. Análise e avaliación das contestacións. Realización da avaliación dos datos, informacións e explicacións aducidas pola IXCA e demais entidades concernidas, sobre a coherencia das súas contestacións para a súa posterior clasificación, coa colaboración das áreas responsables dos informes de fiscalización a que corresponden as recomendacións.
4. Redacción do informe
5. Aprobación do informe

Cómpre salientar que, no ámbito do sector público autonómico e dando cumprimento aos acordos adoptados nesta materia pola Comisión Mixta Consello de Contas de Galicia-Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, este ano formáronse de grupos de traballo mixtos integrados por persoal fiscalizador coa participación da IXCA e dos centros xestores correspondentes, téndose realizado un seguimento máis detallado do cumprimento das recomendacións contidas nos informes de fiscalización non recorrentes ademais do Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes, exercicio 2015. A actividade deses grupos de traballo impulsou un maior grao de cumprimento das recomendacións propostas nos informes de fiscalización.

Pola súa parte o Consello de Contas está a desenvolver un procedemento informático de seguimento permanente do cumprimento das recomendacións, actualizable en tempo real. Cando estea plenamente operativo suporá unha facilidade máis para que as entidades suxeitas a fiscalización poidan informar de inmediato dos seus avances nesta materia.

Dada a natureza deste seguimento de recomendacións, o informe non será sometido a trámite de alegacións.

II.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS CONTESTACIÓNS ÁS RECOMENDACIÓNS

Na análise das contestacións formuladas pola IXCA e as demais entidades concernidas no obxecto do traballo, o Consello aplicou os seguintes criterios:

1. Recomendación total ou substancialmente aplicada.

Considérase que a recomendación foi total ou substancialmente aceptada cando a entidade adoptou, no seu ámbito de competencias, as medidas correctoras suficientes e proporcionadas para valorar que a recomendación foi atendida e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Neste caso a recomendación considerase cumprida.





2. Recomendación parcialmente aplicada

Cando a entidade obxecto de control tomou en consideración as recomendacións e comezou a realizar actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, sen completar a súa execución. Neste caso considerárase a recomendación parcialmente cumprida polo que se manterá a recomendación axustándoa ou reformulándoa no caso que sexa procedente.

3. Recomendación non aplicada

Considerárase que a recomendación non foi aplicada cando a entidade obxecto de control non ten realizado as actuacións dirixidas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeran de manifesto, ou ben o tivera feito de xeito insuficiente o inadecuado de xeito que a recomendación segue sen aplicarse. Atendendo á diferente casuística que se produce, e sen prexuízo doutros casos que poidan considerarse, pódense distinguir, cando menos, as subcategorías seguintes.

3.1. Non aceptada, non compartida. Se a entidade obxecto de control non a ten tomado en consideración por discrepar coa recomendación efectuada polo Consello de Contas no seu informe de fiscalización.

3.2. Non contestada. Recomendacións sobre as que a entidade obxecto de control, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se ten pronunciado nin expresa nin tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o ten feito de xeito xenérico, poñendo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vencellas a unha recomendación concreta.

3.3. Aceptada. Pendente de aplicar. Se a entidade obxecto de control ten tomado en consideración a recomendación, mesmo reconece a súa pertinencia e está de acordo co seu contido, malia non habela aplicado. Tamén terá esta cualificación cando aínda que se teñen realizado actuacións foron levadas a cabo de xeito insuficiente ou incompleto. Enténdese que a recomendación sendo aceptada e compartida atópase pendente de aplicación.

3.4. Aceptada. En proceso de aplicación. Cando a entidade obxecto de control acepta a recomendación estando a levar a cabo actuacións que permiten considerar que está en proceso de aplicación.

4. Non válida no marco actual

Recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitiu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas pola entidade obxecto de control, non poden aplicarse no contexto actual, ao non darse as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística



que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales efectuouse a recomendación no pasado.

5. Non verificada

Recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixidas pola entidade obxecto de control, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado pola entidade fiscalizada que excede o alcance previsto no traballo, ou ben o xeito de poder esclarecer as dúbidas xeradas pola contestación recibida ao seguimento realizado.

As recomendacións que non foron contestadas foron consideradas como non asumidas polo ente fiscalizado.

III. LIMITACIÓNS DAS ACTUACIÓNS

No desenvolvemento deste traballo non se puxeron de manifesto limitacións ao alcance das actuacións de seguimento das recomendacións formuladas obxecto do traballo, coa excepción de que en seis das 96 recomendacións remitidas ás entidades obxecto de seguimento, non se obtivo resposta, considerando o Consello de Contas, na súa avaliación, que non foron asumidas por ditas entidades.


IV. TRATAMENTO DAS CONTESTACIÓNS

A Lei 8/2015, de modificación da Lei do Consello de Contas, atribúe á Comisión mixta Consello de Contas – Intervención Xeral, entre outras funcións, o seguimento das recomendacións contidas nos informes de fiscalización.

Respecto das recomendacións dos informes que figuran na Memoria do Consello 2020 (informes 2018) e que foron remitidas en decembro de 2020 á Intervención Xeral para recompilar información sobre o seu grao de implantación, a Comisión mixta decidiu, como actuación complementaria, realizar unha análise pormenorizada do grao de cumprimento e, sobre todo, das causas de non aceptación/aplicación ou das dificultades para levalo a efecto, para coñecer e poder contrastar a posición dos xestores e dos auditores do Consello que permitise avanzar no tratamento daquelas.

Para estes efectos, na sesión da Comisión mixta do 17 de xuño de 2020 acordouse a constitución de grupos de traballo integrados polos auditores responsables dos informes e os interlocutores designados polos órganos de xestión, que serían coordinados polas persoas que ostentaron a secretaría da Comisión mixta.

Os grupos de traballo reuníronse en seis sesións ao longo dos meses de febreiro e marzo de 2021, documentando a posición das partes sobre cada unha das recomendacións analizadas.





O ámbito das recomendacións sobre as que se realizou o traballo foron os cinco informes recorrentes detallados no apartado II.3 deste informe ademais do Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes, exercicio 2015⁴.

Os principais aspectos abordados e o tratamento dispensado resúmese a continuación:

A) En primeiro lugar, identificáronse as causas da non aceptación de determinadas recomendacións por parte dos xestores; reformulouse polo Consello algunha das non aceptadas para buscar medidas alternativas que atenderan aos mesmos obxectivos e tamén se instou aos xestores a reconsiderar a viabilidade dalgunha outra sen necesidade desa reformulación.

B) En segundo lugar, contrastáronse algunhas diferenzas de criterio entre o Consello e os xestores en torno á efectiva aplicación de recomendacións que os xestores entendían que xa estaban aplicadas, mentres que o Consello entendía que non. Neste punto puxéronse en común as limitacións que segundo o Consello afectaban ao cumprimento daquelas e tamén o compromiso dos xestores de adoptar algunha medida adicional ata o momento non asumida por eles.

C) Buscouse unha saída as recomendacións que, aínda asumidas polos xestores, non estaban aplicadas por afectar a cuestións estruturais que non poden cumprirse a curto prazo por diferentes motivos. Como vía de avance de cara ao seu cumprimento, asumíuse polos xestores o compromiso de establecer e periodificar medidas parciais na dirección apuntada na recomendación, e polo Consello evitar a formulación de recomendacións deste tipo, orientalas máis a corrixir as causas que motivan as incidencias, e na medida do posible reformular as recomendacións actuais que teñan ese carácter.

D) Aclaráronse aspectos de determinadas recomendacións que segundo o criterio dos xestores precisaban concreción para poder abordalas ou cumprilas a plena satisfacción do Consello. En cinco recomendacións precisáronse as medidas concretas que podían dar cumprimento aos obxectivos daquelas, que nuns casos foron asumidas polos xestores de forma inmediata e noutros co compromiso de realizarse no futuro.

E) Valorouse a posibilidade de reformulación das recomendacións que afectaban a situacións que xa foron melloradas ou corrixidas nos últimos exercicios e traen causa de anos anteriores; que inclúen algún aspecto de imposible realización; ou falta de competencia dos órganos aos que se dirixen por afectar a outras Administracións distintas das fiscalizadas.

F) Respecto das recomendacións pendentes de aplicación por falta de recursos ou pola necesidade de intervención doutros axentes trazouse como obxectivo ir incorporando pasos ou medidas

⁴ Incluíronse no estudo as recomendacións deste informe por estar programada unha fiscalización do cumprimento das súas recomendacións.



parciais na dirección que demanda o cumprimento da recomendación, incluso tendo presente esas limitacións de recursos, acreditar esa situación diante do Consello para poder valorala e que o Consello considere eses factores para a formulación e priorización das recomendacións.

As contestacións ás recomendacións foron formuladas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, a Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, A Dirección da Axencia Tributaria de Galicia, a Dirección Xeral da Función Pública, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e Subdirección Xeral de atención hospitalaria.

Estas entidades ofreceron os datos e explicacións das actuacións que se están a desenvolver para o cumprimento da recomendacións formuladas nos correspondentes informes de fiscalización. Estes datos e manifestacións avaliáronse co obxecto de determinar se as recomendacións foron admitidas, puxéronse en marcha as medidas ou mecanismos para solucionar as irregularidades ou deficiencias comunicadas ou si manifestan a súa disposición para solucionarlas no futuro.

Ao terse realizado o seguimento das recomendacións sobre a base das manifestacións realizadas polas entidades afectadas, a análise centrouse na valoración da coherencia das súas contestacións para a súa clasificación posterior, sen que formen parte do traballo a realización das probas substantivas de auditoría que sexan pertinentes.

Cando é necesario efectuar algunha proba adicional de comprobación, que excede o alcance previsto neste traballo, indícase, ao respecto da recomendación de que se trate, "non verificada", debendo ser analizada na forma e tempo oportunos, manténdose vixente o texto da recomendación.

Na avaliación da contestación realizada pola entidade afectada pode que o manifestado non se corresponda cos feitos que realmente se constatan nas fiscalizacións que periodicamente se efectúan e outras que se estean levando a cabo. Por ese motivo, os resultados deste traballo non condicionan os derivados de futuras fiscalizacións, nas que poderanse acadar conclusións diferentes das contidas aquí.

O texto das recomendacións e as contestacións ás mesmas, así como o nome da entidade que as formula, as consideracións e explicacións e as actuacións realizadas ou propostas, órgano responsable e prazo de implantación, figuran detalladas no Anexo 1 deste informe.





No Anexo 2 figura un cadro coa estatística das recomendacións vixentes e o seu grao de aplicación segundo a avaliación efectuada polo Consello de Contas. No Anexo 3 detállanse nun cadro cada unha das recomendacións, a cualificación das entidades fiscalizadas e a avaliación do Consello de Contas. No Anexo 4 figura un cadro comparativo das contestacións ás recomendacións e a súa avaliación, clasificadas por informes de fiscalización.

V. CONCLUSIONES

Das 96 recomendacións analizadas foron contestadas 90 polas entidades comprendidas no ámbito de aplicación dos quince informes de fiscalización correspondentes ao período 2012-2018, que son obxecto de avaliación. As seis recomendacións non contestadas considéranse como non aceptadas por aquelas.

Un total de 21 recomendacións, que supoñen aproximadamente un 22%, non foron aceptadas polas entidades suxeitas a control, das cales 6 non foron contestadas e unha considerouse non válida no marco actual.

Das 75 aceptadas 6 consideráronse totalmente aplicadas (un 6,3% do total), 13 estaban parcialmente aplicadas (un 13,5%), 26 en proceso de aplicación (un 27%), 29 estaban pendentes de aplicar (o 30,2%) e unha precisaría da realización de probas adicionais de comprobación para contrastar o manifestado, polo que será obxecto dunha avaliación posterior.

Respecto ao exercicio anterior, cómpre destacar o incremento significativo do número de recomendacións en proceso de aplicación que se atopaban pendentes de aplicar, debido á implementación das medidas tendentes a dar cumprimento ao recomendado polo Consello de Contas.

Incrementábase notablemente o número das recomendacións pendentes de aplicar debido a que son as máis recentemente formuladas e que precisan un certo tempo de implementación.

No cómputo xeral, aumenta lixeiramente o número de recomendacións non aceptadas polos órganos xestores. Aínda que neste exercicio incrementáronse moito os contactos para realizar un seguemento máis detallado de cada unha das recomendacións, segue sendo necesario avanzar especialmente neste ámbito, clarexando as dúbidas que, de ser o caso, concorreran nos correspondentes supostos.

Se nos fixamos soamente nos datos dos cinco informes recorrentes (51 recomendacións), téñense rexistrado avances no cumprimento das recomendacións por parte dos xestores. Retiráronse 4 recomendacións por considerarse cumpridas, incrementándose respecto do exercicio anterior o número de recomendacións aplicadas.



Así mesmo, reduciuse o número de recomendacións non aceptadas polos xestores, o que denota unha maior disposición para o seu cumprimento. Naqueles casos nos que os xestores manifestaron non comprender moi ben o alcance das recomendacións reformuláronse nos informes de fiscalización actuais para favorecer unha aplicación máis inmediata.

O número de recomendacións que o Consello considera correcta e completamente aplicadas é aínda moi escaso, polo que, tendo en conta o que antecede, á vista dos resultados da avaliación das contestacións das entidades obxecto de seguimento, o Consello de Contas considera que son apreciables os avances producidos respecto do ano anterior, pero aínda é insuficiente o grao acadado no cumprimento das recomendacións. En consecuencia, insta ás entidades fiscalizadas a mellorar a súa posta en práctica co obxectivo xeral de incrementar a calidade da xestión pública.

VI. RESULTADOS DO TRABAJO

VI.1. ANÁLISE SEGUNDO AS ENTIDADES FISCALIZADAS

Analizáronse 96 recomendacións contidas nos quince informes de fiscalización obxecto de seguimento.

Cadro 1: Recomendacións obxecto de seguimento sector público autonómico


| Nº | Informes de fiscalización Exercicios 2012-2013-2014-2015-2016-2017-2018 | Número de recomendacións obxecto de seguimento |
|----|--|---|
| 1 | Conta Xeral da Comunidade Autónoma | 15 |
| 2 | Fondos de Compensación Interterritorial | 6 |
| 3 | Fondos procedentes da Unión Europea. | 4 |
| 4 | Fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde | 15 |
| 5 | Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais | 11 |
| | FISCALIZACIÓNS RECORRENTES | 51 |
| 6 | Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral | 5 |
| 7 | Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS | 3 |
| 8 | Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS | 6 |
| 9 | Fiscalización do concerto co hospital POVISA | 1 |
| 10 | Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes | 9 |
| 11 | Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia | 4 |
| | FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES | 2 |
| | Total fiscalizacións | 88 |

Das 96 recomendacións analizadas 90 foron contestadas polos órganos concernidos nos correspondentes informes de fiscalización, e 6 non contestadas.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 92 a 189





Segundo os seus propios datos, as entidades fiscalizadas aceptaron 73 recomendacións e non aceptaron 23. As 6 recomendacións que non foron contestadas considéranse como non asumidas e, polo tanto, non aceptadas.

No cadro seguinte detállase o grao de aceptación das recomendacións segundo o criterio das entidades obxecto de seguimento.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 93 a 189




Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

Cadro 2: Grao aceptación recomendacións sector público autonómico segundo os xestores

| Nº | Informes de fiscalización Exercicios 2012-2013-2014-2015-2016-2017-2018 | Número de recomendacións obxecto de seguimento | Contestacións | | |
|----|--|--|------------------|-----------|--------------------|
| | | | Non aceptadas | Aceptadas | Non contestadas |
| 1 | Conta Xeral da Comunidade Autónoma | 15 | 3 | 12 | 0 |
| 2 | Fondos de Compensación Interterritorial | 6 | 0 | 6 | 0 |
| 3 | Fondos procedentes da Unión Europea. | 4 | 0 | 4 | 0 |
| 4 | Fiscalización da Conta Xeral do SERGAS | 15 | 4 | 11 | 0 |
| 5 | Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais | 11 | 0 | 11 | 0 |
| | FISCALIZACIÓNS RECORRENTES | 51 | 7 | 44 | 0 |
| 6 | Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral | 7 | 1 | 5 | 1 |
| 7 | Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS | 3 | 0 | 3 | 0 |
| 8 | Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS | 9 | 3 | 6 | 0 |
| 9 | Fiscalización do concerto co hospital POVISA | 3 | 0 | 3 | 0 |
| 10 | Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes | 10 | 2 | 8 | 0 |
| 11 | Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia | 4 | 0 | 3 | 1 |
| 12 | Fiscalización do endebedamento autonómico | 2 | 0 | 1 | 1 |
| 13 | Fiscalización selectiva das fundacións do sector público autonómico | 8 | 1 | 4 | 3 |
| 14 | Fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A. | 3 | 2 | 1 | 0 |
| 15 | Fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus | 4 | 0 | 4 | 0 |
| | FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES | 45 | 9 | 30 | 6 |
| | TOTAL FISCALIZACIÓNS | 96 | 16 | 74 | 6 |

Gráfico nº 2 Sector público autonómico Recomendacións totais. Grao de aceptación segundo as entidades fiscalizadas Ex. 2018



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 94 a 189




Cadro 3: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo os xestores

| Nº | Informes de fiscalización exercicios 2012 ao 2018 | Número de recomendacións obxecto de seguimento | Grao aplicación segundo os xestores | | | | |
|---------------------------------------|--|---|-------------------------------------|-----------|---------------------------|-----------------------------|--------------------------|
| | | | Non aceptadas non aplicadas | Aceptadas | | | |
| | | | | Aplicadas | Aplicadas parcialmente | En proceso de aplicación | Pendientes de aplicar |
| 1 | Conta Xeral da Comunidade Autónoma | 15 | 3 | 6 | 0 | 0 | 6 |
| 2 | Fondos de Compensación Interterritorial | 6 | 0 | 2 | 0 | 0 | 4 |
| 3 | Fondos procedentes da Unión Europea. | 4 | 0 | 1 | 0 | 1 | 2 |
| 4 | Fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. | 15 | 4 | 3 | 2 | 4 | 2 |
| 5 | Fiscalización da actividade económica das Entidades Públicas Instrumentais | 11 | 0 | 0 | 1 | 4 | 6 |
| FISCALIZACIÓNS RECORRENTES | | 51 | 7 | 12 | 3 | 9 | 20 |
| 6 | Fiscalización da tesouraría da Administración Xeral | 5 | 1 | 3 | 0 | 0 | 1 |
| 7 | Fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS | 3 | 0 | 0 | 0 | 3 | 0 |
| 8 | Fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS | 6 | 3 | 2 | 0 | 0 | 1 |
| 9 | Fiscalización concerto co hospital POVISA | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 |
| 10 | Fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes | 9 | 2 | 0 | 2 | 5 | 0 |
| 11 | Procesos de extinción de entidades dependentes da C.A de Galicia | 4 | 2 | 1 | 0 | 1 | 0 |
| 12 | Fiscalización do endebedamento autonómico | 2 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| 13 | Fiscalización selectiva das fundacións do sector público autonómico | 8 | 4 | 0 | 0 | 1 | 3 |
| 14 | Fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na Admón. Xeral da C.A. | 3 | 2 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| 15 | Fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus | 4 | 0 | 0 | 0 | 4 | 0 |
| FISCALIZACIÓNS NON RECORRENTES | | 45 | 15 | 7 | 3 | 14 | 6 |
| TOTAL FISCALIZACIÓNS | | 96 | 22 | 19 | 6 | 23 | 26 |

Das 74 recomendacións que as entidades fiscalizadas manifestan aceptar, comunican que aplicaron totalmente 19, aplicaron parcialmente 6, atopándose 23 en proceso de aplicación e 26 pendentes de aplicar.





VI.2. ANÁLISE SEGUNDO A AVALIACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS

Neste informe e de agora en adiante, no ámbito do sector público autonómico, realizarase unha análise detallada aplicando os criterios de avaliación do Consello de Contas sobre as contestacións realizadas polas entidades obxecto de control.

Unha vez examinadas as contestacións efectuadas polas entidades fiscalizadas, o Consello de Contas levou a cabo a avaliación da coherencia e a razoabilidade das mesmas, tendo en conta a experiencia dos auditores nos correspondentes informes de fiscalización, téndose acadado os seguintes resultados:




Cadro 4: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico segundo o Consello de Contas

| Nº | Informes de fiscalización Ex. 2012 ao 2018 | Grao de aplicación segundo o Consello de Contas | | | | | | | |
|--------------|---|---|---|-----------|------------------------|--------------------------------|--------------------------|----------|---------------------------|
| | | Non aceptadas Non aplicadas | Non válidas no marco actual. Non aplicadas | Aceptadas | | | | | (*) Non verificadas |
| | | | | Aplicadas | Aplicadas Parcialm. | En proceso de aplicación | Pendientes de aplicar | | |
| 1 | Conta Xeral da Comunidade Autónoma | 3 | 0 | 2 | 3 | 2 | 5 | 0 | |
| 2 | Fondos de Compensación Interterritorial | 0 | 0 | 0 | 2 | 2 | 2 | 0 | |
| 3 | Fondos procedentes da Unión Europea. | 0 | 0 | 0 | 0 | 4 | 0 | 0 | |
| 4 | Conta Xeral do SERGAS | 3 | 0 | 2 | 3 | 3 | 4 | 0 | |
| 5 | Entidades Públicas Dependentes. | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 10 | 0 | |
| 6 | Tesouraría da Administración Xeral | 1 | 0 | 2 | 0 | 1 | 1 | 0 | |
| 7 | Proced. xest inventario bens do SERGAS | 0 | 0 | 0 | 0 | 3 | 0 | 0 | |
| 8 | Responsabilidade patrim do SERGAS | 3 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 1 | |
| 9 | Concerto co hospital POVISA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | |
| 10 | Gto atenc resid pers maiores e depend | 2 | 0 | 0 | 3 | 4 | 0 | 0 | |
| 11 | Extinción entidade dependentes da C.A | 2 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | |
| 12 | Endebamento autonómico | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | |
| 13 | Selectiva fundacións sect públ autonóm | 4 | 0 | 0 | 0 | 1 | 3 | 0 | |
| 14 | Gtos bens ctes e serv Admón Xeral C.A. | 2 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | |
| 15 | Plan de Asistencia ao lctus | 0 | 0 | 0 | 0 | 4 | 0 | 0 | |
| Total | | 20 | 1 | 6 | 13 | 26 | 29 | 1 | |



Das 96 recomendacións analizadas, o Consello de Contas apreciou que 75 foron aceptadas e aplicadas en distintos graos: integramente 6, (6,25%), parcialmente 13, (13,54%); e en proceso de aplicación 26, (27,08%), quedando tomadas en consideración pero pendentes de aplicar 29, (30,21%). Na avaliación realizada polo Consello, evidenciouse unha contestación que precisaría da realización dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado, polo que considérase como non verificada e será obxecto dunha avaliación posterior.

Non foron aplicadas por non ter sido aceptadas polas entidades fiscalizadas un total de 20, (20,8% do total das recomendacións). Así mesmo, púxose de manifesto que, despois das análises realizadas, unha recomendación que fora proposta deviu non válida no marco actual.





Seguidamente detállanse as porcentaxes que representan sobre as 96 recomendacións analizadas, as distintas cualificacións do grao de aceptación e de cumprimento segundo a avaliación do Consello de Contas.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 98 a 189




VI.2.1. ANÁLISE DETALLADA POR INFORMES DE FISCALIZACIÓN SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A) INFORMES RECORRENTES

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 ao 2018.


Segundo a avaliación das contestacións ás recomendacións formuladas nestes informes de fiscalización, das 15 recomendacións formuladas, 2 consideráronse totalmente aplicadas, 3 non foron aplicadas por non ser aceptadas pola entidade fiscalizada, 3 avaliáronse como parcialmente aplicadas e outras 2 atopábanse en proceso de aplicación. Finalmente 5 recomendacións foron aceptadas e tidas en consideración, pero estaban pendentes de aplicar.



Informe de fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicios 2012 ao 2018.

Das 6 recomendacións formuladas 2 estaban parcialmente aplicadas, 2 atopábanse en proceso de aplicación, quedando outras 2 pendentes de aplicar.





Informe de fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicios 2012 ao 2018.

Segundo o criterio do Consello de Contas as 4 recomendacións formuladas atópanse actualmente en proceso de aplicación.


Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2012 ao 2018.

Das 15 recomendacións formuladas, 3 non foron aceptadas polo órgano xestor, 2 avaliáronse como totalmente aplicadas, 3 foron parcialmente aplicadas, outras 3 estaban en proceso de aplicación e 4 atopábanse pendentes de aplicar.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasg Galicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 100 a 189





Informe de fiscalización da actividade económica das entidades públicas instrumentais. Exercicios 2012 ao 2018.

Das 11 recomendacións formuladas, 10 avaliáronse como pendentes de aplicación e 1 estaba parcialmente aplicada.

B) ANÁLISE COMPARATIVA DOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN RECORRENTES. RECOMENDACIÓNS EXERCICIOS 2017 e 2018.

Para apreciar o grao de aplicación das recomendacións efectuadas nos informes correspondente aos exercicios 2017 e 2018, e levar a cabo unha análise comparativa, no cadro seguinte detállanse os datos obtidos na avaliación dos informes recorrentes.

Cadro 5: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico Ex. 2017-2018

| Grao aplicación recomendacións | Ex. 2018 | Ex. 2017 |
|------------------------------------|-----------|-----------|
| Aceptada. Aplicada | 4 | 2 |
| Aceptada. Parcialmente aplicada | 9 | 19 |
| Aceptada. En proceso de aplicación | 11 | 8 |
| Aceptada. Pendente de aplicar | 21 | 13 |
| Aceptada. Non verificada | 0 | 2 |
| Non aceptada. Non aplicada | 6 | 8 |
| Total | 51 | 52 |



Gráfico nº 9 Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes Ex. 2018





Gráfico nº 10 Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes Ex. 2017



O número de recomendacións viventes nos dous exercicios obxecto de comparación permite efectuar unha análise homoxénea dos resultados acadados.

Os resultados permiten constatar que se teñen rexistrado avances no cumprimento das recomendacións por parte dos órganos xestores.

Téñense retirado 4 recomendacións por considerar que obtiveron un correcto cumprimento.

Cómpre destacar que segue reducíndose o número das recomendacións non aceptadas polos órganos xestores o que denota unha maior disposición para o seu cumprimento. Naqueles casos en que os xestores manifestaron non comprender moi ben o alcance das recomendacións, reformuláronse os seus termos nos informes de fiscalización actuais para favorecer unha aplicación máis inmediata.

Incrementábase a porcentaxe de recomendacións aplicadas, respecto ás do exercicio anterior.

Aumenta o número de recomendacións en proceso de aplicación o que evidencia a implementación daquelas que se atopaban pendentes de aplicar.

Incrementábase as recomendacións pendentes de aplicar debido a que son as máis recentemente propostas e que precisan un certo tempo de implantación.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgaliicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 102 a 189





C) INFORMES NON RECORRENTES

Informe de fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 ao 2016.

Das 5 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 considéranse totalmente aplicadas, 1 non foi aceptada, 1 atópanse en proceso de aplicación e 1 está pendente de aplicar.

Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 ao 2016.

Neste informe non recorrente formuláronse 3 recomendacións que o Consello de Contas, unha vez analizadas as correspondentes contestacións do órgano xestor, considera que se atopan en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017

Das 6 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 3 non foron aceptadas, 2 atópanse pendentes de aplicar e 1 precisaría de probas adicionais de comprobación polo que considérase non verificada.

Informe de fiscalización do concerto co hospital POVISA

O Consello de Contas efectuou o seguimento da única recomendación proposta no informe de fiscalización. O resultado foi que a recomendación está pendente de aplicación.

Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes

Das 9 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 non foron aceptadas, 3 foron parcialmente aplicadas e outras 4 atópanse en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización sobre os procesos de extinción das entidades dependentes da C.A. de Galicia. Exercicio 2017

Das 4 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 non foron aceptadas, 1 está pendente de aplicar a outra está en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización do endebedamento autonómico. Exercicios 2013-2017

Dúas recomendacións foron obxecto de seguimento. Unha atópase en proceso de aplicación e a outra considérase non válida no marco xurídico actual, polo que será retirada.



Informe de fiscalización selectiva das Fundacións do sector público autonómico

Das 8 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 1 está en proceso de aplicación, 3 están pendentes de aplicar e 4 non foron aceptadas.

Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na administración xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017

Das 3 recomendacións obxecto de seguimento unha está parcialmente aplicada e as outras dúas non foron aceptadas pola entidade fiscalizada.

Informe de fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017-2018

As 4 recomendacións formuladas polo Consello de Contas atópanse en proceso de aplicación.



VII. ANEXOS

CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

70552



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 106 a 189



ANEXO 1: RESULTADOS DO TRABALLO. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2018.

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións vixentes pendentes de aplicación

| | |
|----|--|
| R | 1. Deberían efectuarse as modificacións normativas oportunas a efectos de adiantar o prazo de rendición das contas ao 30 de xuño do exercicio seguinte ao que se refiran, a fin de facilitar o achegamento no tempo do control externo a efectuar polo Consello de Contas. Esta recomendación non foi aceptada, sen prexuízo do compromiso por parte de Intervención Xeral de adiantar a información complementaria que habitualmente acompaña á Conta Xeral. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Non aceptada ACTUACIÓNS: na actualidade as entidades dependentes que renden as súas contas dentro da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, deben remitilas á Intervención Xeral antes do 30 de xuño. Unha vez recibida toda esta información, a Intervención elabora a Conta Xeral. Porén a Intervención comprométese a adiantar o envío da información adicional que habitualmente acompaña á Conta Xeral da comunidade Autónoma para a realización dos traballos de fiscalización. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 2. As necesidades atendidas co Fondo de continxencia deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF. Esta recomendación foi aceptada. Non obstante, a Administración entende que o Fondo de continxencia está regulado no artigo 55.bis do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e nas leis de orzamentos de cada ano e que, en contra do criterio do Consello, utilízase exclusivamente para as finalidades establecidas nas devanditas normas. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: (Se é aceptada). En cada expediente de modificación orzamentaria referida ao Fondo de Continxencia se solicita ao xestor que a inicia o carácter de gasto imprevisto e non discrecional. Esta dirección xeral porá énfase en que a xustificación se adapte ao establecido na normativa. ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Exercicio 2.021 |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| R | <p>3. A Comunidade debe incorporar os saldos das contas de habilitación e das contas restrinxidas de recadación ao saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización e conciliación. Esta recomendación, que foi aceptada, atópase na súa maior parte pendente de aplicación. Segundo a Intervención Xeral, xa está elaborada a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería, e atópase pendente de informe do Consello Consultivo para a súa aprobación. Tamén se indicou que se incorporarían ao saldo da Conta de Tesourería os saldos de todas as contas de habilitación, así como os saldos das contas de recadación xestionadas pola ATRIGA. As contas de habilitación non figuran integradas nas contas de Tesourería da Comunidade Autónoma.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓN: Segundo se manifestou no eido dos Grupos de Traballo para o seguimento das recomendacións, o Consello de Contas da por cumprida esta recomendación</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende o 27 de decembro de 2019 está en vigor a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería (Orde do 2 de decembro de 2019). Incorporarase ao saldo da Conta de Tesourería os saldos de todas as contas de habilitación así como os saldos das contas de recadación xestionadas pola ATRIGA.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada</p> |
| AC | <p>Aceptada. Parcialmente aplicada. Reformúlase a recomendación.</p> |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgaliicia.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 108 a 189





| | |
|----|---|
| R | 4. Deben articularse os mecanismos necesarios para que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda poida exercer o control das contas restrinxidas de ingresos asignadas á ATRIGA en tanto os fondos das mesmas non sexan traspasados ás contas operativas de ingresos. Esta recomendación, que foi aceptada, atópase cumprida segundo o criterio da Intervención xeral coas medidas adoptadas como a designación como autorizados de persoal da subdirección xeral do tesouro, e a incorporación de certificados de saldos á conta xeral. Estes aspectos non foron acreditados e polo tanto a súa implantación non puido ser constatada polo Consello no exercicio 2018. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende o 27 de decembro de 2019 está en vigor a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería (Orde do 2 de decembro de 2019). Incorporarase ao saldo da Conta de Tesourería os saldos de todas as contas de habilitación así como os saldos das contas de recadación xestionadas pola ATRIGA. ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada |
| AC | Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación |

| | |
|----|---|
| R | 5. Reiterar á Administración autonómica que recolla na súa memoria anual información sobre a significación dos compromisos financeiros asumidos pola Comunidade para financiar as infraestruturas públicas, o que determinará unha maior transparencia sobre a situación económico-financeira da Comunidade. Esta recomendación, que foi aceptada, atópase pendente de aplicación. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓN PROPOSTA: o cumprimento desta recomendación debe enmarcarse no contexto da modificación do marco normativo contable. Non obstante, incluírase esta información coa documentación adicional que se remite anualmente ao Consello de Contas para completar os traballos de fiscalización. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2021 |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | 6. Recómendase completar a fiscalización previa con controis posteriores e estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas máis susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou á concesión de axudas públicas. Esta recomendación foi aceptada, establecendo como prazo de implantación o último trimestre do exercicio 2020 coa súa inclusión no plan de control financeiro do 2021. |
guías e modelos de plans de prevención da corrupción. Asisten ás súas sesións en calidade de asesores a Letrada maior e o Interventor do Consello.

- A Unidade de Prevención da Corrupción, que dará apoio administrativo á Comisión para garantir a súa operatividade.

Dende o punto de vista estratéxico, definíronse tres eixes fundamentais en torno aos que se desenvolverán as actividades nesta materia: colaboración na implantación dos sistemas de prevención, asesoramento institucional, e sensibilización e concienciación.

A Sección de Prevención da Corrupción, en sesión celebrada o 13 de xullo de 2021, aprobou o informe das actividades desenvolvidas no ano 2020, que segundo o artigo 20.4 da LCC debe incorporarse a esta memoria anual.¹

A continuación relaciónanse as principais actuacións desenvolvidas no exercicio 2020, que se centraron nos eixes 1 e 3 definidos no documento de estratexia.

IV.1.2. COLABORACIÓN NA IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE PREVENCIÓN (EIXE 1)

Neste eixe de actuación, a estratexia a seguir polo Consello de Contas pasa polo establecemento nas entidades públicas dunha política de integridade institucional (normas, procesos e órganos que preveñan as condutas inadecuadas), a identificación das actividades e riscos susceptibles de actos de corrupción, a adopción de medidas para minimizalos e a realización de actividades de control para a súa supervisión. O obxectivo é que todos estes elementos se plasmen nun programa ou plan de prevención da corrupción.

Con esta finalidade, no exercicio 2020 realizáronse os seguintes traballos:

- *Documento nº 6: Plan de prevención de riscos do Consello de Contas*

Ao longo do exercicio 2020 desenvóléronse, coa participación dos interlocutores das diferentes unidades administrativas e departamentos do Consello de Contas, os traballos para a identificación dos riscos e das medidas propostas para reducilos e mellorar a xestión.

Partindo dos resultados obtidos nestes traballos, no exercicio 2020 concluíuse a elaboración do plan de prevención de riscos que, de conformidade co disposto no capítulo IV do título III do regulamento de réxime interior, describe as políticas de integridade do Consello e aborda unha análise de riscos de xestión, incluídos os de corrupción, determinando os factores que os provocan e o nivel de exposición

¹ Apéndice 2



da Institución a eses riscos. Así mesmo, prevé as medidas que permitirán controlalos e reducilos ou, no seu caso, eliminalos.

En coherencia co exposto, o contido do Plan estrutúrase en catro partes:

1. Caracterización do Consello de Contas
2. Compromiso ético da Institución
3. Identificación dos riscos e medidas para a súa prevención
4. Seguimento, avaliación e actualización do Plan.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 16 de decembro de 2020, remitir o borrador do Plan ao conselleiro designado polo Pleno como coordinador dos traballos a efectos da súa presentación perante a Sección de Prevención da Corrupción.

- *Adaptación das Directrices Técnicas para o traballo de avaliación do control interno e xestión de riscos na Administración xeral da Comunidade Autónoma*

No traballo *Diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia en materia de prevención da corrupción, exercicio 2018*, incluído no plan de traballo anterior, realizouse unha revisión dos sistemas de control interno e políticas de integridade sobre os centros da Administración xeral con competencias horizontais de deseño e regulación desas políticas e sobre tres secretarías xerais técnicas nas que se completou a revisión do control interno co impulso e acompañamento para a realización dunha análise e avaliación de riscos e a elaboración dun plan de prevención de riscos de xestión.

Esta nova actuación ten como obxectivo facer un seguimento das estratexias de prevención e das recomendacións formuladas no informe anterior e dar continuidade aos traballos de revisión dos sistemas de control interno, impulso e acompañamento na análise e avaliación de riscos e na elaboración de plans de prevención de riscos nas restantes secretarías xerais técnicas das consellerías da Xunta.

Así mesmo, preténdese afondar na aplicación práctica das políticas que na revisión anterior se consideraron como implantadas ou en fase de implantación, mediante a avaliación das actividades despregadas con esa finalidade.

A Comisión Técnica de Prevención da Corrupción acordou, en sesión celebrada o 12 de novembro de 2020, remitir as directrices técnicas ao conselleiro da área de conta xeral para a súa elevación á Sección de Prevención da Corrupción.

- *Anteproxecto do informe sobre a Avaliación da Transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma galega.*





Este traballo responde á estratexia en materia de prevención da corrupción aprobada polo Consello de Contas de Galicia que pretende compatibilizar a revisión integral dos sistemas de control interno do Sector Público autonómico con análises específicos en sectores, actividades ou áreas que, pola natureza das operacións e procesos que realizan, son especialmente susceptibles a posibles actos de corrupción, como sucede na contratación pública.

A Comisión acordou, en sesión celebrada o 3 de abril de 2020, remitir o Anteproxecto de informe á Sección de Prevención da Corrupción, e que foi aprobado polo dito órgano o 28 de outubro.

IV.1.3. SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN (EIXE 3)

Este eixe de actuación comprende as accións de sensibilización para reforzar a implantación de mecanismos efectivos de prevención da corrupción, e as actuacións de concienciación e participación cidadá a favor da transparencia e o comportamento ético.


Neste sentido, os instrumentos de colaboración configúranse como elementos fundamentais para o establecemento dun marco xeral que garanta o desenvolvemento eficaz das novas funcións de prevención; o seguimento dos protocolos vixentes constituíu o núcleo fundamental das actuacións levadas a cabo neste ámbito no exercicio 2020.

Polo que respecta ao *Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia*, a súa Comisión de seguimento reuniuse de xeito presencial en dúas ocasións, a primeira en xullo e a segunda en setembro.

Nas sesións celebradas, os representantes do Consello de Contas expuxeron aos asistentes as actuacións en materia de prevención da corrupción previstas pola institución para o exercicio 2020 e presentaron un borrador de propostas para un plan de formación neste ámbito. Así mesmo, a auditora responsable do *Informe de Avaliación da transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma galega* presentou perante a Comisión o contido deste traballo. Por último, tamén se incluíu entre os asuntos a tratar na orde do día da a presentación do borrador do Programa de integridade institucional da Xunta de Galicia.

No relativo ao *Protocolo de colaboración entre o Consello de Contas de Galicia e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación e sensibilización en materia de integridade e comportamento ético*, a última sesión da Comisión de seguimento celebrouse en decembro de 2019.

Durante o exercicio 2020 abordouse, de acordo cos criterios adoptados na devandita sesión, a última fase da elaboración das unidades didácticas previstas no Protocolo (aspectos visuais, formato,



maquetación, etc.). A versión final dos documentos inclúe un caderno para o alumnado e outro para o profesorado que poden ser consultado na páxina web do Consello de Contas.

IV.2. ACTUACIÓNS DO COMITÉ DE ÉTICA

En cumprimento do previsto na norma décima das Normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias, o 16 de xullo de 2021 o Pleno do Consello acordou a proposta do propio Comité e por unanimidade, a incorporación do Informe de actuacións do Comité de Ética do exercicio 2020 a esta memoria de actividades.²

O comité celebrou durante 2020 dúas reunións, nas que se trataron os seguintes asuntos:

| Data da sesión | Asuntos tratados |
|----------------|--|
| 18.02.2020 | Proposta de pronunciamento do Comité que formula o Secretario sobre a consulta 1/2020 presentada mediante correo electrónico remitido ao Comité de Ética do Consello de Contas |
| 23.06.2020 | Proposta de acordo sobre o alcance da publicidade dos pronunciamentos do Comité sobre as consultas presentadas Presentación do informe de actuacións do Comité de Ética, exercicio 2019 |

No exercicio 2020 non se presentaron queixas ou denuncias sobre posibles incumprimentos dos valores, principios ou condutas recollidos no Código Ético Institucional, polo que non houbo ningún pronunciamento do Comité sobre este tipo de condutas.

Neste exercicio presentouse unha consulta ao Comité de Ética solicitando un pronunciamento sobre a posible existencia de conflito que afecte a independencia e obxectividade en diferentes supostos. Esta consulta deu lugar ao seguinte pronunciamento do Comité:

² Apéndice 3.





| Pronunciamento 1/2020 | |
|--------------------------|--|
| Conducta denunciada | Solicitase un pronunciamento sobre a posible existencia de conflito que afecte á independencia e obxectividade para o desempeño do posto de traballo no Consello de Contas, nos supostos seguintes: - Exercicio do dereito ao sufraxio pasivo per se. - Toma de toma de posesión en cargo representativo en réxime ou non de dedicación exclusiva ou parcial. - Desempeño de posto por designación política que teña a consideración de alto cargo por previsión legal ou regulamentaria. |
| Doutrina aplicada | 1. Código ético Institucional do Consello de Contas. 2. Normas de funcionamento do Comité de Ética e da canle de queixas e denuncias. 3. Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral. 4. Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas. 5. Lei 27/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia 6. Norma de auditoría ISSAI-ES 100 |
| Acordo adoptado | 1º. O exercicio do dereito ao sufraxio pasivo non está limitado polo desempeño de posto de traballo de auditor no Consello de Contas, pero a súa participación en actividades políticas públicas pode ser percibida polas partes interesadas da actividade fiscalizadora do Consello de Contas como elemento que afecte á capacidade da institución para formar xuízos imparciais, polo que este Comité considera que o máis acorde co sistema de integridade institucional é que a funcionaria se absteña a intervir nas tarefas de fiscalización dende o mesmo momento en que sexa publica a súa concorrencia a un proceso electoral, sen prexuízo de que poida realizar outras tarefas de carácter técnico ou organizativo que non comprometan os principios de independencia e obxectividade. 2º. O resultar elixido en cargo representativo con percepción de retribucións periódicas ou á condición de cargo electo retribuído e con dedicación exclusiva nas entidades locais implica a declaración da situación de servizos especiais do funcionario afectado, deixando de prestar servizo activo no Consello de Contas, polo que este Comité considera que non lle é de aplicación o Código ético institucional ata o seu reingreso ao servizo activo. No suposto de desempeño de cargo representativo sen percibir retribucións periódicas e optando pola permanencia na situación de servizo activo ou de cargo representativo no ámbito da administración local e en réxime de dedicación parcial, este Comité considera desaconsellable que compatibilice o seu posto no Consello de Contas co desempeño de cargo representativo, por comprometer os principios de independencia e obxectividade. 3º. O nomeamento nun posto de alto cargo nunha entidade do sector público autonómico implica a declaración da situación de servizos especiais do funcionario afectado, deixando de prestar servizo activo no Consello de Contas, polo que este Comité considera que non lle é de aplicación o Código ético institucional ata o seu reingreso ao servizo activo. 4º. Non corresponde ao Comité de ética o pronunciamento sobre as situacións administrativas do persoal ao servizo do Consello de Contas. |
| Medida proposta | Non procedeu |

Por outra banda, acordouse publicar no apartado Integridade e bo goberno da web do Consello o contido, valoración e pronunciamentos do Comité relativos ás consultas sobre a aplicación do Código ético institucional, una vez eliminados todos os datos de carácter persoal para garantir a confidencialidade e protección do consultante.

IV.3. ACTIVIDADE DA COMISIÓN TÉCNICA DE PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN

Tal como se establece no documento Estratexia en materia de prevención da corrupción a Comisión de Prevención da Corrupción, constituída mediante acordo do Pleno de 7 de abril de 2017, configúrase como un dos elementos organizativos básicos sobre os que se apoia o desenvolvemento desta nova función. Está integrada por cinco auditores designados polos conselleiros de cada departamento e correspóndelle, entre outras funcións, definir os criterios para a avaliación dos sistemas de control interno e para a formulación de guías e modelos de plans de prevención da corrupción. Asisten ás súas sesións en calidade de asesores a Letrada maior e o Interventor do Consello.



Durante o ano 2020 a Comisión reuniuse, en sesións virtuais, en 3 ocasións. O seguinte cadro recolle unha relación da documentación aprobada nas sesións celebradas e remitida á Sección de Prevención da Corrupción:

| Data da sesión | Documentos remitidos á Sección de Prevención da Corrupción |
|-----------------------|---|
| 03-04-2020 | Anteproxecto do informe sobre a Avaliación da Transparencia na actividade contractual das entidades instrumentais da Comunidade Autónoma galega |
| 12-11-2020 | Adaptación das Directrices Técnicas para o traballo de avaliación do control interno e xestión de riscos na Administración xeral da Comunidade Autónoma |
| 16-12-2020 | Plan de prevención de riscos de xestión, incluídos os de corrupción, no Consello de Contas |
| Total sesións: | 3 |

V. ACTIVIDADE XURISDICIONAL

Neste exercicio non se realizaron no Consello de Contas actividades xurisdicionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Cuentas, ao non se producir ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido.

VI. ACTIVIDADE CONSULTIVA

O artigo 4 f) da LCC establece que o Consello de Contas emitirá ditames e consultas que, en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira, lle soliciten as institucións e entidades previstas no punto 1 do artigo 2, así como atender as consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación e emitir opinión, por solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten aos ingresos ou gastos públicos.

Por outra banda, a letra i) do artigo anterior atribúe ao Consello a posibilidade de emitir informes facultativos, por petición da consellería competente en materia de facenda, por instancia do órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira das entidades locais de Galicia, para resolver as discrepancias que lle sexan elevadas a este órgano polas persoas que ocupen a presidencia das entidades locais a través do procedemento regulado na normativa do Estado.

Finalmente, os artigos 67 a 69 do RRI desenvolven esta función consultiva, concretando o seu procedemento de tramitación.

No ámbito desta función, a Insitución tramitou no exercicio 2020 as seguintes consultas ao abeiro do artigo 4.f) da LCC:





| Consultas | Acordo Pleno |
|--|---|
| Solicitude de asesoramento en materia de recadación Concello de Barbadás: mecanismos a implementar para a adaptación e regularización do sistema recadatorio municipal | Admisión 03.03.2020 Acordo 03.03.2020 contestación elaborada pola área de CCLL |
| Solicitude de colaboración da Xunta Electoral de Galicia. Petición de pronunciamento do Consello de Contas | Admisión 26.03.2020 Emisión consulta 30.03.2020 |
| Consulta en materia de contabilidade pública e xestión económico-financeira remitida pola Universidade de Vigo | Inadmisión 04.05.2020 |
| Solicitude de informe sobre a evolución do aforo primario dos orzamentos desde o ano 2014, procedente do Xulgado do Social nº 4 de Santiago | Admisión 14.10.2020 Acordo 14.10.2020, contestación por parte da área de Conta Xeral |

VII. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

VII.1. PERSOAL

A Relación de Postos de Traballo da Institución foi modificada durante o ano 2020. O Acordo do Pleno do 12 de novembro, publicado no DOG nº 236, do 23 de novembro de 2020, introduciu as seguintes modificacións:

- Amortizáronse tres postos de Técnico de Auditoría.
- Creáronse os seguintes postos:
 - Dous auditores nivel 30.
 - Un auditor-técnico nivel 28
 - Un técnico de xestión nivel 25
- Un responsable da área de xestión económica e asuntos xerais nivel 22
- A adscrición á Administración pública de todos os postos de persoal funcionario quedou establecida do seguinte xeito:
 - Código A12; que comprende a persoal de: Comunidade Autónoma de Galicia, outras Comunidades, Estado, Corporacións Locais e Institucións de Control Externo estatais e autonómicas.
- Todos os postos reservados a persoal funcionario adscritos a departamentos sectoriais (áreas de fiscalización) terán un requisito imprescindible de formación específica e os de Auditor nivel 30, Auditor director-técnico, Auditor técnico, Técnico de Auditoría e Técnico de xestión terán outro de méritos específicos.
- Inclúese a relación dos citados requisitos en cada un deses postos.



Memoria de Actividades 2020

7. Modifícase a denominación, nivel e formación específica dun posto.

Ao longo do ano, produciuse o falecemento de dous funcionarios: unha Técnica de Auditoría e o Interventor.

A praza de Interventor foi cuberta provisionalmente en comisión de servizos mentres non se procedía á correspondente convocatoria e resolución polo procedemento indicado na Relación de Postos de Traballo.

A estrutura do persoal resultante, a 31 de decembro de 2020, é a seguinte:

| Persoal funcionario | | | |
|--|-----------|---------------|-----------|
| Denominación do posto de traballo | Total | Ocupadas | Vacantes |
| Auditor, nivel 30 | 12 | 9 | 3 |
| Auditor-Director técnico, nivel 30 | 1 | 0 | 1 |
| Interventor, nivel 30 | 1 | 1 | 0 |
| Letrado Maior, nivel 30 | 1 | 1 | 0 |
| Letrado, nivel 28 | 1 | 1 | 0 |
| Auditor, nivel 28 | 6 | 6 | 0 |
| Auditor-técnico, nivel 28 | 2 | 0 | 2 |
| Xefe Servizo Informática, nivel 28 | 1 | 1 | 0 |
| Técnico de Auditoría, nivel 26 | 19 | 17 | 2 |
| Xefe de Sección, nivel 26 | 3 | 3 | 0 |
| Técnico de Informática, nivel 26 | 1 | 1 | 0 |
| Técnico de Informática, nivel 25 | 1 | 1 | 0 |
| Técnico de xestión | 1 | 0 | 1 |
| Técnico-xurídico, nivel 25 | 1 | 0 | 1 |
| Axudante de Auditoría, nivel 23 | 11 | 11 | 0 |
| Axudante Arquivo e Biblioteca, nivel 22 | 1 | 1 | 0 |
| Administrativo de Informática, nivel 22 | 1 | 1 | 0 |
| Responsable área xestión e asuntos xerais | 1 | 0 | 1 |
| Secretaria/o do Secretario Xeral, nivel 18 | 1 | 1 | 0 |
| Aux.-Admvo. (secretario/a n. 30), nivel 16 | 2 | 1 | 1 |
| Auxiliar-Admvo., nivel 16 | 15 | 13 | 2 |
| Total persoal funcionario | 83 | (*) 69 | 14 |

(*) 8 Prazas ocupadas por persoal interino

| Persoal laboral | | | |
|-----------------------------------|----------|----------|----------|
| Denominación do posto de traballo | Total | Ocupadas | Vacantes |
| Condutor de alto cargo | 6 | 6 | 0 |
| Conserxe | 1 | 1 | 0 |
| Subalterno | 1 | 1 | 0 |
| Total persoal laboral | 8 | 8 | 0 |





| Persoal eventual | | | |
|-----------------------------------|----------|----------|----------|
| Denominación do posto de traballo | Total | Ocupadas | Vacantes |
| Secretaria/o | 5 | 5 | 0 |
| Total persoal eventual | 5 | 5 | 0 |

VII.2. FORMACIÓN

O Consello de Contas de Galicia continuou en 2020 participando nas actividades formativas levadas a cabo pola Fundación FIASEP.

No seguinte cadro reflíctense os cursos e outras actividades convocados pola FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2020:

Cursos realizados en 2020

| Cursos FIASEP | Núm. participantes |
|--|--------------------|
| Prevención y detección del fraude en el Sector Público | 2 |
| Análisis del RD/2017 de 28 de abril, por el que se regula el Regimen Jurídico del Control Interno de las Entidades Locales | 1 |
| Retos éticos y de buen gobierno derivados de la gestión de la COVID 19 | 1 |
| Curso de delitos Informáticos | 2 |
| Curso de Auditoría de la Tesorería en la Administración local | 1 |
| La fase de preparación y adjudicación del los contratos públicos | 1 |
| El impacto del COVID 19 en la gestión y Auditoría Pública | 4 |
| Aplicación de fórmulas matemáticas para la adjudicación de contratos en la Ley de contratos del sector público | 1 |
| RPT y otros instrumentos alternativos de organización | 6 |
| Total | 19 |

Por outra banda, trece funcionarios e altos cargos da institución asistiron por medio de teleformación ao "IX Congreso Nacional de Auditoría en el Sector Público. La administración digital: un reto para la gestión y la auditoría del Sector Público" celebrados os días 14, 15 e 16 de outubro de 2020 en Salamanca, organizados conxuntamente por FIASEP e a Fundación General de la Universidad de Salamanca.

Otras actividades formativas realizadas en 2020

| Actividades | Núm. participantes |
|---|--------------------|
| II Curso de avaliación de políticas y programas públicos, organizado por ASOCEX | 3 |
| Curso Visual Basic para aplicaciones contables, financieras y de auditoría | 1 |
| Congreso Internacional de Compliance | 1 |
| Total | 5 |

Igualmente, no marco dos convenios de colaboración que o Consello de Contas de Galicia vén asinando anualmente coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), diferentes funcionarios da Institución asistiron a múltiples cursos organizados pola EGAP, referentes tanto ao currículo básico



horizontal que constitúe as bases da organización da administración pública como aos contidos sectoriais relativos a competencias concretas.

VII.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade administrativa do Consello de Contas de Galicia cuxas funcións son a xestión dos recursos de información institucionais, fundamentalmente a documentación de arquivo e as publicacións propias, e a obtención dos recursos bibliográficos e documentais necesarios para o desempeño das actividades de control do sector público galego, de prevención da corrupción e as actividades administrativas corporativas.

Os servizos de Arquivo e Biblioteca teñen como obxectivo a plena satisfacción do usuario baixo criterios de legalidade, eficiencia e calidade. As actividades desenvolvidas polo Arquivo están orientadas a dar cumprimento ás funcións propias dun arquivo público do Sistema de Arquivos de Galicia: a xestión documental, a información e acceso aos documentos, e a protección do patrimonio documental do Consello. Pola súa parte, as actividades da Biblioteca dan cumprimento a estándares e normas internacionais baixo criterios de responsabilidade social, calidade técnica de procesos e servizos, produtividade, eficacia e redución de custos.

VII.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

A Sección de Arquivo e Biblioteca, como unidade responsable dos servizos de arquivo, desempeña as funcións propias dun arquivo central e constitúe a cabeceira do sistema de arquivos e xestión de documentos da institución.

No relativo á xestión da documentación administrativa realiza tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución. Como resultado das funcións de arquivo central durante o ano 2020, no Arquivo entraron 24 unidades de instalación de documentación transferidos desde as áreas de fiscalización. A documentación foi reinstalada e descrita a lo longo do ano. Por outra banda, o Arquivo realizou 6 préstamos de documentos para a súa consulta nos despachos. Os datos destas actividades quedan recollidos no seguinte cadro resumo:



Unidades de instalación ingresadas e descritas – Unidades documentais prestadas en 2020

| | Conta Xeral | Coordinación | Corporacións Locais | Institucional | Sergas | Secretaría | Total |
|------------|-------------|--------------|---------------------|---------------|--------|------------|-------|
| Ingresadas | 15 | -- | -- | -- | 9 | -- | 24 |
| Descritas | 15 | -- | -- | -- | 9 | -- | 24 |
| Prestadas | -- | 3 | -- | -- | -- | 3 | 6 |

Para poder achegar información relativa á xestión dos documentos e arquivo ás unidades administrativas e áreas de fiscalización, seguimos desenvolvendo dentro da Intranet a sección denominada ARQUIVO que conta cos apartados de Arquivo, Sistema de xestión documental e Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental.

A Sección de Arquivo e Biblioteca realiza a través da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) e do Grupo de Traballo de e-Administración (GTAE), como órganos técnicos consultivos, propostas de regulación e desenvolvemento do Sistema de arquivos e de xestión dos documentos da institución. Así mesmo, a unidade desenvolveu diversas actividades encamiñadas a dar cobertura a proxectos corporativos relativos ao desenvolvemento de procesos de identificación e catalogación dos procedementos da institución e de identificación e catalogación das actuacións correspondentes aos plans anuais de traballo da Institución. No apartado correspondente a estes órganos recóllese a actividade que se desenvolveu neles ao longo do ano 2020.

VII.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

Para o desenvolvemento das funcións propias dun servizo de Biblioteca, realízanse actividades de carácter técnico, de selección e tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos. Estas actividades teñen como obxecto o subministro de información adecuada e aliñada coas metas do Consello, a promoción da educación e o desenvolvemento profesional do persoal, a accesibilidade, a rapidez e a pertinencia na atención ao usuario.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da Biblioteca. Os datos que resumen o noso desempeño neste sentido son os seguintes:



Memoria de Actividades 2020

| Monografías | Publicacións seriadas | Exemplares de publ. seriadas | Analíticas de periódicas e monografías | Total |
|---|-----------------------|------------------------------|--|---------------|
| Rexistros catalogados en 2020 | | | | |
| 37 | 1 | 120 | 136 | 294 |
| Rexistros dados de baixa 2020 | | | | |
| 1 | 0 | 0 | 0 | 1 |
| Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2020 | | | | |
| 10.011 | 396 | 10.757 | 12.099 | 33.263 |
| Recursos electrónicos (e-books, bases de datos e outros) | | | | 1.727 |

A Sección de Arquivo e Biblioteca como centro de documentación presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2020 a Biblioteca recibiu 700 visitantes entre o persoal da Institución. Os datos recollidos no seguinte cadro reflicten o número de solicitudes atendidas pola Biblioteca nos servizos de Préstamo a domicilio e de Acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:

Servizos aos usuarios 2020

| Fondos bibliográficos | Número de solicitudes | Número de ítems |
|-----------------------------|-----------------------|----------------------------|
| Préstamo a domicilio | 180 | 180 |
| Préstamo interbibliotecario | 0 | 0 |
| Acceso ao documento | 3 | 3 ítems (119 copias 3 pdf) |
| Rexistro mercantil | Número de Empresas | Número de solicitudes |
| | | Certificacións literais |
| | 11 | 0 |
| | | Contas e outra información |
| | | 17 |

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a Biblioteca presta outros **servizos de referencia e difusión da información**, empregando as seguintes canles:

- O módulo OPAC que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da Biblioteca, mesmo acceder á artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da Biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual, e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.
- O correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da Biblioteca ou como canle de difusión de información de interese.





No cadro de abaixo queda constancia do número de consultas efectuadas na Intranet aos recursos e servizos da Biblioteca e tamén das consultas dos fondos da Biblioteca mediante o catálogo OPAC.

Consultas 2020

| Consultas no OPAC | Consultas na Intranet | | | | | Total intranet |
|-------------------|-----------------------|----------|--------------|-----------|---------------------|----------------|
| | Información xeral | Servizos | E-Biblioteca | Taboleiro | Boletín electrónico | |
| 438 | 601 | 73 | 600 | 63 | 37 | 1.374 |

VII.3.3. COMISIÓN TÉCNICA DE ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL

O 2 de febreiro do 2018 o Pleno do Consello de Contas adoptou o Acordo polo que se crea e regula a Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental do Consello de Contas de Galicia (DOG nº 39, do 23 de febreiro de 2018), constituíndose o 12 de abril de 2018.

A Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) constitúe un órgano técnico e de asesoramento, adscrito á Secretaría Xeral do Consello, encargado da avaliación e selección documental e do estudo das medidas e procedementos orientados á mellora da xestión documental e a coordinación do Sistema arquivístico da Institución. A norma define a xestión documental e determina, entre as funcións e procesos que deben incluírse no sistema de xestión documental e arquivo, os relativos á definición e catalogación dos procedementos administrativos, ao deseño dos documentos e ás garantías de xestión documental, seguridade da información e protección de datos persoais na implantación dos procedementos electrónicos. As funcións desta comisión detállanse no artigo terceiro da citada norma de creación.

A CTAXD está composta (art. 4) por unha presidencia, unha secretaria e cinco vogais con voz e voto. Correspóndelle a presidencia á persoal titular da Secretaría Xeral do Consello e a secretaria a un técnico ou técnica da unidade administrativa responsable en materia de arquivo. Son vogais da mesma a persoa titular da unidade administrativa responsable en materia de arquivo, a persoa responsable do Servizo de Informática, un letrado ou letrada, a persoa titular dunha das unidades administrativas da Secretaría Xeral e un auditor ou auditora.

A composición da CTAXD a 31 de decembro de 2020 era a seguinte:

- Presidenta: Dona María Luisa Cardesín Díaz
- Secretaria: Dona M^a Consuelo Tación Sanjuás
- Vogais: Dona Caridade E. Sanz Bravo
Dona Mar Cibreiro Cordeiro
Dona Patricia Iglesias Rey



Don José Manuel Dacal Vázquez

Don Ulpiano L. Villanueva Rodríguez

No ano 2020 a CTAXD reuniuse en tres ocasións tratando os seguintes asuntos:

Asuntos tratados/acordos adoptados 2020

| Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental | Núm. de asuntos |
|--|-----------------|
| Programa de traballo 2020 | 1 |
| Procedementos electrónicos | 1 |
| Sistema de información administrativa | 1 |
| Total asuntos | 3 |

Programa de traballo 2020

No Programa de traballo da CTAXD para o ano 2020 recóllense as principais tarefas a acometer nese período e que se enmarcan na:

- Normalización de procedementos: deseño do Sistema de Información Administrativa e identificación e catalogación de procedementos, entre outros.
- Normalización do Sistema de arquivos e de xestión dos documentos.

Procedementos electrónicos

Debido ao cambio normativo en materia de protección de datos de carácter persoal, os procedementos electrónicos aprobados en diversas sesións plenarias do Consello de Contas, precisaron dunha adaptación polo que se elaborou unha *Proposta de modificación dos procedementos administrativos electrónicos catalogados para a súa adaptación á normativa vixente en materia de protección de datos*, para elevar á consideración do Pleno.

Sistema de Información Administrativa

O Sistema de Información Administrativa do Consello de Contas de Galicia, SIACON, e as ferramentas de control de procedementos e servizos electrónicos que o integran: Catálogo de información administrativa do Consello de Contas, (CIACON), Directorio oficial do Consello de Contas (DIRCON) e Repertorio de terceiros do Consello de Contas (TERCON) centraron o traballo da CTAXD.

O seu obxecto é documentar un modelo de sistema que normalice os procedementos de identificación e catalogación de procedementos e servizos electrónicos co obxectivo de dotar á institución dos instrumentos mínimos necesarios para dar cumprimento aos principios normativos e de boas prácticas que deben sustentar os procesos electrónicos, na consecución dunha administración orientada ao



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 189





usuario, transparente e segura, que aporte calidade e valor á información e permita modernizar e reorganizar o propio funcionamento interno.

VII.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA

VII.4.1. NOVOS PROXECTOS CORPORATIVOS

Equipamento de usuario

Dada a situación de estado de alarma por mor do COVID-19 fixo que os empregados públicos do Consello de Contas seguirán a traballar en réxime non presencial para a protección da súa saúde. A primeira necesidade a cubrir estivo relacionada coa capacidade de que os empregados da Institución (persoal de auditoría e da secretaria) puideran seguir a traballar de forma non presencial de forma axeitada e con garantías de seguridade. Ao inicio do traballo non presencial, o servizo de informática artellou os escasos mecanismos dos que dispoñía para que a maioría dos empregados puideran desenvolver o seu traballo cos equipos existentes na organización (ordenadores portátiles obsoletos e con sistemas operativos sen garantía de seguridade) ou co material que aportaron os traballadores (na maioría dos casos ordenadores domésticos de uso persoal, que levan asociados elevados riscos de seguridade informática). Ante a prolongación da situación para dar continuidade á súa función, foi necesario adquirir 31 ordenadores portátiles nas áreas de auditoría e 18 na Secretaría Xeral que permitiron garantir o traballo coas medidas de seguridade necesarias e a conexión aos sistemas internos do Consello en réxime de teletraballo.

VII.4.2. RENOVACIÓN E MANTEMENTO DE SISTEMAS

Migración do software dos equipos de usuario

Debido ao fin de soporte do sistema operativo e paquete ofimático utilizado ata o momento realizouse unha migración dos sistemas operativos de usuario de Windows 7 a Windows 10 e de Office 2010 a unha versión máis actual. A migración foi acompañada na maioría dos casos dunha modernización dos ordenadores portátiles dos usuarios.

Da mesma forma, todos os aplicativos instalados nos equipos de usuario por defecto foron substituídos ou actualizados por versións novas.

Migración dos servidores

Debido ao fin de soporte dos sistemas operativos de servidor, realizouse unha migración completa dos servidores corporativos de sistemas Windows Server antigos a Windows Server 2019.



Creouse un novo servidor de base de datos, outro para os aplicativos de usuario e outro para os aplicativos de infraestrutura, onde se migraron todos os servizos obsoletos. En todos eles se realizaron análises de seguridade e se seguiron as prácticas recomendadas polas guías de seguridade do CCN.

Renovación de Firewall

Foi necesario adecuar o equipamento de seguridade aos novos escenarios de 2020 e seguintes, así como mellorar os niveis de seguridade dos sistemas de información do Consello, buscando os seguintes obxectivos:


- Aumentar a capacidade do equipamento de seguridade perimetral actual.
- Incrementar os niveis de seguridade dos sistemas de información do Consello con equipamento máis moderno e proporcionar unha dobre barreira de seguridade.
- Dar cumprimento ás medidas esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade en canto á protección das comunicacións [mp.com] e servizos [mp.s].

Para iso se abordou a adquisición de dous cortalumes en alta dispoñibilidade coa subministración do equipamento e das licenzas necesarias. Realizouse a instalación física no CPD do Consello de Contas e configuración segundo a arquitectura e políticas corporativas.

VII.4.3. CONFIGURACIÓN E SOPORTE DE SISTEMAS

Durante o exercicio 2020 o servizo de informática, empregando os recursos propios da Institución levou a cabo todas as tarefas relacionadas coa configuración e soporte de sistemas e mantemento do CPD como son:

- Instalación e xestión de paquetes software, tanto de uso xeneralizado (sistema operativo, antivirus, etc.) como específico dun usuario ou grupos de usuarios.
- Instalación e configuración das aplicacións corporativas do Consello de Contas
- Administración de servidores (Windows Server, Linux) e da contorna de virtualización.
- Deseño e administración de bases de datos corporativas.
- Mantemento de rede e dos servizos. Cabe destacar o incremento e dedicación ás tarefas en materia de seguridade como poden ser:
 - o Monitorización do estado de seguridade de rede e servidores.
 - o Configuración de equipamento de seguridade (firewall, ids).
 - o Xestión de incidencias de seguridade.



VII.4.4. ATENCIÓN AOS USUARIOS

Entre as funcións do servizo está a atención ao persoal do Consello e dende a posta en marcha da nova sede electrónica a atención a usuarios das entidades na resolución de incidencias e dúbidas do funcionamento do contorno. As tarefas máis importantes deste ámbito son:

- Asesoramento aos usuarios na utilización avanzada das ferramentas ofimáticas e aplicacións corporativas.
- Atención de incidencias de equipamento de microinformática.
- Atención de usuarios externos nos servizos de sede electrónica.
- Implantación de novos mecanismos e procesos para o soporte dos usuarios que están a teletraballar.

VII.5. GRUPO DE TRABAJO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O Grupo de traballo de Administración Electrónica (GTAE) creada no seo da Comisión Técnica de Arquivo e Xestión Documental (CTAXD) o 4 de outubro de 2018 e que, mediante o Acordo do Pleno, do 20 de decembro de 2018, pasou a depender do Pleno, ten por finalidade avaliar a adaptación da institución á lexislación da administración electrónica, tanto no relativo ao específico dos propios procedementos, e as canles de comunicación en uso, como no relativo á tecnoloxía específica necesaria para a implantación da Administración electrónica e o traballo de soporte organizativo dos procesos internos.

O Grupo de traballo está formado por: un conselleiro ou conselleira do Pleno do Consello de Contas, que actúa como presidente, a persoa titular do Servizo de informática, a persoa titular da Sección de arquivo e biblioteca, un letrado ou letrada dos servizos xurídicos e un/unha funcionario/a designado pola Secretaría Xeral, que actúa como secretario ou secretaria. A composición do GTAE a 31 de decembro era a seguinte:

| | |
|-------------|--|
| Presidenta: | Dona Begoña Villaverde Gómez |
| Secretario: | Don Ulpiano L. Villanueva Rodríguez (en substitución de dona María Dolores Rancaño Osorio) |
| Vogais: | Dona Mar Cibreiro Cordeiro |
| | Dona Caridade E. Sanz Bravo |
| | Dona Patricia Iglesias Rey |



Durante o ano 2020 o grupo reuniuse en 12 ocasións, nas que se trataron os asuntos que se sinalan a continuación:

Asuntos tratados 2020

| Grupo de Trabajo de Administración Electrónica | Núm. de asuntos |
|---|-----------------|
| Planificación e coordinación das Mesas de traballo | 5 |
| Identificación e análise de procedementos | 12 |
| Supervisión do contrato e das condicións de uso do xestor de expedientes | 5 |
| Configuración e adaptación do xestor de expedientes para implantación dos procedementos | 8 |
| Configuración da nova sede electrónica | 2 |
| Outros | 3 |
| Total asuntos | 35 |

Planificación e coordinación das Mesas de traballo

A función do GTAE de supervisión dos traballos encamiñados á óptima implantación da administración electrónica no Consello de Contas levouse a cabo a través da planificación das tarefas e a coordinación dos traballos de estudo de identificación de procedementos. Para iso constituíronse as seguintes Mesas de Traballo sectoriais:

- Mesa de Fiscalización sobre seguimento de recomendacións.
- Mesa de Prevención da corrupción.
- Mesa de Secretaría Xeral: Contratación.
- Mesa de Secretaría Xeral: Sede.
- Mesa de Secretaría Xeral: Persoal.
- Mesa de Secretaría Xeral: Órganos colexiados.

Identificación e análise de procedementos

No seo do GTAE desenvolvéronse traballos de identificación de procedementos dos seguintes grupos funcionais:

- Goberno e dirección. Procedementos de funcionamento dos órganos de goberno.
- Administración. Procedementos de xestión de recursos humanos.
- Administración. Procedementos de contratación administrativa.
- Fiscalización. Procedementos de fiscalización.
- Fiscalización. Procedementos de seguimento de recomendacións.
- Prevención da corrupción. Procedementos de prevención da corrupción.



Supervisión do contrato e das condicións de uso do xestor de expedientes

O Grupo de traballo levou a cabo a análise do documento de política de privacidade e de condicións de uso do xestor de expedientes contratado.

Configuración e adaptación do xestor de expedientes para implantación dos procedementos

A configuración e adaptación dos procedementos propios do Consello de Contas ao xestor de expedientes foi obxecto de supervisión por parte do Grupo por medio de:

- Reunións periódicas coa empresa adxudicataria.
- Control do calendario de actuacións.
- Planificación de xornadas de formación de usuarios.
- Elaboración da *Guía de implantación dos procedementos electrónicos de fiscalización e prevención da corrupción 2020-2021*.

Configuración da nova sede electrónica

A contratación do xestor de expedientes supuxo a posta en funcionamento da nova Sede electrónica do Consello de Contas polo que se propuxo á secretaria xeral a elaboración dunha proposta de modificación do "Acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 22 de abril de 2014, polo que se aproba a creación da sede electrónica do Consello de Contas de Galicia, do selo electrónico e do código seguro de verificación". Foi aprobada no Pleno do Consello de Contas de 11 de decembro de 2020 e publicada no Diario Oficial de Galicia de 22 de decembro do mesmo ano (nº 256).

VIII. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión da labor desenvolvida por esta Institución.

No ano 2020, o conselleiro maior representou á Institución e participou nos seguintes actos e reunións:

- 21 de xaneiro de 2020 apertura do curso académico 2020 e toma de posesión dos académicos correspondentes na Real Academia das Ciencias Económicas e Financeiras (RACEF).
- 31 de xaneiro de 2020 presentación ante a Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións Co Consello de Contas da Memoria anual de actividades 2018 e os informes de



fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia 2017.

- 29 de outubro de 2020 comparecencia no Parlamento de Galicia ante a Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións Co Consello de Contas para a presentación da Memoria anual de actividades 2018 e os informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da CA de Galicia 2017. Presentación do Plan de Traballo 2020.
- 08 de outubro de 2020 reunión online Real Academia das Ciencias Económicas e Financeiras (RACEF).
- 09 de outubro de 2020 acto organizado pola Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) "Diálogo sobre o futuro".
- 15 de outubro de 2020 Xunta Xeral da Real Academia Galega das Ciencias Económicas e Financeiras (RACEF).
- 11 de novembro de 2020 reunión telemática Presentación do Informe Anual do Tribunal de Cuentas Europeo, 2018.
- 19 e 20 de novembro de 2020 XV acto Internacional da Real Academia de Ciencias Económicas e Financieras (RACEF) "La vejez: conocimiento, vivencia y experiencia".
- 3 de decembro de 2020 reunión da Asociación de órganos de control externo (ASOCEX).
- 4 de decembro de 2020 reunión da Comisión de Coordinación dos Presidentes do Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo.

A Institución estivo presente, a través dos seus conselleiros e conselleiras, en distintos actos, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Xornada Tribunal de Cuentas-Ocex sobre "Avaliación de políticas e programas Públicos", celebrada na sede do Tribunal de Cuentas - Madrid (día 25 de febreiro de 2020).
- "V Encontro da Rede de oficinas e axencias anticorrupción do estado español", celebrado por videoconferencia (día 8 de xuño de 2020), organizado pola Axencia de Transparencia de Cataluña.
- "IX Congreso Nacional de Auditoría no Sector Público", celebrado por videoconferencia (días 14-15 e 16 de outubro de 2020).





- “IV Congreso Internacional de Compliance e Loita Anticorrupción”, celebrado por videoconferencia (días 26 a 30 de outubro de 2020), organizado por World Compliance Association de Perú.
- “Presentación Informe Anual do Tribunal de Cuentas Europeo relativo ao exercicio 2019”, celebrada por videoconferencia (día 20 de novembro de 2020) Palacio do Senado (Madrid).
- “VI Encontro da Rede de oficinas e axencias anticorrupción do estado español”, celebrado por videoconferencia (día 27 de novembro de 2020), organizado pola Axencia Valenciana Antifraude.
- 15 de decembro de 2020 reunión da Comisión de Coordinación do Tribunal de Cuentas e os Órganos de Control Externo no ámbito local.

IX. PARTICIPACIÓN EN ORGANOS COLEXIADOS

IX.1. COMISIÓN DE TRANSPARENCIA

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno crea no artigo 33.1. a Comisión de Transparencia como órgano colexiado independente adscrito ao Valedor do Pobo. A este órgano correspóndelle a resolución das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública que establece o artigo 28 da dita lei.

O artigo 33.2 atribúe a presidencia ao titular da institución do Valedor do Pobo, a vicepresidencia ao adxunto ou adxunta á institución do Valedor do Pobo e as vogalías a unha persoa representante da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, unha persoa representante do Consello Consultivo de Galicia, unha persoa representante do Consello de Contas e unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A proposta do Consello de Contas, e mediante resolución do 20 de abril de 2017 do Valedor do Pobo, nomeáronse a un auditor da Área de Conta Xeral e a unha auditora da Área de Institucional como vogal e como suplente respectivamente da Comisión da Transparencia, en representación da Institución.

Segundo o criterio do Consello de Contas as 4 recomendacións formuladas atópanse actualmente en proceso de aplicación.


Informe de fiscalización da Conta Xeral do Servicio Galego de Saúde. Exercicios 2012 ao 2018.

Das 15 recomendacións formuladas, 3 non foron aceptadas polo órgano xestor, 2 avaliáronse como totalmente aplicadas, 3 foron parcialmente aplicadas, outras 3 estaban en proceso de aplicación e 4 atopábanse pendentes de aplicar.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalego.gal/sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 100 a 189





Informe de fiscalización da actividade económica das entidades públicas instrumentais. Exercicios 2012 ao 2018.

Das 11 recomendacións formuladas, 10 avaliáronse como pendentes de aplicación e 1 estaba parcialmente aplicada.

B) ANÁLISE COMPARATIVA DOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN RECORRENTES. RECOMENDACIÓNS EXERCICIOS 2017 e 2018.

Para apreciar o grao de aplicación das recomendacións efectuadas nos informes correspondente aos exercicios 2017 e 2018, e levar a cabo unha análise comparativa, no cadro seguinte detállanse os datos obtidos na avaliación dos informes recorrentes.

Cadro 5: Grao de cumprimento recomendacións sector público autonómico Ex. 2017-2018

| Grao aplicación recomendacións | Ex. 2018 | Ex. 2017 |
|------------------------------------|-----------|-----------|
| Aceptada. Aplicada | 4 | 2 |
| Aceptada. Parcialmente aplicada | 9 | 19 |
| Aceptada. En proceso de aplicación | 11 | 8 |
| Aceptada. Pendente de aplicar | 21 | 13 |
| Aceptada. Non verificada | 0 | 2 |
| Non aceptada. Non aplicada | 6 | 8 |
| Total | 51 | 52 |




Gráfico nº 9 Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes Ex. 2018





Gráfico nº 10 Sector público autonómico Grao de aplicación das recomendacións Informes recorrentes Ex. 2017



O número de recomendacións viventes nos dous exercicios obxecto de comparación permite efectuar unha análise homoxénea dos resultados acadados.

Os resultados permiten constatar que se teñen rexistrado avances no cumprimento das recomendacións por parte dos órganos xestores.

Téñense retirado 4 recomendacións por considerar que obtiveron un correcto cumprimento.

Cómpre destacar que segue reducíndose o número das recomendacións non aceptadas polos órganos xestores o que denota unha maior disposición para o seu cumprimento. Naqueles casos en que os xestores manifestaron non comprender moi ben o alcance das recomendacións, reformuláronse os seus termos nos informes de fiscalización actuais para favorecer unha aplicación máis inmediata.

Incrementábase a porcentaxe de recomendacións aplicadas, respecto ás do exercicio anterior.

Aumenta o número de recomendacións en proceso de aplicación o que evidencia a implementación daquelas que se atopaban pendentes de aplicar.

Incrementáanse as recomendacións pendentes de aplicar debido a que son as máis recentemente propostas e que precisan un certo tempo de implantación.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgaliacia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 102 a 189





C) INFORMES NON RECORRENTES

Informe de fiscalización da tesouraría da Administración Xeral. Exercicios 2014 ao 2016.

Das 5 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 considéranse totalmente aplicadas, 1 non foi aceptada, 1 atópanse en proceso de aplicación e 1 está pendente de aplicar.

Informe de fiscalización do procedemento de xestión do inventario de bens do SERGAS. Exercicios 2014 ao 2016.

Neste informe non recorrente formuláronse 3 recomendacións que o Consello de Contas, unha vez analizadas as correspondentes contestacións do órgano xestor, considera que se atopan en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do SERGAS. Exercicio 2017

Das 6 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 3 non foron aceptadas, 2 atópanse pendentes de aplicar e 1 precisaría de probas adicionais de comprobación polo que considérase non verificada.

Informe de fiscalización do concerto co hospital POVISA

O Consello de Contas efectuou o seguimento da única recomendación proposta no informe de fiscalización. O resultado foi que a recomendación está pendente de aplicación.

Informe de fiscalización do gasto en atención residencial a persoas maiores e dependentes

Das 9 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 non foron aceptadas, 3 foron parcialmente aplicadas e outras 4 atópanse en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización sobre os procesos de extinción das entidades dependentes da C.A. de Galicia. Exercicio 2017

Das 4 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 2 non foron aceptadas, 1 está pendente de aplicar a outra está en proceso de aplicación.

Informe de fiscalización do endebedamento autonómico. Exercicios 2013-2017

Dúas recomendacións foron obxecto de seguimento. Unha atópase en proceso de aplicación e a outra considérase non válida no marco xurídico actual, polo que será retirada.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 103 a 189



Informe de fiscalización selectiva das Fundacións do sector público autonómico

Das 8 recomendacións formuladas polo Consello de Contas, 1 está en proceso de aplicación, 3 están pendentes de aplicar e 4 non foron aceptadas.

Informe de fiscalización dos gastos en bens correntes e servizos na administración xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2017

Das 3 recomendacións obxecto de seguimento unha está parcialmente aplicada e as outras dúas non foron aceptadas pola entidade fiscalizada.

Informe de fiscalización do Plan de Asistencia ao Ictus. Exercicios 2017-2018

As 4 recomendacións formuladas polo Consello de Contas atópanse en proceso de aplicación.



VII. ANEXOS





CSV: BOPGDSPGAAyINpVn2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

70741



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 106 a 189



ANEXO 1: RESULTADOS DO TRABALLO. ANÁLISE DO SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS

1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicios 2012 a 2018.

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións vixentes pendentes de aplicación

| | |
|----|--|
| R | 1. Deberían efectuarse as modificacións normativas oportunas a efectos de adiantar o prazo de rendición das contas ao 30 de xuño do exercicio seguinte ao que se refiran, a fin de facilitar o achegamento no tempo do control externo a efectuar polo Consello de Contas. Esta recomendación non foi aceptada, sen prexuízo do compromiso por parte de Intervención Xeral de adiantar a información complementaria que habitualmente acompaña á Conta Xeral. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Non aceptada ACTUACIÓNS: na actualidade as entidades dependentes que renden as súas contas dentro da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, deben remitilas á Intervención Xeral antes do 30 de xuño. Unha vez recibida toda esta información, a Intervención elabora a Conta Xeral. Porén a Intervención comprométese a adiantar o envío da información adicional que habitualmente acompaña á Conta Xeral da comunidade Autónoma para a realización dos traballos de fiscalización. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 2. As necesidades atendidas co Fondo de continxencia deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF. Esta recomendación foi aceptada. Non obstante, a Administración entende que o Fondo de continxencia está regulado no artigo 55.bis do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e nas leis de orzamentos de cada ano e que, en contra do criterio do Consello, utilízase exclusivamente para as finalidades establecidas nas devanditas normas. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: (Se é aceptada). En cada expediente de modificación orzamentaria referida ao Fondo de Continxencia se solicita ao xestor que a inicia o carácter de gasto imprevisto e non discrecional. Esta dirección xeral porá énfase en que a xustificación se adapte ao establecido na normativa. ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Exercicio 2.021 |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| R | <p>3. A Comunidade debe incorporar os saldos das contas de habilitación e das contas restrinxidas de recadación ao saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización e conciliación. Esta recomendación, que foi aceptada, atópase na súa maior parte pendente de aplicación. Segundo a Intervención Xeral, xa está elaborada a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería, e atópase pendente de informe do Consello Consultivo para a súa aprobación. Tamén se indicou que se incorporarían ao saldo da Conta de Tesourería os saldos de todas as contas de habilitación, así como os saldos das contas de recadación xestionadas pola ATRIGA. As contas de habilitación non figuran integradas nas contas de Tesourería da Comunidade Autónoma.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓN: Segundo se manifestou no eido dos Grupos de Traballo para o seguimento das recomendacións, o Consello de Contas da por cumprida esta recomendación</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende o 27 de decembro de 2019 está en vigor a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería (Orde do 2 de decembro de 2019). Incorporarase ao saldo da Conta de Tesourería os saldos de todas as contas de habilitación así como os saldos das contas de recadación xestionadas pola ATRIGA.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada</p> |
| AC | <p>Aceptada. Parcialmente aplicada. Reformúlase a recomendación.</p> |




Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgaliacia.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 108 a 189





| | |
|----|---|
| R | 4. Deben articularse os mecanismos necesarios para que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda poida exercer o control das contas restrinxidas de ingresos asignadas á ATRIGA en tanto os fondos das mesmas non sexan traspasados ás contas operativas de ingresos. Esta recomendación, que foi aceptada, atópase cumprida segundo o criterio da Intervención xeral coas medidas adoptadas como a designación como autorizados de persoal da subdirección xeral do tesouro, e a incorporación de certificados de saldos á conta xeral. Estes aspectos non foron acreditados e polo tanto a súa implantación non puido ser constatada polo Consello no exercicio 2018. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende o 27 de decembro de 2019 está en vigor a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería (Orde do 2 de decembro de 2019). Incorporarase ao saldo da Conta de Tesourería os saldos de todas as contas de habilitación así como os saldos das contas de recadación xestionadas pola ATRIGA. ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada |
| AC | Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación |

| | |
|----|---|
| R | 5. Reiterar á Administración autonómica que recolla na súa memoria anual información sobre a significación dos compromisos financeiros asumidos pola Comunidade para financiar as infraestruturas públicas, o que determinará unha maior transparencia sobre a situación económico-financeira da Comunidade. Esta recomendación, que foi aceptada, atópase pendente de aplicación. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓN PROPOSTA: o cumprimento desta recomendación debe enmarcarse no contexto da modificación do marco normativo contable. Non obstante, incluírase esta información coa documentación adicional que se remite anualmente ao Consello de Contas para completar os traballos de fiscalización. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2021 |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 109 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | 6. Recómendase completar a fiscalización previa con controis posteriores e estender o control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade en áreas máis susceptibles de riscos de xestión como as relativas á contratación ou á concesión de axudas públicas. Esta recomendación foi aceptada, establecendo como prazo de implantación o último trimestre do exercicio 2020 coa súa inclusión no plan de control financeiro do 2021. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende a Intervención Xeral aprobarase o Plan Anual de Control para 2.022 incluíndo os controis posteriores. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.022 |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación: Mantense a recomendación |

| | |
|----|---|
| R | 7. Recómendase que a Intervención Xeral elabore un informe comprensivo das actuacións desenvolvidas no exercicio do control financeiro sobre as entidades que permita un coñecemento da súa situación en relación coa observancia da normativa que regula a súa xestión; así como das medidas de cara a superar as excepcións que, recorrentemente, se expoñen nos informes de auditoría das súas contas anuais. Esta recomendación foi aceptada, establecendo como prazo de implantación o exercicio 2021. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓN PROPOSTA: A Intervención Xeral realizará as actuacións necesarias para a elaboración dun informe que recolla as actuacións desenvolvidas no ámbito do control financeiro. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2021 |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación: Mantense a recomendación |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgaliicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 110 a 189





| | |
|----|--|
| R | <p>8. Na xestión de subvencións públicas deben adoptarse medidas correctoras da desviación da execución que permitan ao órgano concedente verificar o cumprimento dos requisitos das bases dentro do exercicio orzamentario correspondente e rexistrar as obrigas dentro dese exercicio. Esta recomendación foi aceptada, de xeito que, segundo a Intervención Xeral, na actualidade tódalas bases reguladoras incorporan prazos de xustificación para posibilitar a execución dentro do exercicio orzamentario.</p> <p>Sen prexuízo da medida adoptada, respecto do exercicio 2018 da análise realizada no gasto desprazado que afecta aos capítulos 4 e 7 do orzamento de gastos non se constatou unha mellora significativa na verificación e rexistro das obrigas que corresponden a ese exercicio.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓN : todas as bases reguladoras incorporan prazos de xustificación para posibilitar a execución dentro do exercicio orzamentario. Porén, as incidencias propias dunha subvención, os distintos requirimentos que contempla a normativa reguladora de subvencións, poden determinar una demora na labor de verificación.</p> <p>Adiantar os prazos de xustificación, suporía, por outra banda, limitar os prazos para a execución da actividade subvencionada, xa que na elaboración das bases reguladoras deben conxugarse ambas realidades: o establecemento de un prazo de execución e xustificación que permita o desenvolvemento satisfactorio da actividade subvencionada, co establecemento dun prazo de verificación que permita asegurar o dereito do beneficiario ao cobro da axuda sen que exista ningún tipo de quebranto para a Facenda pública autonómica.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |

| | |
|----|---|
| R | <p>9. Cómpre mellorar a identificación e o seguimento dos remanentes de tesourería afectados ao financiamento de gastos en exercicios futuros. Esta recomendación foi aceptada, indicando que se procedería a enviar ao Consello de Contas, como documentación adicional á Conta Xeral, un maior detalle do cálculo das desviacións de financiamento. Está prevista a súa implantación no ano 2020.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓN: dentro da información adicional que acompañou á presentación da Conta Xeral 2019, enviouse información detallada sobre o cálculo das desviacións de financiamento.</p> <p>Segundo o manifestado polo Consello de Contas no eido das reunións dos Grupos de Traballo para o seguimento das recomendacións dáse por cumprida esta recomendación.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación |
| R | <p>10. Dados os saldos dos investimentos destinados ao uso xeral e dos investimentos xestionados para outros entes públicos, recoméndase revisar os activos rexistrados nestes epígrafes do balance. Deben conciliarse os saldos contables</p> |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| | e os que figuran no inventario, mediante a implementación de ferramentas informáticas que posibiliten a súa coordinación e integración. Esta recomendación, que foi aceptada, atópase pendente de aplicación. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización</p> <p>ACTUACIÓN: A intervención Xeral acepta a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible.</p> <p>Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento do sistema contable e da contabilidade da Xunta de Galicia e do Sector Público de Galicia que é necesario acometer.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación |

| | |
|----|--|
| R | 11. Debe incluírse na memoria información sobre os acredores por operacións devindicadas a fin do exercicio pendentes de aplicación ao orzamento, que explique os saldos recollidos no epígrafe correspondente do balance (conta 409 ou 413). Esta recomendación, que foi aceptada, atópase pendente de aplicación. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓN: dentro da información adicional que acompañou á presentación da Conta Xeral 2019, enviouse información sobre os acredores por operacións devindicadas pendentes de aplicación ao orzamento.</p> <p>Segundo o manifestado polo Consello de Contas no eido das reunións dos Grupos de Traballo para o seguimento das recomendacións dáse por cumprida esta recomendación.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Reformúlase a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 112 a 189





Recomendacións do informe de fiscalización do exercicio 2018

Para facer posible o seu tratamento estatístico numéranse correlativamente respecto ás recomendacións de exercicios anteriores.

| | |
|----|---|
| R | 12. Recómendase ditar neste exercicio 2020 unha nova instrución de contabilidade por parte da Consellería de Facenda, que normalice o contido da Conta Xeral, detalle a información que debe conter, regule as especificidades que, no seu caso, esixa cada tipo de entidade, e estableza o procedemento de elaboración e remisión da información e habilite a rendición telemática da Conta Xeral. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización ACTUACIÓN: A Intervención Xeral ten pendente aprobar un novo Plan de Contabilidade Pública. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.022 |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |

| | |
|----|---|
| R | 13. Recómendase o establecemento de obxectivos e indicadores de cumprimento cando se proceda á creación de novos incentivos fiscais, e a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Dirección da ATRIGA DECISIÓN: Rexeitada CONTESTACIÓNS: A raíz das recomendacións do Consello de Contas, incluírase na Conta Xeral unha liquidación dos beneficios fiscais aplicados no exercicio, información que se enviaba con posterioridade a requirimento do Consello de Contas. Fixéronse as adaptacións oportunas no sistema de xestión tributaria que permiten obter de xeito fiable esta información, co obxectivo de poder avaliar o impacto das medidas tributarias aprobadas se ben a determinación dos indicadores e obxectivos non corresponden en todos os casos a esta axencia senón ao órgano competente por razón da materia. Deste xeito, na memoria que se xunta ao proxecto de orzamentos para o ano 2018 consta a devandita xustificación do establecemento e mantemento dos beneficios fiscais, tal e como se fixo en exercicios anteriores, coa previsión para ese ano. Hai que ter en conta que o beneficio social procurado ven implícito no propio beneficio fiscal implantado que, como se indicou, se detalla na memoria de beneficios fiscais de cada ano. ACTUACIÓN PROPOSTA: ---- ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección da ATRIGA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 113 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | 14. Recómendase elaborar unha base de datos, que se remita ao Consello como información complementaria da Conta Xeral, que identifique os reparos formulados, as observacións e incidencias postas de manifesto polos interventores delegados no exercicio da fiscalización previa e a súa aceptación ou non polo órgano xestor e que informe das discrepancias existentes e da súa resolución. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Aceptada e xa realizada ACTUACIÓN: dentro da información adicional que acompañou á presentación da Conta Xeral 2019, envíuse información sobre reparos formulados no exercicio. Segundo o manifestado polo Consello de Contas no eido das reunións dos Grupos de Traballo para o seguimento das recomendacións dáse por cumprida esta recomendación. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación |

| | |
|----|--|
| R | 15. Recómendase revisar a estimación dos gastos por contingencias susceptibles de ser provisionadas que figuran no balance e informar destes pasivos na memoria das contas anuais. A estes efectos, a Intervención Xeral debería solicitar da Asesoría Xurídica a información relativa aos que puidesen derivarse dos procedementos xudiciais en curso. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma DECISIÓN: Rexeitar ACTUACIÓN: A intervención Xeral aínda estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible, non pode obter esta información da Asesoría Xurídica. A información non está dispoñible debido ás dificultades de cuantificación das contingencias derivadas dos procedementos xudiciais. ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 114 a 189





2. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL. EXERCICIO 2018

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

| | |
|----|--|
| R | 1. Implantación dun rexistro contable específico para os proxectos financiados cos FFCI, integrado no sistema contable da IXCA, co fin de que cada centro xestor da contabilidade, tanto da administración xeral como da administración institucional, teña coñecemento das distintas operacións que se derivan da execución dos citados Fondos, non só na vertente de gastos senón tamén na de ingresos. A información contable que se obteña debe responder ás necesidades, por un lado, dos xestores dos citados Fondos e, por outro, dos encargados do control dos mesmos. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Intervención Xeral asume a recomendación do Consello de Contas, estando de acordo en que calquera actuación que mellore a información e transparencia debe ser considerada para a súa implementación na medida do posible.</p> <p>Esta recomendación debe ser contextualizada xunto con outras recomendacións que realiza o Consello de Contas, e tamén xunto con outras moitas actuacións necesarias para a evolución e desenvolvemento do sistema contable e da contabilidade da Xunta de Galicia e do Sector Público de Galicia que é necesario acometer.</p> <p>Desde a Subdirección Xeral de Contabilidade traballárase para a consecución do resultado recomendado polo Consello de Contas na medida en que os recursos dispoñibles e a asignación de prioridades dentro do conxunto de actuacións que é necesario realizar o permita.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non indican prazo.</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 2. Realización de modificacións no orzamento de ingresos da CA co fin de adaptalo ás materializadas no orzamento de gastos do Minhafp. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: (Se é aceptada). Os compromisos de ingresos na Contabilidade da Xunta de Galicia serán coherentes co recoñecido como pendente de cobro por parte da Admón. do Estado que resulte do inicialmente asignado á CC.AA. menos o xa recoñecido como ingreso, independentemente da execución de gastos na CC.AA.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Exercicio 2.021</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |
| R | 3. Incorporación ao orzamento, por parte dos xestores da CA, de todos os remanentes de crédito que están pendentes de incorporar. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 115 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: (Se é aceptada). Se incorporará ao orzamento 2021 a totalidade do pendente de certificación, realizándose modificacións cualitativas do F.C.I de ser necesario pola asignación destes remanentes a outros proxectos FCI ou órganos de xestión.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos/DX Fondos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Exercicio 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 4. Axilización da tramitación dos expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas de proxectos, co fin de non retrasar as peticións de fondos ao Minhafp. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN REALIZADA: Os expedientes de modificacións cualitativas e cuantitativas xa son tramitados coa máxima axilidade, exceptuando o suposto de minoración de crédito en un proxecto onde a minoración implicaría devolución de fondos; nese caso hai que esperar a que se produza outra certificación con dereito a petición de fondos en outro proxecto de FCI do mesmo ano para compensar a minoración proposta.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 5. Certificación á DXPFTeFE, por parte dos xestores dos Fondos, das obrigas anuladas na liquidación do orzamento de exercicios pechados, para que esta adecúe as peticións de fondos á execución real dos proxectos. Así mesmo, incorporarán ao orzamento de gastos o importe das obrigas anuladas. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTAS: Remítanse instrucións aos órganos correspondentes para que se informe das obrigas anuladas de exercicios pechados, así como da necesidade de incorporar ao orzamento de gastos o importe da anulación de ditas obrigas.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgaliacia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 116 a 189



| | |
|----|--|
| R | 6. Realización, por parte dos xestores dos FFCL, das actuacións necesarias para acadar o obxectivo de que ao remate do exercicio se xustifique a totalidade dos Fondos ante a Administración do Estado, coa finalidade de que os recursos se utilicen máis eficientemente. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Incremento das taxas de execución e certificación dos fondos de compensación Interterritorial.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |



3. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS FONDOS EUROPEOS. EJERCICIO 2018

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

| | |
|----|---|
| R | <p>1.-Recoméndase adoptar as medidas necesarias, en relación cos proxectos europeos cuxa xestión administrativa está asignada ás diversas Consellerías, que permitan unha mellora nos índices de execución do financiamento europeo para achegar estes aos ratios da execución xeral do orzamento da Comunidade Autónoma, e conseguir así diminuír os diferenciais negativos que se veñen producindo historicamente. Neste senso recoméndase a utilización de indicadores para o seguimento da execución dos proxectos europeos. Iso permitiría concentrar as operacións naquelas unidades administrativas xestoras e naqueles sectores que se mostren máis eficaces e eficientes na execución dos proxectos europeos.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A implementación de indicadores é unha das exixencias do período de programación 2014-2020, que se caracteriza por un maior enfoque a resultados, os cales se medirán a través dunha batería de indicadores financeiros, de produtividade e de resultado, que figuran recollidos en los diferentes programas operativos aprobados. Os avances na execución dos programas mediranse precisamente a través destes indicadores, que se utilizan así mesmo para o marco de rendemento dos mesmos, non só en termos de absorción financeira, senón tamén en termos de resultados agardados. Todas as actuacións tendentes á recollida e seguimento dos indicadores de produtividade e resultado estanse a realizar na actualidade e, polo tanto, considerase plenamente implementadas esta recomendación no sistema de xestión e seguimento dos programas FEDER e FSE.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX, Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada</p> |
| AC | <p>Aceptada. En proceso de aplicación. Reformúlase a recomendación.</p> |





| | |
|----|---|
| R | <p>2.-Con respecto á base de datos XUMCO e en relación cos nosos anteriores informes recoméndase: 1) proceder á unificación dos criterios de identificación das modalidades coa base de datos da Conta Xeral. 2) que a base de datos XUMCO incorpore a identificación de todos os beneficiarios de Fondos Europeos, debéndose relacionar os perceptores de fondos tramitados polo FOGGA e igualmente deberanse especificar os códigos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica á Conta Xeral, 3) que se implemente nas distintas bases de datos, XUMCO e Conta Xeral, un sistema de identificación e clasificación das actividades económicas dos receptores finais dos Fondos Europeos.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA.</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización</p> <p>ACTUACIÓN: A Intervención Xeral ten iniciado unha revisión das diferentes bases de datos que se envían ao Consello de Contas cara a homoxeneizar a información que se rende nas mesmas.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | <p>Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.</p> |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| R | <p>3.-Recoméndase, seguindo o sinalado xa nos nosos anteriores informes, que o sistema de baixas de créditos - correspondentes a Fondos Europeos- contabilizadas ao final do exercicio (con data 31 de decembro) sobre os remanentes de crédito non comprometidos (e finalistas que cofinancian) para a súa reprogramación en exercicios posteriores, non sexa utilizado tendo en conta que desvirtúa a execución orzamentaria variando notablemente os índices de execución calculados antes e despois das baixas.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos.</p> <p>DECISIÓN: Rexeitada</p> <p>CONTESTACIÓN: A necesidade de reprogramación de fondos entre os distintos xestores e eixos fai necesaria a baixa a fin de exercicio dos fondos que non acadasen a fase de compromiso con terceiros. Estas baixas, a partir de 2020, se rexistran en Contabilidade de xeito independente das demais modificacións, cun código de operación distintivo que se reflicte nunha columna diferente na situación agregada polo que se convirte en sinxelo tecnicamente o cálculo do grao de execución dos fondos á marxe destas baixas.</p> <p>NOTA POSTERIOR: En relación coas recomendacións dos informes anteriores e as correspondentes medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma levouse a cabo unha reunión de traballo por videoconferencia en data 4 de febreiro de 2021. Nesta reunión participaron membros da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, de diversas unidades da Xunta de Galicia vinculadas á xestión de Fondos Europeos e da unidade fiscalizadora de FFEE da área de Coordinación Xeral deste Consello de Contas.</p> <p>Conclusión xenérica da reunión: Ao ser un informe de carácter xeral, recorrente e non específico (dun fondo ou proxecto concreto), e tendo en conta que en materia de Fondos Europeos a complexidade dos sistemas e subsistemas (administrativos e financeiros) existentes é elevada, e nos que ademais existen unha multiplicidade de xestores -non só da propia Administración Xeral da Comunidade Autónoma senón tamén, e en maneira moi importante, fóra da súa órbita directa- conclúese que estas recomendacións ao ter un carácter xenérico, ao afectar ademais a xestores de moi diversa índole e finalmente ao ser a súa finalidade última a mellora do aproveitamento (por parte da multiplicidade de actores intervinientes) dos Fondos Europeos, analizaranse e ponderaranse en cada exercicio fiscalizado.</p> <p>Por tanto, todas as recomendacións de exercicios anteriores fiscalizados considéranse pechadas. Formúlase na fiscalización do exercicio 2019.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: ---</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | <p>Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.</p> |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 120 a 189



| | |
|---|---|
| R | <p>4.-Recoméndase, ante a reiterada diminución que se vén producindo nos últimos exercicios na participación total de Galicia e das súas entidades locais no financiamento de proxectos vinculados a Fondos Europeos, que se articulen, por parte da Administración Autonómica, estratexias colaborativas para incentivar que os organismos e entidades (públicas e privadas) participen en iniciativas comunitarias que comporten a captación de financiamento europeo realizando un seguimento da súa participación.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: CONTESTACION DADA AO INFORME 2018: No ámbito de actuación do PO FEDER Galicia 2014-2020 as entidades locais teñen unha participación residual debido ás esixencias da concentración temática (OT 1, OT2 e OT3) do programa operativo, que obrigan a destinar un mínimo do 60% dos recursos aos OT 1 (I D I), OT 2 (Tics), OT 3 (desenvolvemento empresarial) e OT4 (economía baixa en carbono), ámbitos todos eles nos que os beneficiarios son fundamentalmente as empresas e os organismos da Administración autonómica con competencias nos sectores indicados (p.ex : Amtega, consellerías implicadas en actuacións de eficiencia enerxética en edificios do sector público). Non en tanto, existen convocatorias que teñen como beneficiarios potenciais ás entidades locais no OT 4 para Proxectos de eficiencia enerxética, no OT 9 para actuacións de inclusión social promovidas polos concellos e no OT 10 para a mellora da rede de escolas infantís</p> <p>Con todo, as entidades locais teñen unha participación significativa no marco do Programa Pluriregional de España (POPE) 2014-2020, que inclúe un Eixo Urbano destinado a financiar Proxectos presentados polos Concellos no marco das denominadas Estratexias EDUSI, dirixidas a actuacións de desenvolvemento urbano sustentable.</p> <p>No ámbito dos PO FSE Galicia 2014-2020 e POEX FSE, a participación das administracións locais na execución das actuacións cofinanciadas con estes programas é máis relevante, tendo en conta que participan como entidades prestatarias dos servizos previstos nas correspondentes convocatorias de axudas (Obxectivo Temático 9 no PO FSE Galicia 2014-2020).</p> <p>En consecuencia, no que compete a esta Dirección Xeral e no ámbito dos PO FEDER e FSE Galicia 2014-2020, indicar que a recomendación está implementada segundo a argumentación exposta.</p> <p>NOTA POSTERIOR: En relación coas recomendacións dos informes anteriores e as correspondentes medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma levou a cabo unha reunión de traballo por videoconferencia en data 4 de febreiro de 2021. Nesta reunión participaron membros da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, de diversas unidades da Xunta de Galicia vinculadas á xestión de Fondos Europeos e da unidade fiscalizadora de FFEI da área de Coordinación Xeral deste Consello de Contas.</p> <p>Conclusión xenérica da reunión: Ao ser un informe de carácter xeral, recorrente e non específico (dun fondo ou proxecto concreto), e tendo en conta que en materia de Fondos Europeos a complexidade dos sistemas e subsistemas (administrativos e financeiros) existentes é elevada, e nos que ademais existen unha multiplicidade de xestores -non só da propia Administración Xeral da Comunidade Autónoma senón tamén, e en maneira moi importante, fóra da súa órbita directa- conclúese que estas recomendacións ao ter un carácter xenérico, ao afectar ademais a xestores de moi diversa índole e finalmente ao ser a súa finalidade última a mellora do aproveitamento (por parte da multiplicidade de actores intervenientes) dos Fondos Europeos, analizaranse e ponderanse en cada exercicio fiscalizado. Por tanto, todas as recomendacións de exercicios anteriores fiscalizados considéranse pechadas. Formúlase na fiscalización do exercicio 2019</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: ---</p> |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 121 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| | ÓRGANO RESPONSABLE: DX Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: --- |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Reformúlase a recomendación. |






4. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERVICIO GALEGO DE SAÚDE. EXERCICIO 2018

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

| | |
|----|---|
| R | 1. Deben establecerse condicións que possibiliten un sistema estable de financiamento así como medidas rigorosas para o seu cumprimento. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Rexeitada</p> <p>CONTESTACIÓN: Tódalas actuacións da DX de Planificación e Orzamentos van encamiñadas a dotar ao SERGAS do recursos financeiros necesarios para o seu óptimo funcionamento. A complexidade tanto cuantitativa, pola cantidade de recursos empregados, como cualitativa (persoal, aprovisionamentos...) require por parte desta dirección Xeral certa flexibilidade na asignación temporal dos créditos precisamente coa finalidade de asegurar o financiamento do 100% das necesidades do organismo.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: ---</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 2. O organismo autónomo debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, co fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do referido Plan. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización</p> <p>ACTUACIÓN: No marco dos traballos de aprobación dun novo Plan de Contabilidade Pública implantarase no Sergas un sistema que permita coñecer información adicional á aquela de natureza orzamentaria e presentar as contas anuais de acordo coas esixencias do Novo Plan.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |
| R | 3. As axencias públicas dependentes da entidade deben formular as súas contas coa homoxeneidade que require a súa nova natureza. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN: as Axencias renden as súas contas conforme á normativa contable de aplicación.</p> |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| | <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada</p> |
| AC | Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación. |


| | |
|----|--|
| R | 4. As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios, que están incluídas no inventario de entidades do sector público (INVENTE), deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no SPSG. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Rexeitada</p> <p>ACTUACIÓN: As fundacións de investigación a que se refire o informe non cumpren os requisitos recollidos na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia. Dende o punto de vista normativo non poderían ter a consideración de fundacións do sector público autonómico e non procede a súa incorporación ao sistema sanitario público. En calquera caso, e dada a discrepancia existente, os traballos que se están a realizar sobre o rexistro das entidades dependentes na LOFAXGA intentarán clarificar a súa natureza.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Facenda e Administración Pública e Consellería de Sanidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |





| | |
|----|---|
| R | 5. As modificacións orzamentarias deben reducirse ás estritamente necesarias para non desvirtuar o seu carácter excepcional. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Rexeitada</p> <p>CONTESTACIÓN: A normativa orzamentaria, base das modificacións de crédito, estable una serie de normas encamiñadas a que os movementos desa natureza non desvirtúen o mandato parlamentario materializado na Lei de Orzamentos. Nos expedientes tramitados por este centro xestor se establece expresamente a norma legal que sustenta cada un deles.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: ---</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 6. As diferentes modalidades de modificacións orzamentarias deben aplicarse conforme ás finalidades previstas; en particular, debe evitarse a utilización de baixas de crédito como alternativa, máxime cando estas non dispoñen dunha canle procedimental e de control establecida normativamente. Debe regularse a codificación dos expedientes e asegurar o seu cumprimento. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>DECISIÓN: Non Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓN: O TRLFO de Galicia alude indirectamente á baixa de crédito como forma de financiamento doutras figuras si establecidas formalmente como modificacións orzamentarias. As distintas leis de Orzamentos expresamente se refiren ás baixas de créditos. Non teñen establecido un procedemento regado en tanto que non son una modificación en sentido estrito senón un xeito de financiar outras, normalmente ampliacións. O control se establece sobre a ampliación o que indirectamente implica o control sobre a baixa. En canto as baixas de fin de exercicio se autorizan previamente polo Consello da Xunta polo que non deben ser obxecto de fiscalización posterior. Respecto da codificación dos expedientes puidera existir algún erro material que tentará ser subsanado una vez se detecte.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: ---</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Planificación e Orzamentos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 125 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | 7. Debe limitarse o emprego das redistribucións, que permiten alterar a asignación funcional e orgánica dos créditos sen que iso supoña a tramitación dun expediente de modificación de crédito. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN: As redistribucións veñen reguladas na Lei de Orzamentos para 2021. Están consideradas como unha modificación orzamentaria e, no presente exercicio, aplícanse unicamente a gastos de funcionamento. Xa non se tramita ningunha redistribución con cargo a gastos de investimentos</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Parcialmente aplicada</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 8. Considérase conveniente regularizar e depurar os dereitos recoñecidos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento de exercicios anteriores, en especial os de maior antigüidade. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de aplicación</p> <p>ACTUACIÓN: Proponse unha actuación conxunta entre o Servizo Galego de Saúde e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para proceder á regularización das obrigas e dereitos pendentes de exercicios anteriores. Tratarase de establecer o procedemento de anulación, iniciando a depuración no presente exercicio.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalegias.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 126 a 189





| | |
|----|---|
| R | 9. Debe establecerse un marco que regule o proceso de imputación contable dos gastos derivados de compromisos contraídos sen a existencia de crédito ou sen someterse aos procedementos previstos legalmente para o seu recoñecemento. Así mesmo, o sistema contable debe establecer a correspondente referencia para a súa identificación. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa realizada</p> <p>ACTUACIÓN: O proceso de imputación contable dos gastos derivados de compromisos contraídos en exercicios anteriores atopase xa regulado no decreto 63/1987, sobre obrigas de exercicios pechados e sobre imputación a exercicio corrente de obrigas recoñecidas ou xeradas en anos anteriores. O sistema contable estableceu a correspondente referencia para a súa identificación. Así o 31 de xaneiro de 2018 a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ditou unha instrución sobre a cumprimentación de documentos contables en relación coa aplicación do artigo 60,2b) do Decreto 1/1999, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que regula a aplicación con cargo ao orzamento de obrigas derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores e dá instrucións para a obtención de información máis ampla e fiable das obrigas de exercicios anteriores pendentes de imputar ao orzamento.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS-Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 10. A información nos diarios de operacións debe permitir identificar sen lugar a dúbidas o gasto/ingreso que se está a contabilizar mediante unha descrición axeitada. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Elaboración dunha instrución sobre a información que deben conter os documentos contables.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | 11. Deben actualizarse os documentos de relación entre o Sergas e as entidades dependentes e aprobarse os contratos de xestión para as axencias. Tamén se debe asegurar, a efectos da correcta consolidación de contas, que as obrigas recoñecidas a favor destas entidades se contabilicen de forma homoxénea e no marco dos instrumentos de relación. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Estase traballando na actualización dos contratos-programa con todas as fundacións, que deberían estar actualizados durante este exercicio 2021. O mais avanzado e o das Urxencias Sanitarias 061, que está pendente de aprobación polo Consello da Xunta.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 12. Debe avaliarse a adecuación do modelo de relación coas entidades dependentes nas que o seu obxecto é a prestación de servizos. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN: Estase traballando na actualización e adecuación de todos os contratos coas fundacións e sociedades públicas, como se comentou na recomendación 11.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalegalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 128 a 189





| | |
|----|---|
| R | 13. Debe garantirse que o traspaso dos gastos adquiridos con cargo a exercicios futuros se realice de forma íntegra. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN: Xa se garante o traspaso dos gastos adquiridos con cargo a exercicios futuros. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021 |
| AC | Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 14. Recoméndase a regularización dos concertos que se manteñen no tempo sen soporte contractual axeitado e xustificar a urxencia que se pretende atender no caso das autorizacións de uso. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN: Xa están regularizados os concertos nas provincias da Coruña e Lugo e estanse tramitando novas contratacións nas provincias de Ourense e Pontevedra e intentarase diminuír o recurso das autorizacións de uso. ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021 e seguintes |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 15. Debería limitarse o emprego do Fondo de Manobra e os pagamentos a xustificar en aras á transparencia xa que as melloras e axilidade na tramitación dos pagamentos en firme non xustifican o seu emprego. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS DECISIÓN: Aceptada parcialmente ACTUACIÓN: Emprégase o fondo de manobra nos casos absolutamente imprescindibles e naqueles outros que facilitan a xestión de xeito considerable debido a gran número de terceiros implicados. Os pagamentos a xustificar so se empregan nos Servizos Centrais do Sergas e na Consellería de Sanidade ÓRGANO RESPONSABLE: Consellería de Sanidade PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Parcialmente aplicada |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



5. INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DAS ENTIDADES INSTRUMENTAIS. EJERCICIO 2018

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións aceptadas pendentes de aplicación

| | |
|----|---|
| R | <p>1. Actualizar o marco de contabilidade pública ben mediante a aprobación dun novo plan galego ou ben acolléndose ao Plan xeral de contabilidade pública aprobado pola Administración central. Esta recomendación foi aceptada e iniciouse a súa aplicación. A Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas incorpora unha modificación do Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia sobre a estrutura e contido da Conta Xeral. O desenvolvemento normativo desta reforma e a aprobación do novo plan atópanse pendentes de aplicación.</p> <p>2. Xerar información contable consolidada que ofrezca unha visión global da situación económica do sector público autonómico. En particular, en liña coa memoria dos orzamentos iniciais, incluír na Conta Xeral un estado de liquidación orzamentario de gastos e ingresos do conxunto do sector público autonómico. Esta recomendación foi aceptada pero atópase pendente de aplicación sen que se aprecien avances nas contas rendidas de 2018.</p> <p>3. Incluír na memoria dos organismos autónomos a información prevista no plan público co fin de que estas poidan explicar, comentar e ampliar a información dos restantes estados contables. Esta recomendación foi aceptada pero atópase pendente de aplicación sen que se aprecien avances nas contas rendidas de 2018.</p> <p>4. Elaborar instrucións, guías e resolucións que desenvolvan a normativa contable, en particular, desenvolver o formato e contido da información económico-financieira que deben achegar as entidades instrumentais, así como a información adicional que deben facilitar as entidades sometidas ao plan de contabilidade privado. Esta recomendación foi aceptada pero atópase pendente de aplicación sen que se aprecien avances nas contas rendidas de 2018.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de aplicación</p> <p>ACTUACIÓN: é preciso abordar a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico. Ademais nos traballos de reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma realizarase unha revisión do contido das memorias.</p> <p>A aprobación do no Plan de Contabilidade Pública de Galicia responde á Resolución 5 do Pleno do Parlamento de Galicia do 26 de marzo de 2019</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.022</p> |
| AC | <p>Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.</p> |
| R | <p>5. Poñer en marcha o rexistro das entidades dependentes prevista na LOFAXGA e establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.</p> |





| | |
|----|---|
| | Esta recomendación foi aceptada pola Xunta de Galicia pero atópase pendente de aplicación sen que se verificasen avances na súa implantación. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada. Pendente de realización</p> <p>ACTUACIÓN: Dende a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma estase a traballar na posta en marcha do Rexistro de entidades previsto no artigo 52 da LOFAXGA, dando tamén cumprimento a proposta de resolución número 7 aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión de 26 de marzo de 2019.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 6. Establecer sistemas de control sobre os consorcios, os fondos de capital risco e as fundacións e sociedades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario. Esta recomendación foi aceptada pola Xunta de Galicia pero atópase pendente de aplicación. Apréciense avances no control dos consorcios mediante a contratación por parte da Intervención Xeral de auditorías sobre as súas contas anuais. Débese seguir afondando no control destas entidades e incluíndo no ámbito de control as fundacións e sociedades nas que a Xunta sexa socio maioritario aínda que participe con outras administracións sen que ningunha illadamente ostente una posición de control. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada. Parcialmente aplicada</p> <p>CONTESTACIÓN: De conformidade co disposto no artigo 122.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, realizouse pola Intervención Xeral a auditoría das contas anuais do ano 2016 dos consorcios autonómicos.</p> <p>ACTUACIÓN: Aínda que na actualidade os fondos de capital risco contrólense no marco do control realizado de acordo co plan de control financeiro permanente sobre as sociedades que os xestionan e que están suxeitas ao acordo de control conforme a súa natureza xurídica (SODIGA e XESGALICIA), considerase conveniente incrementar o control realizado directamente nos fondos de capital risco polo que se incluirán no próximo plan de control financeiro. Polo que respecta os consorcios, ademais de continuar auditando as súas contas anuais, incluíranse no próximo plan anual de control financeiro permanente.</p> <p>Por ultimo, en canto as fundacións e sociedades públicas nas que a participación da Xunta non é superior ao 50% pero nas que é o socio público maioritario, realizarase un estudo daquelas nas que concorran estas circunstancias aos efectos da súa inclusión no próximo plan de control financeiro</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación |

Recomendacións pendentes de aceptación que non están aplicadas.

Para facer posible o seu tratamento estatístico numéranse correlativamente respecto ás recomendacións aceptadas pendentes de aplicación.



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 131 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| R | 7. Instar aos entes instrumentais a subministrar información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión como medio para avanzar na dirección por obxectivos e no control de eficiencia. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Impulsar a elaboración dos instrumentos de xestión das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, segundo as previsións do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómica de Galicia 2021-2023. (Medida 1.1 do Plan).</p> <p>Para a planificación e coordinación destas actuacións aprobarase un Programa de mellora de xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia. Ao tempo, procederase a revisar e actualizar a situación dos portais de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, segundo as previsións do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómica de Galicia 2021-2023. (Medida 6.1 do Plan).</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Os órganos responsables da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso coordinarase e impulsarase dende a DXARA.</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.023</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 8. Someter a avaliación periódica o funcionamento das axencias para vulgar se están a cumprir os seus obxectivos e constitúe a forma máis eficiente para acadalos. Este control de eficacia ten que ter como base o contrato de xestión das entidades polo que estes deben ser elaborados e aprobados en cada axencia. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Impulsar a elaboración dos instrumentos de xestión das axencias públicas, segundo as previsións do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómica de Galicia 2021-2023. (Medida 1.1 do Plan)</p> <p>Para a planificación e coordinación destas actuacións aproba-rase un Programa de mellora de xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Os órganos responsables da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso coordinarase e impulsarase dende a DXARA.</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.023</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación |
| R | 9. Instar aos consorcios e fundacións públicas nas que a Administración autonómica participe á adaptación dos seus estatutos para sinalar expresamente cal é a administración de adscrición tal como esixe a normativa básica contida na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> |





| | |
|----|---|
| | <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: A Xunta de Galicia instará aos consorcios e fundacións públicas do sector público autonómico á adaptación dos seus estatutos para sinalar expresamente cal é a Administración de adscrición.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Os órganos responsables da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso coordinarase e impulsarase dende a DXARA.</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.023</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 10. Elaborar por parte da Intervención Xeral un informe comprensivo dos principais resultados de control financeiro permanente e auditoría pública. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: A Intervención Xeral realizará as actuacións necesarias para a elaboración dun informe que recolla as actuacións desenvolvidas no ámbito do control financeiro.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 11. Ampliar as restantes axencias, as entidades públicas empresariais, fundacións e sociedades a participación da Intervención Xeral na contratación e seguimento dos traballos e informes de auditoría de contas anuais. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN: A Intervención Xeral está a realizar a auditoría das contas anuais das axencias e consorcios autonómicos. No marco da estratexia plurianual de control financeiro da Intervención Xeral 2021-2024 procedérase a engadir de forma paulatina as auditorías das contas anuais das restantes entidades do sector público autonómico.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.024</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

INFORMES NON RECORRENTES

6. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA TESOURERÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL. EXERCICIO 2014-2016


Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | <p>1. Recoméndase que se reflectan nos estados contables de fin de exercicio os saldos existentes de tódalas contas de habilitación dos centros da Administración xeral da Comunidade Autónoma, co obxecto de ofrecer unha imaxe fiel sobre a situación da súa tesourería.</p> <p>A Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro debe considerar os saldos das contas restrinxidas de recadación xestionadas pola ATRIGA como integrantes do saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Dende o 27 de decembro de 2019 está en vigor a normativa reguladora do réxime de funcionamento e xestión das contas bancarias e dos fondos integrantes da Tesourería (Orde do 2 de decembro de 2019). Adicionalmente, incorporárase ao saldo da Conta de Tesourería os saldos de todas as contas de habilitación así como os saldos das contas de recadación xestionadas pola ATRIGA.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada</p> |
| AC | Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación. |
| R | <p>2. Recoméndase segregar as contas contables ata un nivel suficiente que permita identificar os saldos dos distintos tipos de contas bancarias e coñecer a xestión realizada en relación cos pagamentos a xustificar.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e pendente de realización</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: No eido da nova normativa que se aprobará para a actualización do marco contable abordarase esta cuestión.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|---|---|
| R | <p>3. Debería implantarse un proceso informático contable que integrando as contas de habilitación asegure a consistencia de datos entre as existencias en metálico das actas de arqueo e o saldo final do estado de situación de fondos.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN:</p> <p>DECISIÓN:</p> <p>CONTESTACIÓN:</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA:</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |





| | |
|----|---|
| AC | Non contestada. Non aceptada. Mantense a recomendación |
|----|---|

| | |
|---|---|
| R | 4. Debería regularse e poñer en marcha un Rexistro de Contas Correntes da Tesourería da Comunidade Autónoma no que se inscriban todas as contas cuxa existencia ou apertura deba ser autorizada por aquela, cun contido mínimo de datos que permita un adecuado control daquelas e relacionar os seus saldos coa conta de Tesourería, así como establecer os mecanismos de comunicación ao servizo xestor dese rexistro das variacións de calquera circunstancia para a súa inscrición. |
|---|---|

| | |
|---|---|
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTA: A Orde do 2 de decembro de 2019 crea o Rexistro de Contas, no que se deberán rexistrar, co contido mínimo que se recolle na Orde, todas as contas bancarias onde se depositan os fondos integrantes da Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia. ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada |
|---|---|

| | |
|----|---|
| AC | Aceptada. Aplicada. Retírase a recomendación |
|----|---|

| | |
|---|--|
| R | 5. Recómendase que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro ou a Intervención Delegada de Facenda realicen unha circularización anual de todas as posicións activas e pasivas da Tesourería da Comunidade Autónoma, que permita un maior control das contas de habilitación e de centros con autonomía de xestión. |
|---|--|

| | |
|---|---|
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTAS: A Orde do 2 de decembro de 2019 establece o réxime de control e conciliación das contas de habilitación de pagos. ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Aplicada |
|---|---|

| | |
|----|---|
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |
|----|---|

7. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO SERGAS. EXERCICIOS 2014 A 2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

| | |
|---|--|
| R | 1. Coa finalidade de permitir que o inventario contribúa a amosar a imaxe fiel da situación patrimonial do Sergas o organismo debería elaborar o balance, a conta do resultado económico-patrimonial e a memoria, como resultado seu sometemento ao réxime de contabilidade pública. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS DECISIÓN: Aceptada |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| | <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Coordinación coa IXCA para a aplicación do Plan Xera de Contabilidade Pública.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA/SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: En proceso de aplicación.</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |

| | |
|----|--|
| R | 2. Sería aconsellable establecer un mecanismo de conexión entre a aplicación de xestión do inventario coas aplicacións de compras e mantemento de activos. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada.</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Cambio de programa de inventario. Este programa estaría enlazado cos programas de compras e mantemento de activos e a primeira fase sería o traspaso de datos do actual programa de inventario A4 ao novo, partindo de que os datos e os parámetros utilizados serían os mesmos.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Xuño 2.022</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |



| | |
|----|--|
| R | 3. Debería arbitrarse un sistema informático que permitise o enlace entre a aplicación da contabilidade orzamentaria do Sergas e a de xestión de inventario. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: Cambio de programa de inventario. Este programa estaría enlazado cos programas de compras e mantemento de activos e a primeira fase sería o traspaso de datos do actual programa de inventario A4 ao novo, partindo de que os datos e os parámetros utilizados serían os mesmos. Esta implantación utilizará novas funcionalidades que permitan a conexión tamén coa contabilidade orzamentaria.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |



8. INFORME DE FISCALIZACIÓN DA RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO SERGAS. EX 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

| | |
|----|--|
| R | 1. Recómendase potenciar a notificación de incidentes e eventos adversos e reforzar a análise exhaustiva da súa orixe e do impacto que supoñen, avanzando cara ao obxectivo de diminuír a súa frecuencia e minorar as súas consecuencias e efectos. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS: O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde sinala como un dos seus obxectivos principais a humanización na asistencia sanitaria; este modelo pretende ter como un dos obxectivos principais analizar, avaliar e mellorar os aspectos que teñen que ver con dimensións cualitativas da calidade, como son a calidade da información, a confidencialidade, o trato ou a accesibilidade aos servizos por parte dos nosos/ as pacientes.</p> <p>Poténciase a mellora continua na organización, promovendo a mellora da humanización dos servizos asistenciais dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.</p> <p>Entre as funcións que se lle asignan ao Servizo de Humanización e Atención á Cidadanía (dependente da subdirección xeral homónima) está a coordinación e o impulso de actuacións de conciliación de conflitos entre pacientes e institucións sanitarias e a potenciación e coordinación da rede de cidadáns/ as mediadores/ as.</p> <p>Así mesmo, no relativo á análise, a plataforma RRPPA permite desagregar información dos expedientes en materia de responsabilidade patrimonial por centro e por servizo sanitario, sendo unha ferramenta de análise sobre a orixe e incidencia das reclamacións nesta materia</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: En aplicación</p> |
| AC | Aceptada. Non verificada. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 138 a 189



| | |
|----|---|
| R | <p>2. Considérase necesario poñer en funcionamento unha plataforma informática integral única que recolla todos aqueles aspectos relativos á xestión das reclamacións de responsabilidade patrimonial. Na súa falta, recoméndase que se adopten medidas para unha maior integración e interconexión entre as aplicacións actualmente existentes, de forma que se facilite o transvasamento automático de información entre elas co obxecto de lograr unha maior coherencia, representatividade e homoxeneidade, así como un mellor seguimento das reclamacións desde o seu inicio ata a súa resolución definitiva.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Non se inclúen no aplicativo de riscos que manexa a Consellería de Facenda expedientes de responsabilidade patrimonial/civil que non teñen cobertura aseguradora de acordo coas diferentes pólizas asinadas. Así, no aplicativo de responsabilidade patrimonial da Consellería de Sanidade figuran expedientes por baixo da contía de franquía ou cun obxecto que trata riscos excluídos de forma clara da cobertura.</p> <p>O anterior leva á imposibilidade de contar cunha plataforma informática integral única dado que a información e os obxectivos das dúas plataformas son diferentes.</p> <p>Un dos obxectivos da plataforma informática da Consellería de Sanidade é a creación dun expediente en formato electrónico ao que se suba e registre a documentación de acordo tamén con sistemas de sinatura dixital válidos durante os distintos trámites do procedemento. Isto posibilita a descarga íntegra do expediente en soporte dixital e a súa remisión tanto ao Consello Consultivo como, no seu caso, aos órganos xudiciais correspondentes ou ás persoas interesadas cando así o soliciten.</p> <p>Pola contra, o obxectivo do aplicativo de riscos da Consellería de Facenda non é a tramitación dun procedemento administrativo, senón o tratamento dos sinistros e o seguimento das posibles indemnizacións, é dicir, as responsabilidades e consecuencias económicas que poden derivar dese expediente.</p> <p>Non obstante, o transvase de información é constante entre ambas as dúas co fin de manter actualizados os expedientes comúns, de acordo coa Instrución 3/2018, do 15 de marzo, sobre o procedemento de xestión de expedientes de responsabilidade patrimonial derivados da asistencia sanitaria.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE:---</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | <p>Non aceptada. Non aplicada. Reformúlase a recomendación</p> |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 139 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| R | 3. Recómendase, ademais, a mellora das aplicacións informáticas utilizadas de forma que permitan a explotación de información estatística agregada sobre todos aqueles aspectos relevantes, posibilitando unha adecuada análise que contribúa a un mellor desenvolvemento da xestión de riscos. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓN: No momento de realización do Informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do Servizo Galego de Saúde a plataforma RRPPA estaba na versión 01.12.0000, atopándose na actualidade, tras as melloras realizadas no aplicativo, na versión 01.23.0000, cuxa última actualización tivo data 09.06.2020. O aplicativo RRPPA está en constante actualización e mellora.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Xa aplicada</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Reformúlase a recomendación |

| | |
|----|---|
| R | 4. Considérase conveniente que a prima correspondente á responsabilidade patrimonial sanitaria apareza detallada e diferenciada na póliza que se subscriba para permitir, así, un mellor coñecemento da súa idoneidade e da súa adecuación á evolución da sinistralidade. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓN: Reitérase o expresado pola Consellería de Facenda nas alegacións do 25.02.2019 ao anteproxecto de informe de fiscalización da responsabilidade patrimonial do Servizo Galego de Saúde. A póliza que cubre a RC da administración autonómica é única dende hai moitos anos, con dúas seccións, pero única. Mentres a Consellería de Facenda. Como tomadora da póliza pola súa condición de órgano competente en materia de seguros, considere conveniente saír aos mercados cunha única póliza, co obxecto de aproveitar as sinerxías que diso se derivan, non estamos en disposición de distribuír a prima entra ambas as dúas seccións.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: ---</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación |





| | |
|----|---|
| R | 5. O funcionamento da Comisión de Seguimento debería ser obxecto dunha regulación que estableza aspectos como a súa composición, a periodicidade das reunións, as súas atribucións e as pautas procedimentais. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A Comisión de Seguimento (da que forma parte esencial tamén a Consellería de Facenda) se reúne regularmente para tratar sobre expedientes concretos de responsabilidade patrimonial sanitaria e ten a súa base na relación contractual entre a Consellería de Facenda e a compañía aseguradora, que normalmente acaba facendo fronte á posible responsabilidade da Administración. A razón da súa existencia, regulada nos pregos de prescricións da contratación correspondente, é a necesidade de ter controlado o risco e minimizar a dita responsabilidade, o que beneficia tanto á Administración Pública como á compañía de seguros.</p> <p>Considérase que a devandita comisión está suficientemente regulada nos pregos de prescricións que recollen a relación contractual entre a compañía de seguros, a corredoría e a Consellería de Facenda.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: ---</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación |

| | |
|----|--|
| R | 6. As circunstancias do sector asegurador no ámbito sanitario e o elevado aumento das primas fan aconsellable a avaliación e estudo doutras posibles alternativas para a cobertura dos riscos derivados das reclamacións patrimoniais sanitarias. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS: A sección sanitaria da póliza vixente ten unha franquía de 60.000 €. Na actualidade, estase a valorar a posibilidade de externalizar ese risco concreto ou acudir a fórmulas de mediación ou terminación convencional dos procedementos de responsabilidade patrimonial.</p> <p>En todo caso, e independente do anterior, a póliza vixente estará operaiva previsiblemente ata o 04.10.2022. Polo tanto, ata esa data non van variar as condicións establecidas na documentación contractual. Será na primavera dese ano cando se valorarán as recomendacións efectuadas polo Consello de Contas e se adaptará a póliza ás necesidades desta Administración autonómica segundo o que ofrezga o mercado asegurador neses momentos.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Pendente de realizar</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



9. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO CONCERTO CO HOSPITAL POVISA

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

| | |
|----|---|
| R | <p>1. O Sergas debe facer unha análise de custos das prestacións sanitarias (de tipo asistencial e farmacéutico) tendo en conta as características da poboación atendida para poder fixar con exactitude o importe da cápita a satisfacer a Povisa e permitir unha axeitada comparativa co custo por paciente atendido nos centros públicos. Isto obrigaría ao Sergas a establecer un sistema de contabilidade analítica e a realizar unha análise de eficacia e eficiencia na provisión pública da sanidade, o que permitiría ofrecer transparencia á forma de fixación da cápita do concerto.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Recursos Económicos do SERGAS</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: NO actual concerto establécese un sistema caputivo, a través da asignación dunha cápita por cada usuario dos que opte por recibir esta asistencia hospitalaria a través do sistema de libre elección. A cápita quedou fixada en 540 €. Con data 1 de xaneiro de 2019 asínase a cláusula adicional 3-ao concerto de 1 de setembro de 2014, pola que se modifican diferentes estipulacións ao mesmo. Entre elas, a estipulación 19- (condicións de execución) na que se indica que o Sergas levará a cabo as subministracións a Povisa da medicación subsidiaria de ser dispensada a pacientes externos na consulta externa de atención farmacéutica.</p> <p>Esta medida púxose en marcha no momento en que Povisa se adheriu ao aplicativo de xestión e prescrición do Sergas SILICON. Mediante a aplicación da cláusula quinta a cápita pasa a ser de 515,68 €.</p> <p>O cálculo do orzamento estableceuse consonte á metodoloxía empregada para a asignación de cápita por poboación de referencia. A metodoloxía tivo en conta os gastos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, en función da poboación que tiñan asignada. Obtívose así o gasto por hospital por poboación. Así mesmo, dito gasto foi depurado por áreas de actividade (investigación, docencia, formación; coste estrutural, investimentos, actividade e poboación non incluída) co que se obtivo o gasto normalizado por hospital e área. Da depuración deste gasto, mediante a análise da oferta e a demanda das áreas por fluxo obtívose a cápita.</p> <p>Tomouse como punto de partida unha poboación de referencia de 139.000 persoas, como tope máximo.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: SERGAS</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non aplica ata novo contrato de prestacións de asistencia sanitaria.</p> |
| AC | <p>Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación.</p> |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 142 a 189





10. INFORME DE FISCALIZACIÓN DO GASTO EN ATENCIÓN RESIDENCIAL A PERSOAS MAIORES E DEPENDENTES

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

O seguimento das recomendacións deste informe de fiscalización é obxecto dun específico *Informe de seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da dependencia. Exercicios 2008-2015*, polo que a súa avaliación realizase dun xeito mais detallado no marco do mesmo.

| | |
|----|---|
| R | 1. Recómendase á Xunta de Galicia que para atender as necesidades asistenciais do colectivo, cada vez máis numeroso, de persoas maiores e dependentes, continúe coa incorporación de prazas públicas residenciais ao sistema de servizos sociais de Galicia, tendo en conta o actual nivel de prestación e a situación da lista de espera para acceder a unha praza. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Consellería de Política Social, consciente das necesidades asistenciais que presentan as persoas en situación de dependencia, tenta anualmente ampliar o número de prazas de atención residencial con suxeición ás súas disponibilidades orzamentarias. Se ben no ano 2020 este incremento non se puido materializar debido á crise sanitaria ocasionada pola Covid -19, no ano 2021 esta consellería está a traballar na licitación de novas prazas, como por exemplo prazas de atención residencial terapéutica para persoas con parálise cerebral e para persoas con discapacidade intelectual e enfermidade mental asociada, entre outras. Así mesmo, estase a traballar na modificación de contratos de servizo en execución</p> <p>Tentarase continuar con este crecemento do número de prazas dispoñibles nos vindeiros exercicios económicos.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Maiores e Persoas con Discapacidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Permanente (o envellecemento poboacional fai que esta acción teña que manterse no tempo ao incrementarse a demanda destes servizos)</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| R | <p>2. A Xunta debe dotarse de persoal suficiente e dos medios necesarios para que o recoñecemento do dereito ao servizo residencial se produza no prazo de seis meses que fixa a normativa desde a solicitude polos interesados. Débense reducir os tempos de espera ata un prazo que se aproxime aos tres meses que fixa a normativa aplicable nos procedementos ordinarios de acceso a unha praza residencial, unha vez recoñecido o dereito ao servizo.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia presenta na actualidade problemas estruturais que necesitan ser abordados para a mellora do procedemento e poder dar resposta ás solicitudes de valoración e atención rexistradas evitando demoras excesivas.</p> <p>As melloras no procedemento deben ir acompañadas dun aumento dos recursos dispoñibles para a atención, configurando recursos viables e sostibles do sistema que garantan niveis mínimos de atención para todas as persoas en situación de dependencia recoñecida.</p> <p>Na actualidade se está analizando o alcance de distintas medidas de mellora no sistema e debatendo cambios profundos na configuración do mesmo a través dun "Acuerdo de puesta en marcha del Plan de Choque en Dependencia 2021" promovido pola Secretaría de Estado de Derechos Sociales, que ten como punto de partida un incremento dos recursos dispoñibles para o seu financiamento.</p> <p>Entre as medidas de mellora que se están a abordar podemos mencionar a simplificación normativa, simplificación administrativa, cambios na concepción do PIA, niveis mínimos de atención, descentralización das valoracións, optimización de rutas de valoración, melloras na xestión e notificación de citas e confirmación a través de SMS, priorización de determinadas patoloxías na valoración da dependencia e reforzo de persoal.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Atención Integral Socioasaniaria</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Permanente (o envellecemento poboacional fai que esta acción teña que manterse no tempo ao incrementarse a demanda destes servizos)</p> |
| AC | <p>Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación.</p> |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgaliicia.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 144 a 189





| | |
|----|--|
| R | 3. Co fin de que a contribución dos usuarios ao financiamento das prazas residenciais, en función da súa capacidade económica, contribúa a mellorar a calidade do servizo residencial, a Xunta debe revisar con periodicidade anual a contía do copago, adaptándoo ás súas variacións. Tamén debe iniciar actuacións administrativas dirixidas á execución do cobro das cotas impagadas. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A revisión da capacidade económica das persoas usuarias de prazas residenciais estase a realizar actualmente mediante a revisión do PIA a petición das persoas interesadas e tamén de oficio cando se detectan cambios significativos.</p> <p>Estase traballando nos desenvolvemento das aplicacións informáticas para implementar unha solución que permita, cos recursos existentes, realizar unha revisión anual das capacidades económicas de todas as persoas usuarias e a actualización inmediata no copagamento que estas deben realizar polos servizos recibidos, así como a contía que perciben en concepto de libranza de cuidados no contorno familiar ou vinculada á adquisición dun servizo.</p> <p>En concordancia co necesario cambio de concepción de PIA no que se está a traballar que evite innecesarias revisións do mesmo e a sobrecarga de traballo no persoal técnico dos Órganos de Valoración da Dependencia e na tramitación, estase a traballar na elaboración dun módulo económico independente da elaboración do PIA co que se poderá actualizar anualmente a capacidade económica de todas as persoas en situación de dependencia recoñecida de xeito automático e transparente a través da consulta da información a través de mecanismos de interoperabilidade, que se notificarán mediante resolución da cada xefatura territorial directamente aos usuarios, dando cumprimento ao disposto no artigo 18 do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Atención Integral Sociosanitaria</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|---|---|
| R | 4. A incorporación de novos centros residenciais ao sistema debe acompañarse dun incremento do número de efectivos da Inspección de Servizos que reforcen a vixilancia. O reforzamento do labor inspector debe dirixirse a vixiar os incumprimentos da normativa ou estándares de calidade esixidos, adoptando as medidas correctoras e sancionadoras que sexan precisas. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Promoverase o incremento no cadro de persoal inspector de servizos sociais na medida que as disponibilidades orzamentarias do capítulo I da Consellería o permitan. Nesta dirección de traballo estase a organizar para finais de abril 2021 un curso de inspección na EGAP (formación obligatoria para poder realizar inspeccións) e estase a reforzar os traballos de inspección mediante a realización de horas extraordinarias polos efectivos existentes.</p> |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 145 a 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| | <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: As medidas a curto prazo estanse implantando xa no ano 2021 e esperase poder continuar con estas liñas de traballo no ano 2022.</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |
| R | 5. Recómendase á Xunta que se dote dun sistema informático normalizado para a xestión do persoal dos centros residenciais xestionados con medios propios, co obxecto de facilitar a xestión e ofrecer información precisa da cobertura efectiva das xornadas de traballo con ocasión de permisos, vacacións e outras ausencias dos traballadores do cadro de persoal. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓN: A xestión de persoal na Xunta de Galicia é unha tarefa complexa para a que se empregan varias aplicacións interrelacionadas que establecen moitas dependencias entre elas. A modo enumerativo, ademais da aplicación herdada do IMSERSO (Micaxunt) nos centros de servizos sociais, podemos falar de: Xaque (para xestión de quendas), Matrhix (xestión de expedientes de empregados públicos), Kronos (para o sistema de fichaxe), Portax (para a consulta polos empregados da súa información e solicitude de permisos e licencias) e Morfeo (para que os responsables de cada departamento fagan seguimento do persoal ao seu cargo). A implantación destas ferramentas nos centros tampouco resulta sinxela, tanto pola necesidade de atopar un conxunto de aplicacións que se axuste ás necesidades e cumpra os requisitos dos usuarios como polo número de departamentos implicados (Amtega, Función Pública e Consellería de Política Social).</p> <p>Todos estes departamentos están a traballar na implantación destas aplicacións nos centros para facilitar a xestión de persoal nestes. O Centro residencial de atención a persoas dependentes de Vigo é o que está máis avanzado e xa conta con todas as aplicacións para a xestión de permisos e licencias. O Centro de atención a persoas con discapacidade da Coruña é a outra residencia que foi seleccionada para encabezar a implantación destes programas. Se ben o CAPD aínda non ten integrado o programa Morfeo pódese dicir que os dous centros xa cumpran ou cumprirán a recomendación este ano.</p> <p>A expansión deste traballo ao resto de centros residenciais de xestión propia da Xunta de Galicia foi paralizado no ano 2020 e no primeiro cuadrimestre do ano 2021 pola crise sanitaria do COVID-19. Non obstante, esperase poder retomar o proxecto e ir paulatinamente acadando a informatización da xestión de persoal en todos eles.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica, Amtega e a DX de Función Pública</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Non se pode comprometer un prazo certo de implantación para a totalidade dos centros</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 146 a 189



| | |
|----|---|
| R | 6. A Consellería de Política Social debe esixir aos centros residenciais que manteñan actualizados, permanentemente, os datos que consten no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos sociais (RUEPSS) en canto instrumento público de publicación e de ordenación do Sistema Galego de Servizos Sociais. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: En canto á modificación dos datos inscritos no RUEPSS, hai que distinguir 2 supostos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificacións que requiren da tramitación dun procedemento (BS628C), de acordo co disposto no artigo 15.1 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia: enderezo social das entidades, obxecto social, representantes legais, titularidade de centros ou cambios de entidade xestora de centros. - Modificacións que poden facer no RUEPSS as propias entidades coa súa chave/contrasinal: prezo dos servizos, persoal co que contan, prazas ocupadas, etc. <p>A falta de actualización de datos ten lugar, na maior parte dos casos, no segundo suposto, dada a variabilidade que se dá nesta información (ter que cambiar o dato de ocupación cada vez que se produce a contratación de novo persoal, ou que causan alta ou baixa persoas usuarias).</p> <p>Actuacións realizadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Con carácter previo á realización das visitas que se fan aos distintos centros e programas de servizos sociais, o persoal inspector comproba os datos que figuran no RUEPSS de cuxa actualización é responsabilidade das entidades titulares ou xestoras dos mesmos. - Durante as visitas recórdase ás entidades a obriga de manter permanentemente actualizados estes datos, e no caso de constatare que non o están requirese para que se faga. - De persistir este incumprimento, estanse tramitando expedientes sancionadores motivados, entre outras causas, pola falta de actualización de datos no RUEPSS. <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Secretaría Xeral Técnica</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Aceptada. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 147 a 189



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | 7. A Consellería debe adoptar un criterio para a facturación dos días nos que se producen traslados entre centros e aplicar o desconto establecido no contrato para a facturación das prazas reservadas non vacantes. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Non Aceptada.</p> <p>CONTESTACIÓN: Reiteramos as alegacións formuladas con anterioridade. O traslado dunha persoa usuaria dun centro a outro soe facerse despois do xantar. Isto supón que no centro de orixe, ademais do almorzo e a comida, aténdese a persoa durante toda a mañá. Do mesmo xeito no centro de destino a atención comeza pola tarde hasta a noite, merenda e cea engadidas. En ambos centros ese mesmo día deben ter contratado ao persoal de atención directa para cumprir coa rateo establecida no contrato tendo en conta, en ambos casos, á persoa que se traslada. Por tanto, ambos centros asumen no día do traslado o custo marxinal de persoal derivado de atender a persoa que se traslada, principal elemento de custe nos centros residenciais, ademais de parte do resto de custes dun día con ocupación plena. O pagamento do servizo por ese día nos dous centros é un criterio de execución dos contratos de servizos de prazas que se ven aplicando dende fai máis de dez anos e que os contratistas coñecen cando formulan as súas ofertas e prorrogan os contratos que teñen. Revisar este suposto e establecer un criterio máis desfavorable para as entidades prestadoras dos servizos necesariamente debería conlevar a revisión tamén doutros casos nos que estas se ven prexudicadas. Tal é o caso dos retrasos nos novos ingresos con motivo das renuncias nos últimos días de prazo das persoas usuarias, que ocasiona que as prazas se atopen vacantes durante un período de tempo considerable.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Reformúlase a recomendación. |





| | |
|----|---|
| R | 8. Sendo a oferta de prazas públicas claramente insuficiente, recoméndase á Xunta que optimice os recursos públicos dispoñibles mediante a total ocupación das prazas residenciais existentes nos centros propios. Debe proceder a cubrir a totalidade das prazas na residencia do Carballiño, que está en condicións adecuadas de funcionamento, e axilizar as obras de reparación dos centros públicos nos que as deficiencias que presentan os inmobles non permiten a plena ocupación. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: Durante o ano 2020 non foi posible maximizar a ocupación dos centros residenciais como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19. Esta crise epidemiolóxica obrigou durante meses a non realizar novos ingresos en centros con positividade, ao tempo que tamén obrigou á reserva de prazas para illamento. Así mesmo, esta ocupación viuse condicionada polo elevado número de renuncias por parte das persoas usuarias ás prazas adxudicadas.</p> <p>No ano 2021 a ocupación está regularizada e a Xunta de Galicia segue a traballar para maximizar esta ocupación.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |

| | |
|----|--|
| R | 9. Mentres non se establezan métodos de contabilidade analítica que permitan a cuantificación dos custos do servizo residencial, a Administración debería, no seu defecto, mellorar o nivel de desagregación da información orzamentaria aos efectos de obter unha aproximación ao gasto ocasionado pola prestación deste servizo. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Consellería de Política Social</p> <p>DECISIÓN: Non Aceptada</p> <p>CONTESTACIÓNS: A desagregación orzamentaria dos gastos correntes de centros residenciais en conceptos distintos do 228 (gastos de funcionamento de centros e servizos sociais) suporía unha complicación para os xestores de cada centro e unha ralentización no caso de ter que realizar axustes mediante modificacións orzamentarias. Por contra non é claro que este desglose mellorase a información dos custes nos centros da que se dispón mediante as ferramentas de xestión dos contratos centralizados e nas administracións de cada residencia. A día de hoxe, se ben require unha dedicación especial, é posible coñecer os custes nos que incorre cada centro.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Toda a Consellería de Política Social</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |



11. INFORME SOBRE OS PROCESOS DE EXTINCIÓN DE ENTIDADES DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXERCICIOS 2010-2016

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

| | |
|---|--|
| R | <p>1. Poñer en marcha os procesos de integración pendentes do persoal dos entes extinguidos homoxeneizando o réxime e condicións de todo o persoal ao servizo dunha mesma entidade.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX da Función Pública</p> <p>DECISIÓN: Aceptada e xa executada</p> <p>ACTUACIÓNS REALIZADAS:</p> <p>Por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma solicitouse informe sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (2010-2016)</p> <p>Normativa xeral aplicable:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia. - Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción. <p>En canto á recomendación do Consello de Contas <u>foi aceptada e xa executada</u>, e a tal efecto procede describir como se cumpriu a dita recomendación:</p> <p>Procedementos de integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia do persoal laboral procedente de entidades instrumentais extinguidas realizados:</p> <p>1) Integración do persoal procedente da extinta Fundación Axencia Humanitaria de Galicia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acordo de extinción autorizado polo Consello da Xunta de Galicia do 21.10.2010 e ratificado por Orde da Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza do 28.10.2010 - Inicio do procedemento de integración por Orde da Consellería de Facenda do 17.12.2014 (DOG núm. 2, do 05.01.2015) - Resolución do procedemento de integración por Orde da Consellería de Facenda do 28.10.2015 (DOG núm. 208 do 30.10.2015) - Total persoal integrado como laboral fixo da Xunta de Galicia: 1 traballadora no Grupo III, Categ.02 (administrativa) <p>2) Integración do persoal procedente da extinta Fundación Galicia Emigración:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acordo de extinción autorizado polo Consello da Xunta de Galicia do 25.11.2010 e ratificado por Orde da Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza do 26.11.2010. - Inicio do procedemento de integración por Orde da Consellería de Facenda do 17.12.2014 (DOG núm. 2, do 05.01.2015) - Resolución do procedemento de integración por Orde da Consellería de Facenda do 28.10.2015 (DOG núm. 208 do 30.10.2015) - Total de persoal integrado como laboral fixo da Xunta de Galicia: 2 traballadoras (Grupo I, Categ. 04, titulada superior e Grupo III, Categ. 02, administrativa) <p>3) Integración do persoal procedente da extinta Sociedade de Desenvolvemento Comarcal (SODECO) no organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As disposicións adicionais 5ª, 6ª e 9ª do Decreto 244/2011 concretan os postos procedentes da extinta SODECO que se adscribirían ao Instituto de Estudos do Territorio e a AGADER. - Inicio procedemento Orde da Consellería de Facenda do 16.01.2015 (DOG núm. 24 do 05.02.2015) - Resolución procedemento Orde da Consellería de Facenda do 06.05.2016 (DOG núm. 91, do 13.05.2016) |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 150 a 189



| | |
|--|--|
| | <p>- Total persoal integrado como persoal laboral fixo Xunta de Galicia: 21 (14 titulados superiores, 2 titulados medios, 4 oficiais servizos técnicos e 1 programador informático).</p> <p>4)Integración dos xerentes das extintas Fundacións para o Desenvolvemento das Comarcas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Disposición adicional primeira do Decreto 129/2010 e artigo 16.3 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas - Inicio do procedemento por Orde da Consellería de Facenda do 17.12.2014 (DOG núm.2, do 05.01.2015) - Resolución do procedemento por Orde da Consellería de Facenda do 28.10.2015 (DOG núm. 208, do 30.10.2015) - Total de persoal integrado como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia: 28 (27 titulados superiores e 1 titulado medio). <p>5)Integración do persoal procedente da extinta Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Decreto 134/2013, do 01.08.2013 autorizou a extinción da Fundación - Inicio do procedemento de integración por Orde da Consellería de Facenda do 01.02.2016 (DOG núm. 05.02.2016) - Resolución do procedemento por Orde da Consellería de Facenda do 20.06.2017 (DOG núm. 119 do 23.06.2017) - Total persoal integrado como persoal laboral da Xunta de Galicia: 49 (25 titulados superiores, 8 titulados medios, 2 administrativos, 5 mestres de taller e 9 auxiliares administrativos) <p>Procedementos de integración pendentes de realización:</p> <p>1)Integración do persoal procedente da extinta Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH): De acordo co previsto na disposición adicional terceira da lei 9/2010, aprobouse o Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial de Augas de Galicia, determinándose, entre outras medidas, a extinción o 30 de xaneiro de 2012 da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos de xeito que o seu persoal pasou a ser persoal da entidade pública empresarial Augas de Galicia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inicio do procedemento de integración por Orde da Consellería de facenda do 25.03.2015 (DOG núm. 65 do 08.04.2015). - Atópase pendente de emitirse informe pola SXT da Consellería de Infraestruturas e Vivenda que conterà a proposta das persoas solicitantes que cumpren os requisitos da normativa para a súa integración do persoal como persoal laboral Xunta de Galicia e os que non os cumpren. - De conformidade co anexo da devandita Orde o número máximo de persoas que poderían integrarse como persoal laboral Xunta de Galicia son 48 (25 titulados/as superiores, 2 titulados/as medios/as, 3 oficiais 1º de topografía, 8 administrativos/as, 2 condutores e 8 auxiliares administrativos/as). <p>2)Integración do persoal procedente do extinto Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico - Financeira e Contable (Cixtec):</p> <ul style="list-style-type: none"> - A disposición adicional quinta da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, autorizou a supresión do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, cuxas funcións serían asumidas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. A mesma disposición adicional estableceu que a supresión do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable debía ter lugar mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, no cal se debía determinar o destino dos seus bens, dereitos e obrigas, así como as medidas aplicables ao persoal que estea prestando servizos no Centro. Ademais, para os efectos orzamentarios, a lei dispuxo como a supresión do ente implicaría a integración das partidas económicas e funcionais de gasto dos seus orzamentos nos orzamentos da Axencia. - DECRETO 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización g l Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 17 do 27.01.2021). - Na Comisión de Persoal do 03.03.2021 aprobouse o proxecto de Orde pola que se inicia o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo procedente do extinto Cixtec. <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Función Pública</p> |
|--|--|



Cod. Validación: 742JYN3F93CME625DZARDY4T | Corrección: https://consellocontasgalicia.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 151 ra 189



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| | PRAZO DE IMPLANTACIÓN: --- |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación |

| | |
|----|---|
| R | 2. Realizar un estudo de avaliación en cada entidade co obxectivo de racionalizar as estruturas resultantes derivadas do persoal asumido e de amortizar e non repoñer as baixas nos postos de traballo non necesarios por duplicados ou redundantes o que reportaría un verdadeiro aforro económico nese horizonte temporal de medio prazo. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa DECISIÓN: Non aceptada. ACTUACIÓNS REALIZADAS: Xa se procedeu a un estudo e avaliación de cada entidade, xa que os tres plans de racionalización do sector público activados foron precedidos dunha avaliación sistemática sobre o funcionamento dos devanditos organismos. Analizouse a estrutura organizativa, administrativa, financeira, de persoal e contractual das distintas entidades, así como a relación destas con outras administracións, institucións ou empresas, a avaliación de cada organismo concluíu cos informes de auditoría correspondentes. ÓRGANO RESPONSABLE: --- PRAZO DE IMPLANTACIÓN: --- |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 3. Culminar o proceso de integración contable e adscrición dos bens das entidades extinguidas ás entidades que asumiron eses medios materiais. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DECISIÓN: CONTESTACIÓNS: Non contestada ACTUACIÓN PROPOSTA: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non contestada. Non aceptada. Mantense a recomendación. |

| | |
|---|--|
| R | 4. Desenvolver o rexistro de entidades do sector público da Comunidade prevista na Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral de Galicia. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada |



CSV: BOPGDSPGAAyInpVWn2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



| | |
|----|--|
| | <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Dende a Intervención Xeral estase a traballar na posta en marcha do rexistro de entidades previsto no artigo 52 da LOFAXGA, dando tamén cumprimento a proposta de resolución número 7 aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión do 26 de marzo de 2019.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



12. INFORME DE SEGUIMENTO DA FISCALIZACIÓN DO ENDEBEDAMENTO AUTONÓMICO. EJERCICIOS 2013-2017


Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións parcialmente aplicadas

| | |
|----|--|
| R | <p>1. A partir do exercicio 2017 a Administración autonómica debера ter garantida a súa capacidade de autofinanciamento en termos de xeración de aforro bruto nun nivel compatible co esforzo anual de redución neta do endebedamento que deba acometer para alcanzar o límite do 13% do PIB no ano 2020, e co sostemento dun investimento público suficiente para manter a competitividade da economía rexional.</p> <p>Os niveis de aforro bruto liquidado da Comunidade Autónoma veñen experimentando un incremento sostido desde o exercicio 2015 ata 2018, compatible co cumprimento dos obxectivos de déficit e débeda pública. A este respecto, segundo as previsións da AIREF contidas nos valores estimados das variables do Indicador composto de Risco sobre sostibilidade da débeda (ICdRSD), a Comunidade Autónoma de Galicia acadaría o valor de referencia do 13% de peso da débeda sobre o seu PIB rexional no ano 2024.</p> <p>Mantense polo tanto a recomendación efectuada no Informe anterior, aínda que referida ao horizonte temporal do ano 2024.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN:</p> <p>DECISIÓN:</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE:</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN:</p> |
| AC | Non válida no marco actual. Retírase a recomendación |

Recomendación

| | |
|----|---|
| R | <p>2. A Administración autonómica deberá continuar cunha xestión prudente da débeda que permita garantir os maiores aforros posibles nos custos financeiros, tendo en conta a existencia de factores de risco significativos, como poden ser cambios nas favorables condicións financeiras do endebedamento autonómico en mans do Estado a través dos préstamos co ICO na Facidade Financeira (FF), un menor crecemento da economía rexional, ou unha menor inflación.</p> |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Xunta de Galicia continúa a desenvolver unha xestión prudente da débeda que permita garantir a sostibilidade da facenda autonómica nos vindeiros exercicios.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: DX de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: En aplicación</p> |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |





13. INFORME DE FISCALIZACIÓN SELECTIVA DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións

| | |
|----|--|
| R | 1. A administración autonómica deberá implementar a posta en funcionamento do rexistro de entidades do Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia, dando cumprimento ao previsto no artigo 52 da LOFAXGA, así como dar publicidade á información prevista no artigo 86 do RD 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de fundacións de interese galego, relativa á relación de fundacións que cumpren os criterios para a súa consideración como fundacións do sector público de Galicia. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Dende a Intervención Xeral estase a traballar na posta en marcha do rexistro de entidades previsto no artigo 52 da LOFAXGA, dando tamén cumprimento a proposta de resolución número 7 aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión do 26 de marzo de 2019 ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021 |
| AC | Aceptada. En proceso de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 2. A Administración Autonómica debería valorar a idoneidade da utilización da figura xurídica da fundación en detrimento doutras previstas e reguladas legalmente, cando a participación pública é exclusiva ou maioritaria na constitución das fundacións e no seu posterior financiamento. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa DECISIÓN: Non aceptada CONTESTACIÓN: A figura xurídica da fundación do sector público autonómico, ao igual que as demais figuras previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, son figuras legais e válidas e a súa utilización pola Administración resulta axustada á normativa e válida. ÓRGANO RESPONSABLE: --- PRAZO DE IMPLANTACIÓN: --- |
| AC | Non aceptada. Mantense a recomendación. |



Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|---|
| R | 3. As fundacións públicas galegas Artesanía de Galicia, Centro Tecnolóxico da Carne e Centro Tecnolóxico do Mar deberán adaptar e relacionar nos seus estatutos as principais actividades encamiñadas ao cumprimento dos seus fins, en cumprimento da lei 12/2006, do 1 de decembro (LFIG). |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DECISIÓN: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non contestada. Non aceptada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 4. As fundacións públicas galegas Galicia Europa, Cidade da Cultura, Rof Codina, Centro Tecnolóxico da Carne, Centro Tecnolóxico do Mar deberán adaptar os seus estatutos ao Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións, no relativo a súa denominación, que deberá conter os termos fundación pública galega. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DECISIÓN: ACTUACIÓNS PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non contestada. Non aceptada. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontastagalia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 136 a 139





| | |
|----|---|
| R | 5. As fundacións públicas galegas deberán elaborar e aprobar regulamentos de réxime interno así como outras normas e disposicións internas relativas a procedementos de xestión económico-financeira, tesourería, persoal e outras. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: A Xunta de Galicia instará ás fundacións públicas galegas á adopción e aprobación de normas internas relativas a este tipo de procedementos.</p> <p>Ademais, impulsará a elaboración dos instrumentos de xestión das fundacións públicas autonómicas, segundo as previsións do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023. (Medida 1.1 do Plan) Para a planificación e coordinación destas actuacións aprobarase un Programa de mellora de xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Os órganos responsables da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso coordinarase e impulsarse dende a DXARA.</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.023</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|--|
| R | 6. Asemade, as fundacións públicas deberán aplicar o modelo normalizado de elaboración do plan de actuación establecido polo PGCESFL, establecendo unha programación das actividades acorde coas relacionadas nos propios estatutos, encamiñadas ao cumprimento dos fins fundacionais, determinando de forma precisa os obxectivos das actividades e os indicadores que permitan verificar o seu cumprimento. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa</p> <p>DECISIÓN: Aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: Procederase a revisar e actualizar a situación dos portais de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, segundo as previsións do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023. (Medida 6.1 do Plan). En particular, na dita revisión, prestarase unha especial atención aos instrumentos propios das entidades instrumentais, entre os que se atopa o plan de actuación.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Os órganos responsables da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso coordinarase e impulsarse dende a DXARA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.023</p> |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 137 a 139



Informe de seguimento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018

| | |
|----|--|
| R | 7. Deberán presentar a información relativa á liquidación do plan de actuación e ao seu grado de execución, na memoria das contas comparados cos datos finalmente executados no apartado: "Actividade da entidade. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios. Gastos de administración" segundo o modelo do PGCESFL. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DECISIÓN: ACTUACIÓN PROPOSTAS: ÓRGANO RESPONSABLE: PRAZO DE IMPLANTACIÓN: |
| AC | Non contestada. Non aceptada. Mantense a recomendación. |

| | |
|----|---|
| R | 8. En materia de transparencia recoméndase ás fundación públicas: a) localizar os portais de transparencia nun lugar mais accesible e visible para os cidadáns b) estruturar a información de acordo coas epígrafes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno c) resolver as deficiencias detectadas en materia de publicidade activa d) incluír un enlace desde as seccións de transparencia das fundacións ao procedemento de solicitude de acceso á información pública da Xunta, para facilitar a súa localización e acceso. |
| C | ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: DX de Avaliación e Reforma Administrativa DECISIÓN: Aceptada ACTUACIÓN PROPOSTAS: Procederase a revisar e actualizar a situación dos portais de transparencia das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia, segundo as previsións do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómica de Galicia 2021-2023. (Medida 6.1 do Plan). No dito proceso abordaranse todas as cuestións formuladas na recomendación ÓRGANO RESPONSABLE: Os órganos responsables da execución final das actuacións son as propias entidades instrumentais. O proceso coordinarase e impulsarase dende a DXARA PRAZO DE IMPLANTACIÓN: 2.021-2.022 |
| AC | Aceptada. Pendente de aplicación. Mantense a recomendación. |



Cod. Validación: 742JYN93CM4E625DZARDY4T | Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 138 a 139





14. INFORME DE FISCALIZACIÓN DOS GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA. EXERCICIO 2017

Nos cadros que se insiren de seguido figuran o texto das recomendacións (R), as contestacións formuladas polas entidades fiscalizadas (C) e a avaliación do Consello de Contas (AC).

Recomendacións

| | |
|----|---|
| R | 1. Recómendase á Consellería de Facenda que estableza criterios de limitación cuantitativa para a utilización do sistema de pagos a xustificar e que non utilice dito sistema cando dispoña da acreditación documental para tramitar os pagos polo procedemento ordinario. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: IXCA</p> <p>DECISIÓN: Non aceptada</p> <p>ACTUACIÓNS PROPOSTAS: O artigo 77 do Texto Refundido da Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia admite tres supostos nos que poden realizarse pagos a xustificar:</p> <p>a) Cando os documentos xustificativos non podan axuntarse antes de efectuar a proposta de pago.</p> <p>b) Cando se considere conveniente a utilización deste sistema para axilizar significativamente a xestión dos créditos.</p> <p>c) Cando as ordes de pago teñan por obxecto satisfacer gastos en localidades onde non existan dependencias do organismo autónomo de que se trate.</p> <p>Os pagos a xustificar estanse a realizar dentro dos parámetros fixados na Lei de Réxime financeiro e orzamentario de Galicia, carecendo de sentido limitar o seu importe cuantitativo; calquera que sexa o importe do gasto realizado, pode resultar máis axeitado e eficiente para a xestión orzamentaria a utilización do sistema de pagos a xustificar, especialmente se se realiza un control rigoroso dos mesmos.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: IXCA</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: ---</p> |
| AC | Non aceptada. Non aplicada. Mantense a recomendación. |




Informe de seguimiento de recomendacións. Exercicios 2012 a 2018


| | |
|----|--|
| R | 2. A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, cara ao futuro, debe limitar na medida do posible os procedementos de contratación directa para o arrendamento de inmobles e dar prioridade aos concursos públicos. Tamén debe regularizar sen máis dilación a totalidade dos arrendamentos dos inmobles en situación de tácita recondución. |
| C | <p>ENTIDADE QUE FORMULA A CONTESTACIÓN: Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio</p> <p>DECISIÓN: Aceptada parcialmente</p> <p>ACTUACIÓN PROPOSTA: No que atinxe á limitación dos procedementos de contratación directa para o arrendamento de inmobles, pode indicarse que os contratos novos xa se están a realizar ordinariamente mediante o procedemento de concurso público.</p> <p>Non obstante, a contratación directa estase a utilizar maioritariamente para formalizar novos contratos sobre os mesmos inmobles xa alugados previamente en base ao amparo legal do artigo 61 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia. A súa xustificación é que isto permite limitar o incremento dos custos que suporía, para a Administración, realizar concursos públicos de todos os arrendamentos que finalicen; custos que terían que ser sufragados polas Consellerías que ocupan os inmobles obxecto de arrendamento, tendo en conta ademais que, salvo escasas excepcións, as Consellerías sempre manifestan a intención de poder continuar no inmovible arrendado nas mesmas condicións.</p> <p>Polo que respecta aos contratos que se atopan prorrogados por tácita recondución, considérase que esta é unha figura prevista no Código Civil perfectamente de aplicación neste ámbito, ao permitir unha maior flexibilidade á hora de tomar decisións que impliquen traslado de oficinas, co menor custo posible.</p> <p>Así pois, a eliminación de inmediato de todos os contratos en tácita recondución iría ligada indefectiblemente a unha elevación dos custos de resolución dos contratos de arrendamento considerando as actuacións que se están levando a cabo na actualidade coa pretensión de maximizar a utilización dos inmobles en propiedade e reducir progresivamente o custo dos contratos de arrendamento, nos supostos en que se permita e analizadas as circunstancias concorrentes en cada caso.</p> <p>ÓRGANO RESPONSABLE: Subdirección Xeral do Patrimonio</p> <p>PRAZO DE IMPLANTACIÓN: Xa implementada parcialmente</p> |
| AC | Aceptada parcialmente. Parcialmente aplicada. Mantense a recomendación |



Cod. Validación: 742JYN3F93CM4E625DZARDY4T | Corrección: <https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 160 a 189



| R | <p>3. Recomendase á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que planifique adecuadamente as contratacións do servizo de limpeza dos edificios administrativos e publique anuncios de información previa no perfil do contratante da Plataforma de contratos da Comunidade Autónoma.</p> | | | | | | | | | | | | |
|-----|---|---------------|---------|---------|-----|--|---------------|-----|--|---------------|-----|---|-------------|
